



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 29 de novembro de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 29 DE NOVEMBRO DE 2024.

*Declaración institucional da Deputación da Coruña co gallo do día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres de 2024.

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións anteriores, número 11/2024 do 25 de outubro e número 12/2024 do 15 de novembro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de outubro ata o 22 de novembro de 2024.
3. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 46247/2024 pola que se avoca a delegación de atribucións a prol de dona María del Mar García Vidal para a dirección e xestión da área de goberno provincial de Política Social, Educación e Mocidade conferidas na Resolución número 29343 do 24 de xullo de 2023.
4. Aprobación da proposición da Presidencia sobre cambio da data da sesión ordinaria do duodécimo mes de 2024.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para cofinanciar o Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2024
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo 2024
7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2024.

Comisión de Deporte

8. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Ferrol para cofinanciar a obra de acondicionamento da instalación de iluminación do terreo de xogo do Estadio Municipal da Malata.
9. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de San Sadurniño para cofinanciar a obra de "mellora na piscina municipal de San Sadurniño e instalacións anexas"
10. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de As Somozas para cofinanciar a obra de "Renovación do céspede artificial no campo de fútbol Alcalde Manuel Candocia"
11. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santa Comba para cofinanciar a realización da obra de "Mellora das instalacións deportivas na parroquia de Ser"



Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

12. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciar o Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público e o correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

13. Aprobación da segunda proposta de continuidade da prestación do contrato de servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña

14. Aprobación da prórroga da vixencia do acordo marco para a implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos Entes Locais da provincia da Coruña.

15. Aprobación da adhesión á Central de Contratación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e adhesión ao contrato centralizado de servizos postais.

16. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns.

17. Aprobación da nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación Provincial da Coruña conforme resolución da Presidencia 44433 de 30 de outubro de 2024.

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

18. Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a outubro de 2024.

20. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2024 e proxección a 31/12/2024.

21. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao terceiro trimestre de 2024.

22. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2024.

23. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza



e Deportes, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da dotación dun vehículo para posto de mando avanzado e adquisición dun vehículo tipo "pick up" para atención ás emerxencias.

24. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Toques respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

25. Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Cee.

26. Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Dodro.

27. Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Muxía.

28. Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Porto do Son.

29. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2024 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

30. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2024 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31. Desestimación das alegacións presentadas e aprobación definitiva do regulamento da carreira profesional horizontal.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

32. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carral para financiar o proxecto "XX Festa do Pan de Carral".

33. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Camariñas para financiar o proxecto "XXXIII edición da Mostra do Encaixe de Camariñas" do 27 ao 31 de marzo de 2024.

34. Aprobación da designación da xerente dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Fragas do Eume, Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal, Os Fogóns do Anllóns, Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle e Casco histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra.

35. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto municipal La Coruña Espectáculos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Desenvolvemento de diversas actuacións artísticas dentro do Festival Noroeste"

36. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "XXX Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros".

37. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "49 edición da Festa do Queixo no ano 2024".

38. Aprobación da addenda ao convenio entre a Axencia de turismo de Galicia e a



Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Fragas do Eume no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU

39. Aprobación da addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

40. Aprobación da formalización dun Convenio administrativo de colaboración co concello de Valdoviño, para a encomenda de xestión da realización do proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Batería de Campelo.

41. Aprobación da formalización dun Convenio administrativo de colaboración co concello de Ares, para a encomenda de xestión da realización do proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Batería de Bailadora.

42. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto "27ª Conferencia Europea en Intelixencia Artificial (ECAI)" no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2024.

43. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para cofinanciar o proxecto de "As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas 2024".

44. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia América polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os gastos de "Acondicionamento da sala destinada ao traballo co pensamento lóxico, programación e robótica do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol de Bos Aires (Arxentina)".

45. Aprobación da segunda prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Miño para financiar o proxecto "Posta en marcha dun espazo de traballo colaborativo "COWORKING MIÑO", no Centro Municipal de Emprego, Emprendemento e Formación", no marco do Plan de Emprego Local (PEL).

46. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) para cofinanciar o Proxecto Ríos na provincia da Coruña, anualidade 2024.

47. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación Busca e Rescate Integral en Emerxencias de Galicia (BRIEGAL) para cofinanciar o proxecto "Grupo de Rescate en Catástrofes".

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

48. Aprobación do proxecto DP 7803 Santiago a Figueiras Mellora do firme punto quilométrico 0 ao 2+500 (Santiago de Compostela)

49. Aprobación do proxecto DP 1601 Ponte do Porto a Camelle Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas).



50. Aprobación do proxecto DP 3204 Reforzo do firme Punto Quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar)

51. Aprobación do proxecto Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 3004 Cabanas ao punto quilométrico 0,86 da DP 0512 punto quilométrico 0+130 - 0+3208 (A Coruña).

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en relación coa necesaria promoción do uso do idioma galego

2.Moción do Grupo Provincial do Partido Popular sobre o abandono dos animais domésticos.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 29 de novembro de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 29 de novembro de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusado:

Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
----------------------------	------

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:12 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Perdoade o retraso. Empezamos co primeiro punto da orde do día. Hai unha declaración institucional.



Sra. Secretaria

Declaración institucional da Deputación da Coruña co gallo do día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres de 2024

Conmemoramos o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres co recente asasinato dunha muller a mans da súa exparella en Baiona. Condenamos este novo crime e manifestamos o noso apoio e solidariedade á familia e ás persoas achegadas da vítima.

Somos conscientes da violencia que aínda sofren as mulleres polo feito de selo e traballamos para conseguir que deixe de ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso para poñer fin á violencia contra as mulleres: é un obxectivo irrenunciábel e prioritario.

Como parte activa da nosa sociedade compartimos ese compromiso, como parte do esforzo colectivo imprescindible para transformar as estruturas que manteñen o machismo e a desigualdade. Amosamos a nosa preocupación polos crecentes discursos e accións negacionistas que confrontamos coa acción institucional da Deputación da Coruña, levando a todos os recunchos da provincia actividades, formación e campañas que precisamente consisten en concienciar sobre a existencia da violencia machista mais tamén en denunciar todas as formas que esta ten. Desgrazadamente, a pesar dos avances, é evidente o moito que queda aínda por facer.

Cómpre reforzar a condena da violencia machista en todas as súas manifestacións e o traballo colectivo na construción dun presente no que ningunha muller sexa vítima desta violencia desde o compromiso activo con remate con esas actitudes patriarcais.

Desde 2003, máis de 1200 mulleres foron asasinadas por homes a mans das súas parellas ou exparellas. No que vai de 2024, foron asasinadas 41 mulleres e presentáronse máis de 95.000 denuncias por violencia machista. Unha sociedade democrática e de dereito debe ser incompatíbel cunha situación de criminalidade constante contra as mulleres.

Desde a Deputación da Coruña reclamamos máis coordinación entre as administracións para que as mulleres vítimas reciban a atención e apoio integral, especializado e que cubra todas as súas necesidades desde servizos 100% públicos.

Hoxe, ademais, cómpre lembrar que a violencia machista non é só o acoso, as agresións físicas ou os asasinatos. Tamén é a violencia económica que priva as mulleres da súa independencia económica ao ter que depender de quen as maltrata; a violencia vicaria pola que os fillos e as fillas tamén son vítimas e obxectivos para facerlles dano ás nais; a violencia dixital das ameazas, acoso e chantaxe na contorna virtual; a violencia sexual, desde a prostitución á pornografía, pasando pola cousificación das mulleres, as condutas violentas nas relacións sexuais ou a submisión química, entre outras.

Nesta data en que se reclama internacionalmente a eliminación da violencia contra as mulleres, debemos lembrar tamén a situación na que están as mulleres de países en situacións de regresión cultural e social, nos que son privadas dos seus dereitos e liberdades fundamentais. É o caso de Afganistán, onde as mulleres están recluídas nas súas casas, sen acceso á educación, ao traballo nin a ningunha relación social. Tamén temos que lembrar hoxe que nas zonas de conflito armado as mulleres son obxecto de abusos, violacións e escravitude sexual con total impunidade. Erguemos tamén a nosa



voz para denunciar estas situacións e reclamar que se cumpran os dereitos humanos máis fundamentais.

Facemos, así mesmo, un chamamento para que se denuncien todas as formas de violencia contra as mulleres. Non pode haber máis silencios cómplices. Xa é tempo de que a vergoña cambie de bando.

Todas as administracións temos que seguir a promover avances na loita contra a violencia machista e a protección das vítimas, incidindo na prevención.

Sr. Presidente

Moi ben. Empezamos co primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación das actas das sesións anteriores, número 11/2024 do 25 de outubro e número 12/2024 do 15 de novembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións anteriores, número 11/2024 do 25 de outubro e número 12/2024 do 15 de novembro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de outubro ata o 22 de novembro de 2024.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de outubro ata o 22 de novembro de 2024.

3.- Dación de conta da Resolución da Presidencia número 46247/2024 pola que se avoca a delegación de atribucións a prol de dona María del Mar García Vidal para a dirección e xestión da área de goberno provincial de Política Social, Educación e Mocidade conferidas na Resolución número 29343 do 24 de xullo de 2023.

Dáse conta de conta da Resolución da Presidencia número 46247/2024 pola que se avoca a delegación de atribucións a prol de dona María del Mar García Vidal para a dirección e xestión da área de goberno provincial de Política Social, Educación e Mocidade conferidas na Resolución número 29343 do 24 de xullo de 2023.

4.- Aprobación da proposición da Presidencia sobre cambio da data da sesión ordinaria do duodécimo mes de 2024.

Vótase a ratificación da inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes. Por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2024 correspondería celebrala o día 27 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023,

PROPOÑO AO PLENO, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao duodécimo mes de 2024 celebrárase o día 20 de decembro, venres, a partir das doce horas".

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para cofinanciar o Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, por importe de 100.000,00 €, concedida para cofinanciar o Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2024 cun orzamento subvencionado de 557.365,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de novembro de 2024.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2024.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Centro Asociado á UNED da Coruña foi creado, de acordo co disposto no Decreto 2310/1972, do 18 de agosto, mediante convenio asinado o 11 de febreiro de 1983, entre a UNED e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como os membros do Padroado naquel momento: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña, Concello de Culleredo, Concello de Betanzos e Banco de Bilbao.

Posteriormente, á vista do crecemento do Centro Asociado da Coruña, o 22 de outubro de 1996, foi asinado un novo convenio entre a UNED e os membros do Padroado: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña e Concello de Ferrol.

Segundo.- Que as disposicións recollidas na Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, na Lei 15/2014, de Racionalización do Sector Público e na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, incidiron moi significativamente na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e no R.Decreto 1317/1995, sobre réxime de convenios da UNED cos Centros Asociados, no senso de facer inescusable a necesidade da constitución dun consorcio como figura xurídica que dera soporte legal ao Centro Asociado á UNED da Coruña.



O dito RD 1317/1995 establece no seu artigo 2.2.h) que “*Los centros asociados llevarán a cabo las actividades de educación permanente y **extensión universitaria** y los programas y actividades especiales que apruebe la Junta de Gobierno de la Universidad, procedentes de acuerdos con instituciones públicas.*”

Terceiro.- Que o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña recolle no art. 8 do seu obxecto "colaborar no desenvolvemento cultural da contorna". Neste senso o Consorcio, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo unha oferta cultural aberta, multidisciplinar e que chega aos lugares máis recónditos da nosa xeografía.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Quinto.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando co Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña no financiamento das súas actividades culturais e científicas.

Sexto.- Que a Deputación da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, CIF Q1500424E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2024.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Os gastos obxecto do financiamento pola Deputación da Coruña son os seguintes, de acordo co Orzamento presentado polo Centro:

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	405.845 €
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	151.520 €
Compras material	22.000,00
Reparacións, mantemento e conservación	17.500,00
Material, Subministracións e outros	106.520,00
Gastos dietas e locomoción e indemnizacións	



por razón de servizo	5.500,00
TOTAL	557.365,00 €

Este orzamento correspóndese coas actividades que se achegan como anexo ao convenio.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **17,94156 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 17,94156 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, asumindo, xa que logo, as seguintes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá



solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.



2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio Universitario do Centro Asociado



á UNED da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, realizada polo menos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

ANEXO.- ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO ORZAMENTO DE GASTOS

Actividade

Microsoft power point e software para presentacións nivel básico

Mediación non ámbito educativo

Microsoft Access e bases de datos. Nivel básico.



Psicoloxía e adolescencia
 Soporte vital básico
 Presentación do libro "Aurora Sampedro. Científica adiantada ao seu tempo"
 A monarquía hispánica como problema histórico
 Dano cerebral adquirido e a súa rehabilitación
 Guía práctica para elaborar e presentar un TFG: a escritura académica nunha contorna dixital
 O dereito da persoa e a súa protección en dereito privado
 A ditadura das redes sociais e ou bullying
 Intervención social coas persoas sen fogar, 2ª parte
 Presentación do libro "Por que o chaman intelixencia artificial se non é intelixente?"
 Situación actual da IA e ferramentas para o día a día
 Preparación ao exame de certificación oficial de Trinity B1, B2 e C1
 Valoración e intervención radiolóxica e da comunicación en técnica auditiva pediátrica
 Glaucoma. A cegueira silenciosa
 Presentación do libro "Cicatrices na selva"
 Microsoft Word e procesadores de texto. Nivel básico
 Introducción á violencia filiofamiliar. Proxecto convivendo
 Xustiza restaurativa. Mediación nos ámbitos penal e comunitario. Prácticas restaurativas
 Animais de compañía e a promoción da calidade de vida e da saúde
 Intelixencia artificial e dereito
 A Coruña. Baía e cidade fortificadas
 Aspectos básicos do Dereito sucesorio e a súa correspondencia no dereito civil de Galicia
 Oestrinios, Saefes e Casitérides. Dunha xeografía monstruosa a unha xeografía metálica ou de cando vos Galaicos entraron na historia.
 A perda auditiva na idade adulta e 3ª idade
 Aprende a manexar o teu computador e a organizar a información
 Prepara a túa oposición. Dereito autonómico galego
 Claves para aprobar unha oposición
 Consentimento e agresións sexuais. A lei do si é si, dá teoría á práctica
 Microsoft Excel e follas de cálculo. Nivel básico
 Álgebra. Espazos vectoriais, aplicacións lineais, bilineais e matriz de Gram
 Prácticas de mediación
 Microsoft Powerpoint e software de presentacións. Nivel básico
 Nacións básicas para documentos e presentacións accesibles
 Tecnoloxía e produtos de apoio para a inclusión educativa
 Mitos e logros do machismo
 Estética para un futuro común
 O papel do catastro na nosa sociedade
 Son as cidades espazos coidadores? A cartografía como elemento de análise e intervención social
 A fotografía e a súa relación coa realizada na era dixital
 Das estatísticas aos datos abertos sobre violencia de xénero
 A tipoloxía textual do inglés: estruturas e estratexias para escribir ensaios, artigos e críticas
 Ferramentas tecnolóxicas avanzadas. Como mellorar a aprendizaxe da gramática en secundaria e bacharelato?
 Primeiras xornadas "Impulsa o teu futuro": emprego, prácticas, bolsas e emprendemento.
 TALLER LEIGO: "De maior quero ser". Orientación para a procura de emprego
 TALLER LEIGO: "E eu Podo emprender? A motivación para o emprendemento
 Que é o neomedievalismo?
 A conquista romana dos galaicos
 O dereito de familia na lei de Dereito civil de Galicia
 Microsoft Access e bases de datos



Aprende a navegar por internet con seguridade
 O proceso de romanización, ou por que falamos en latín?
 A pesca en Galicia en época romana: unha aproximación a través do rexistro arqueolóxico
 Iniciación á mediación. Teoría e práctica
 Mediación na o ámbito civil, mercantil e familiar

ANEXO.- ACTIVIDADES INCLUIDAS NON ORZAMENTO DE GASTOS

Actividade

Seguridade na internet e Redes Sociais
 Microsoft Word e procesadores de textos. Nivel básico
 Microsoft Excel e follas de cálculo. Nivel básico
 Intervención social en persoas sen fogar. 1ª parte
 Prepara a túa oposición. A constitución española de 1978
 Ferramentas de cálculo. Introducción ás ecuacións diferenciais
 Do ensino no Antigo Réxime ao comezo dos sistemas educativos nacionais liberais
 Inglés. Preparación exames Trinity
 Tratamento legal da pederastia
 Agresións a membros de forzas e corpos de seguridade, persoal sanitario e docente: resposta penal
 Branqueo de capitais: investigación e axuizamento
 Taller: Plataformas TIC UNED - PAS
 Coñece a túa biblioteca
 Coñece aos teus representantes: benvida e presentación da Delegación de Estudantes
 Plataformas TIC UNED - Titores
 Información sobre as prácticas profesionais en UNED A Coruña: Prácticas III do Grao de Educación Social e Prácticum do Máster de Formación do Profesorado en todas as súas especialidades
 Xornada de benvida ao profesorado-titor do Centro UNED A Coruña
 Xornada de Benvida ao alumnado: como aproveitar os recursos que te ofrecemos desde o noso Centro
 Taller: Plataformas TIC UNED - Alumnos (Curso 2024/2025)
 Taller: Plataformas TIC UNED - Alumnos (Curso 2024/2025)
 Accións de benvida desde SAAE
 Claves para aprobar unha oposición. 2ª edición
 Violencia filio parental
 A armada española. S. XVII e XVIII
 II edición do taller de resolución de supostos prácticos do corpo de axudantes de institucións penais
 Tratamento penal da violencia de xénero
 Soporte vital básico e primeiros auxilios. Nova edición
 Somos realmente libres? IA, Ciberseguridade e liberdade hoxe»."

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (PP)



ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 13.170,00 €, á Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o *Ciclo Mestre Mateo 2024*, cun orzamento subvencionado de 17.970,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da deputada de cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de novembro de 2024.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para cofinanciar o Ciclo Mestre Mateo 2024

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

Segundo.- Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

Terceiro.- Nestas actividades, ten un carácter fundamental a convocatoria dos *Premios Mestre Mateo* cos que se recoñece a profesionalidade e calidade dun sector en auxe, avalado polos excelentes resultados de crítica, audiencia e público, que fan que actores, guionistas, presentadores, técnicos, directores e produtores sexan referentes tanto dentro como fóra de Galicia.



O Ciclo Mestre Mateo 2024, circuito de cinema galego é un proxecto impulsado pola Academia Galega do Audiovisual que ten como obxectivo principal ofrecer á cidadanía unha programación audiovisual de calidade e de produción galega. A programación do Ciclo está composta polas longametraxes finalistas nos premios do audiovisual galego, Premios Mestre Mateo.

Cuarto.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

Quinto.- A Deputación da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Academia Galega do Audiovisual, con CIF: G15844145, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do Ciclo Mestre Mateo 2024., co seguinte contido:

Longametraxes de ficción (Matria, Fatum, ¡Salta!, O Corno)

Longametraxes documentais (A viaxe de Lucy, Chichi e máis eu, Os espazos en branco, Emoción, vida e teatro)

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

XVII Premios Mestre Mateo

Arrendamentos e canons	8.613,00
Compras de outros aprovisionamentos	400,00
Servizos de profesionais independentes	1.650,00
Publicidade, propaganda e relacións públicas	1.100,00
Outros servizos	150,00
Soldos e salarios	4.554,14
Seguridade social a cargo da entidade	1.502,86

Importe	17.970,00€
----------------	-------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **13.170,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **73,28881 %**



A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **73,28881 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponde á Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Atendendo á solicitude presentada, autorízase á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que poida concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza provincial de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario. A contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non superará o límite máximo do 40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.)

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o



financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable



de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Asociación Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Asociación Academia Galega do Audiovisual.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Asociación Academia Galega do Audiovisual poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometido aos



procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Asociación Academia Galega do Audiovisual serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.



Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; suplementariamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar a Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, por importe de 125.000,00 €, concedida para financiar a Programación para



fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2024 cun orzamento subvencionado de 156.250,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da deputada de cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de novembro de 2024.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2024.*

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Universidade de Santiago de Compostela,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do Proxecto



ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos; e, desde o ano 2016 contribúe ao financiamento da programación cultural, artística e científica da USC.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2024.**

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante.

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entre outras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, polo menos:

1.1.- Programa A Ponte entre a USC e o Ensino Medio que inclúe as seguintes accións: encontros na Zona USC, charlas temáticas, visitas a centros de Ensino medio, acto de recoñecemento aos mellores expedientes de Bacharelato, a USC Camiña: Xornadas de achegamento á Universidade e Programa de Titores.

1.2.- ESTALMAT Galicia, que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarlles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entre outras actividades, as seguintes:

2.1.- Teatro

- Estrea do espectáculo 2024 da Aula de Teatro
- XXVIII Festival de Teatro Universitario

2.2.- Música

- Encontros orquestrais de primavera, verán e nadal da Orquestra da USC



- Ciclo de músicas emerxentes
- Coro Universitario

2.3.- Danza

- XXII Encontro Universitario de Danza
- III Tradifest
- II MigongUSC

2.4.- Exposicións

- Cantantes líricas galegas dos séculos XIX e XX
- A muller que son. Sete arquitectas romanesas
- Arte e oficio en Compostela, o legado Ángel (Ourive)
- Unha risa que non era risa. Arte e efectividade dixital
- Ciclo de exposicións divulgativas:
 - Miradas. Mulleres na arte.
 - O traballo das mulleres na industrialización marítima de Galicia

2.5.- Plan de posta en valor e musealización do patrimonio histórico-artístico da USC.

- Restauración e catalogación do patrimonio histórico-artístico
- Completado do Museo Virtual da USC

2.6 Proxectos artístico-pedagóxicos Faíscas Culturais

O Programa Faíscas Culturais é unha iniciativa que ten como obxectivo prender a reflexión cultural nas aulas da USC e complementar a formación do Estudantado a través de intervencións e actividades de carácter cultural. Cada faísca é un proxecto artístico-pedagóxico que se realiza en coordinación co profesorado universitario de diversas titulacións arredor dun tema relevante para a formación do alumnado, situándose na intersección que existe entre o coñecemento académico e a expresión artística.

2.7 Xornadas de benvida curso 2024-2025

Actividades culturais para incentivar a participación do novo alumnado nas unidades de produción artística da USC (aulas abertas, danza, teatro, coro e orquestra) realizadas no marco das Xornadas de Benvida da USC para iniciar o curso 2024-2025 nos centros docentes do Campus de Santiago de Compostela.

3.- Apoio a congresos e seminarios.

Financiamento parcial de eventos científicos encamiñados ao intercambio de coñecemento que se van celebrar durante o ano 2024 na Universidade de Santiago de Compostela. .

4.- Programa Camiños de Coñecemento e Experiencia (IV Ciclo).

Programa universitario para as persoas de máis de 50 anos das comarcas da contorna de Santiago de Compostela e da súa zona de influencia administrativa e sociocomunitaria, que por diferentes motivos (xeográficos ou económicos entre outros moitos) non poden asistir ao devandito programa de formación para maiores nas instalacións universitarias.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:



Compras de bens destinados á actividade	40.850,00
Servizos de profesionais independentes	43.700,00
Desprazamentos	11.800,00
Primas de seguros	1.500,00
Publicidade, propaganda e relacións públicas	47.700,00
Reparacións e conservación	3.200,00
Seguridade social a cargo da entidade	500,00
Soldos e salarios	2.500,00
Transportes	4.500,00
Total orzamento	156.250,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80,00 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á USC, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da USC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á USC unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtenente, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.



2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto



financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da USC, realizada polo menos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Ferrol para cofinanciar a obra de acondicionamento da instalación de iluminación do terreo de xogo do Estadio Municipal da Malata.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Ferrol, por importe de 750.000,00 €, concedida para cofinanciar o *acondicionamento da instalación de iluminación do terreo de xogo do Estadio Municipal da Malata* cun orzamento subvencionado de 1.499.979,77€ €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Deportes, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de novembro de 2024.

3- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2025 autorice o correspondente Orzamento.

“CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DA MALATA

Na Coruña, a ___de _____de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte Don José Manuel Rey Varela, Alcalde – Presidente do Concello de Ferrol

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das deputacións “rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:....d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra



actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.”

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

O art. 12 da Lei 11/1997, Xeral do deporte de Galicia, establece que corresponde ás Deputacións provinciais no ámbito do seu territorio, fomentar promover e difundir a actividade deportiva, facilitando ao máximo a realización de actividades deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar na promoción da práctica deportiva nos concellos da súa provincia.

O Rácing Club de Ferrol é un club que conta cunha gran tradición na cidade e no deporte pois as súas orixes remóntanse ao ano 1919, constituíndose como Sociedade Anónima Deportiva o 26 de xullo de 2001, pasando a denominarse Rácing Club de Ferrol S.A.D.

O Concello de Ferrol acordou o outorgamento dunha concesión demanial a favor do Rácing Club de Ferrol S.A.D. mediante acordo do Pleno da Corporación de data 28 de abril de 2022, sendo o Estadio Municipal da Malata un ben de dominio público municipal inscrito no Inventario Xeral de Bens de Corporación. Así mesmo o Estadio Municipal atópase cualificado como equipamento comunitario de sistema xeral, no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ferrol.

Na actualidade, segundo os datos da Real Federación de Fútbol e da Liga de Fútbol Profesional, o Rácing Club de Ferrol S.A.D. é un dos equipos da provincia da Coruña inscrito que compite no fútbol profesional, integrado na Liga Hypermotion ou Segunda División da Liga Profesional.

Neste sentido, a Liga de Fútbol Profesional esixe unha serie de requirimentos a todos os clubs que participan no fútbol profesional, moitos en relación coas instalacións das que dispoñen para a celebración da competición, e sinaladamente, os relativos á iluminación artificial, que ten un impacto directo sobre a calidade da imaxe de televisión e, en consecuencia, sobre a percepción audiovisual e do produto audiovisual, tendo que cumprir cos requirimentos mínimos definidos no Regulamento de retransmisións aprobado pola LFP para poder transmitir un sinal de televisión de axeitada calidade e cumprir co Standard de calidade esixible á calidade dixital.

No informe de cumprimento das normas de iluminación e subministración de enerxía para a retransmisión televisiva da Liga de Fútbol Profesional do estadio da Malata, realizado tras unha serie de inspeccións á instalación, determinouse que o sistema de iluminación actual é insuficiente para cumprir cos requirimentos mencionados, requirimentos esixibles a todos os efectos na tempada deportiva 2024/2025, na que o Rácing de Ferrol continuará competindo no fútbol profesional.

O valor da iluminación vertical mantido cara á cámara principal é un 11,45% inferior para unha óptima retransmisión televisiva, os niveis de uniformidade medio e extremo son un 21,6% e 37,5% inferiores aos valores requiridos e os proxectores de re-encendido instantáneo non son suficientes.

É precisa unha renovación completa da instalación, desmontando o sistema existente e



implantando un novo con tecnoloxía LED, dispoñendo o número, tipo, disposición e orientación de proxectores axeitados de xeito que se garanta o cumprimento do Regulamento de retransmisión televisiva, actuacións que deberían estar finalizadas antes do comezo da liga 2024/2025.

Esta circunstancia xustifica a excepcionalidade e urxencia do presente convenio.

Considerando que ademais o Clube contribúe significativamente á economía da cidade, comarca e provincia da Coruña, principalmente nos sectores de hostalaría e turismo.

Con estes fines as partes asinaron, en data 31 de maio de 2024, un protocolo de intencións dos previstos no artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público, co gallo de colaborar nas actuacións de acondicionamento da instalación de iluminación do terreo de xogo do Estadio Municipal da Malata.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de cooperación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1. O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do **Concello de Ferrol, con CIF P1503700E** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de “**acondicionamento da instalación de iluminación do terreo de xogo do Estadio Municipal da Malata**”, de titularidade municipal, e de uso privativo concesionado a favor do Racing Clube de Ferrol S.A.D, co gallo de que éste último poida cumprir cos requisitos esixidos para seguir xogando na súa cidade e provincia de acordo coas condicións definidas no proxecto técnico valorado que se incorpora como Anexo ao presente convenio.

2. Dito obxecto conleva a promoción da cidade, da comarca e da provincia a través da actividade do fútbol profesional de xeito que permitirá a dinamización do sector turístico da zona, fomentando o seu coñecemento e a súa presenza nacional.

3. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

4. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.



II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	1.041.724,96€
Gastos xerais (13,00%)	135.424,24€
Beneficio Industrial (6,00%)	62.503,50€
IVE (21,00%)	260.327,07€
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	1.499.979,77€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **750.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de 50,00067%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios do Concello, unha vez acreditado que a entidade beneficiaria consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **50,00067%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto



efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario que as subvencións concorrentes non superen o importe total do gasto subvencionable efectivamente xustificado para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Procedemento de contratación:

O Concello de Ferrol realizará as obras de acondicionamento da instalación de iluminación do terreo de xogo do Estadio Municipal da Malata a través dos procedementos de contratación pública para conseguir en prazo o obxecto e a finalidade das actuacións a realizar.

Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

2. Execución das obras:

Para a execución das actuacións previstas no proxecto técnico deberá actuar como codirector un técnico designado pola Deputación que subscribirá a acta de comprobación do replanteo, participará na expedición das certificacións de obra, incluída a certificación final e asinará a acta de recepción.

3. As entidades asinantes do presente convenio comprométese a axilizar e priorizar os trámites e actuacións que a cada un lle correspondan nos seus respectivos ámbitos competenciais.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Ferrol estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca (símbolo e logotipo) da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, o Concello deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei



19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se podería proceder a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL), como as obras se contratan polo Concello de Ferrol, a achega provincial aboaranse ao Concello de Ferrol previa presentación de:

1. Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: licitadores, puntuación obtida por el adxudicatario, empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
2. **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
3. Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
4. **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
5. **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

Rematada completamente a obra, **procederíase ao abono do 60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
2. **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
3. **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade se as houbese.
4. Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
5. **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
6. Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**



O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actuacións obxecto de financiamento deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria deixando constancia da data de pago e da identidade do perceptor..



X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. De acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de DECEMBRO do 2025**.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de DECEMBRO do 2026**,

Unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora..

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de



dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada en data _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de San Sadurniño para cofinanciar a obra de "mellora na piscina municipal de San Sadurniño e instalacións anexas"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Concello de San Sadurniño, por importe de 50.000,00 €, para cofinanciar as obras de mellora na piscina municipal de San Sadurniño e instalacións anexas, cun orzamento subvencionado de 64.083,11€, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Presidente da Comisión de Deporte, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de novembro de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

“CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA NA PISCINA MUNICIPAL DE SAN SADURNIÑO E INSTALACIÓNS ANEXAS

Na Coruña, a ___ de _____ de 202_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación Provincial



da Coruña,

E doutra parte D. _____, en representación do **Concello de San Sadurniño**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das deputacións “rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.”

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

O art. 12 da Lei 11/1997, Xeral do deporte de Galicia, establece que corresponde ás Deputacións provinciais no ámbito do seu territorio, fomentar promover e difundir a actividade deportiva, facilitando ao máximo a realización de actividades deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar na promoción da práctica deportiva nos concellos da súa provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de cooperación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1. O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de San Sadurniño, con CIF P1507700A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de "Mellora na piscina municipal de San Sadurniño e instalacións anexas" tal e como aparece definida esta na memoria valorada que figura no expediente.
2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.



3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	44.505,25€
Gastos Xerais (13,00%):	5.785,68€
Beneficio Industrial (6,00%):	2.670,32€
I.V.E.(21,00%):	11.121,86€
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	64.083,11€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 50.000,00€ o que representa unha porcentaxe de 78,02368%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,02368% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con



respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 54 das de execución do Orzamento para o ano 2024, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade



beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telepaticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola



Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de



subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de DECEMBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de OUTUBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das



institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de As Somozas para cofinanciar a obra de "Renovación do céspede artificial no campo de fútbol Alcalde Manuel Candocia".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Concello das Somozas, por importe de 179.083,56 €, para cofinanciar as obras de *Renovación do céspede artificial no campo de fútbol Alcalde Manuel Candocia*, cun orzamento subvencionado de 223.854,46 €, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Presidente da Comisión de Deporte, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de novembro de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

“CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AS SOMOZAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL ALCALDE MANUEL CANDOCIA.



Na Coruña, a ___ de _____ de 202_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de As Somozas**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das deputacións “rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.”

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

O art. 12 da Lei 11/1997, Xeral do deporte de Galicia, establece que corresponde ás Deputacións provinciais no ámbito do seu territorio, fomentar promover e difundir a actividade deportiva, facilitando ao máximo a realización de actividades deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar na promoción da práctica deportiva nos concellos da súa provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de As Somozas** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de cooperación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1.O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de As Somozas, con CIF P1508200A** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de **"Renovación do céspede artificial no campo de fútbol Alcalde Manuel Candocia"** tal e como



aparece definida esta na memoria valorada que figura no expediente.

2.A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	155.465,28€
Gastos Xerais (13,00%):	20.210,49€
Beneficio Industrial (6,00%):	9.327,92€
I.V.E.(21,00%):	38.850,77€
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	223.854,46€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **179.083,56€** o que representa unha porcentaxe de **80,0000 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,0000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados,



reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3. Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto



estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 54 das de execución do Orzamento para o ano 2024, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso



na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que



deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de



Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de DECEMBRO do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de OUTUBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan



na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santa Comba para cofinanciar a realización da obra de "Mellora das instalacións deportivas na parroquia de Ser"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santa Comba, por importe de 70.000,00 €, para cofinanciar as actuacións de *"Mellora das instalacións deportivas na parroquia de Ser"*, cun orzamento subvencionado de 94.505,46 €, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recolleitos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Presidente da Comisión de Deporte, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de novembro de 2024.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.



“CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTA COMBA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NA PARROQUIA DE SER .

Na Coruña, a ___de _____de 202__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de Santa Comba**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das deputacións “rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en especial, os seguintes:...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.”

A Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

O art. 12 da Lei 11/1997, Xeral do deporte de Galicia, establece que corresponde ás Deputacións provinciais no ámbito do seu territorio, fomentar promover e difundir a actividade deportiva, facilitando ao máximo a realización de actividades deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar na promoción da práctica deportiva nos concellos da súa provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Santa Comba** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de cooperación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1. O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das



bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santa Comba, con CIF P1507800I** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de **“Mellora das instalacións deportivas na parroquia de Ser”** tal e como aparece definida esta na memoria valorada que figura no expediente.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	65.633,35 €
Gastos Xerais (13,00%):	8.532,34 €
Beneficio Industrial (6,00%):	3.938,00€
I.V.E.(21,00%):	16.401,77€
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:	94.505,46€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **70.000,00€** o que representa unha porcentaxe de 74,06979%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,06979% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de



execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3. Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e **APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca,



símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na Base 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**



3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel aorespecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E ASÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá



quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagados xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **30 de maio do 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de ABRIL de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdana interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciar o Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público e o correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**1.-** Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 500.000,00 €, á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para financiar o *Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público*, cun orzamento subvencionado de 626.014,12 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Presidencia da Comisión de Política Social, Educación e Mocidade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 13 de novembro de 2024.



3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para Persoas con Enfermidade Mental:Oficina de atención ao público

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental

MANIFESTAN

1.- Que a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental é unha entidade sen ánimo de lucro e, que conforme aos seus estatutos, ten como fins:

I.- O desenrolo de todas aquelas actividades que promovan a saúde e o benestar dos seus asociados.

II.- O apoio ás familias e persoas usuarias dos servizos de saúde mental a través das actividades de axuda mutua, xestión de recursos e soporte social, co propósito de conseguir a máxima atención social á problemática que presentan, así como a propia incorporación na sociedade.

III.- Atención ás necesidades de rehabilitación psicosocial e laboral das persoas con enfermidade mental grave e as súas familias mediante unha atención integral personalizada e facilitando un entorno social normalizado, para lograr a súa autonomía e integración.

IV.- O desempeño dos cargos de tutela, curatela, defensa xudicial e administración de patrimonios protexidos, a favor daquelas persoas afectadas por unha enfermidade mental grave que presenten unha incapacidade legal recoñecida para rexer a súa persoa ou bens; tamén nos casos en que as persoas, ser ter recoñecida a nivel xudicial, unha incapacidade legal atópanse en situación de desamparo e presenten unha problemática de enfermidade mental grave que lles limita para gobernarse a si mesmos, e finalmente por conta de aqueles que ó seu favor se constituíu, por si mesmos ou por un terceiro, un patrimonio protexido, con arranxo ao previsto na Lei 41/2003, de 18 de novembro, de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade.

V.- A promoción da integración familiar, social e laboral de todas aquelas persoas que están dirixidas as actuacións da Asociación.

2.- Que o Anexo 1 realízase para poñer en uso unha parte do edificio, actualmente en



construción, que albergará una Unidade Residencial para persoas con Enfermidade Mental, de 25 prazas. Coas obras que aquí se contemplan, poñerase en funcionamento unha zona do edificio destinada a oficina e se lle dará un uso de "Atención ó Público", así como un impulso á construción do edificio para a súa finalidade de residencia.

3.- No ámbito territorial de actuación (área sanitaria de Ferrol) hai unha ausencia de recursos similares e ningunha outra entidade asociativa desenvolve este tipo de proxectos e actuacións destinados ás persoas con discapacidade derivada dunha enfermidade mental e as súas familias.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental, NIF G15524614, para o financiamento do *Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para Persoas con Enfermidade Mental: Oficina de atención ao público*

O *Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para Persoas con Enfermidade Mental: Oficina de atención ao público*, aparece definido no proxecto realizado por Felipe Picos Brage, Arquitecto Superior, con número de Colexiado COAG 1741 e COAL 12780.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 627.244,49 € co seguinte desagregado:

1 ESTRUCTURA	69.819,87
2 CUBERTA	47.710,43
3 FACHADA, ALBANILERÍA E AISLAMENTOS	216.073,28
4 TABIQUERÍA P.Y.L.	6.135,84
5 FALSOS TEITOS	2.420,09
6 ALICATADOS, CHAPADOS E PINTURAS	5.941,69
7 PAVIMENTOS	3.918,30
8 CARPINTERÍA EXTERIOR	55.126,41
9 CARPINTERÍA INTERIOR	4.245,41
10 CERRAXERÍA.....	3.281,73
11 INSTALACIÓN DE FONTANERÍA E SANEAMENTO	1.590,77
12 APARATOS SANITARIOS	1.006,22
13 CLIMATIZACIÓN	22.500,00
14 INSTALACIÓN ELÉCTRICA PARA RESIDENCIA	3.894,64
15 INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN	1.164,66
16 INSTALACIÓN CONTRAINCENDIOS	305,69
17 URBANIZACIÓN	19.170,20
18 MEDIOS AUXILIARES e CONSUMOS	9.995,12
19 SEGURIDADE E SAÚDE.....	3.430,45



21 XESTIÓN DE RESIDUOS 505,13

IMPORTE DE EXECUCIÓN MATERIAL	478.235,93
13 % Gastos xerais	62.170,67
6 % Beneficio industrial	28.694,15
IMPORTE DE EXECUCIÓN	569.103,75
10 % I.V.E.	56.910,37
TOTAL ORZAMENTO	626.014,12

Elimínase do orzamento a unidade de obra denominada “20 Control de calidade” por importe de 942,44 € por non ser subvencionable e que na **Certificación** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista deberá constar como realizada.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **500.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **79,87040 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,87040 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental o outorgamento



do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- Con carácter previo á contratación, a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

- * **Certificación** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista
- * **Informe técnico** no que se acredite que a obra executada, correspondente á fase financiada pola Deputación, é susceptible de utilización independente.
- * **Factura** expedida polo contratista.
- * **Certificación** de aprobación da mesma polo órgano competente.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- * **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do



vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.



3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos



de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2025**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----



E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.- Aprobación da segunda proposta de continuidade da prestación do contrato de servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña

INTERVENCIONS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días a todas y a todos, compañeras y compañeros de Corporación.

En este punto nosotros no nos vamos a oponer a la aprobación de este punto, es más, lo vamos a votar a favor para no perjudicar a las personas que necesitan este servicio pero, en términos de estricta legalidad, no estamos ante una prórroga, el contrato está vencido y no caben más prórrogas. Estamos en realidad ante una orden de continuidad de servicio basada en el principio de continuidad de los servicios públicos y en la naturaleza y en la importancia de la prestación de la que depende la seguridad doméstica de muchas personas.

Insistimos, no es propiamente una prórroga y tienen suerte de que la propuesta de continuidad de servicio no se ha ganado un reparo. Por cierto, que, con esta orden de continuidad, benefician ustedes a una empresa a la que cuestionan en otros foros. Es curioso, incluso podríamos decir que es paradójico.

Ya hace meses, con motivo, de la primera orden de continuidad del contrato vencido, preguntamos por el retraso de la nueva licitación y no hubo respuesta. No sabemos ya para qué sirven las preguntas orales, que en ocasiones ni se responden en el Pleno en que se formulan, ni en el siguiente, ni por escrito.

Nos reservamos el derecho de pedir explicaciones por la negligente gestión de esta licitación y no nos van a decir en qué términos debemos pedir las explicaciones. En todo caso, quizás se esté acercando una nueva solicitud de comparecencia para que den explicación de esta y de otras cuestiones pendientes de licitación. Nada más, gracias.

Sra. García Vidal

Señor presidente. Bos días compañeiros e compañeiras.

Con respecto ao que vostede acaba de comunicarnos, dende a Política Social, dende o Departamento de Política Social non teremos ningún problema en contestar se nos pode volver a facilitar a pregunta por escrito. E só dicirlle que, como quixemos facer algúns cambios referentes ao contrato e está en Fiscalización, comunicarlles que por iso vémonos na obriga de ter outra prórroga neste contrato, pero coa intención firme de, tan pronto estea resolto en Fiscalización, faremos un novo contrato.

Sr. Ben Otero

Simplemente, para que queden algunas cuestiones claras, no es una prórroga más, ya no se pueden dar, es una orden de continuidad para no dejar de dar el servicio. Las prórrogas se han agotado, el tiempo ha pasado. Yo entiendo de verdad que a veces se nos puede despistar algún contrato pero, oiga, es que son varias veces que están



venciendo los contratos, que se están prorrogando y que no están licitando. Yo creo que tenemos que hacer realmente es, en aquello que es claro el vencimiento de un contrato, sacarlo a licitación, que haya libertad de concurrencia y que los temas estén estrictamente como deben estar, es decir, con contratos en vigor y no poniendo parches cada equis tiempo en diversos temas como ha sido anteriormente en los desbroces u otras cuestiones que están pendientes de salir a contratación. Yo pido, por favor, que presten un poco de atención a la gestión del día a día, que es realmente para lo que, los que están en el gobierno, están aquí. Nada más y gracias.

Sra. García Vidal

Desculpe, señor presidente. Como acabo de afirmar, e como vostede ben dixo anteriormente, hai usuarios aos que non queremos prexudicar. Vostede acaba de falar dunha empresa, e nós a esa empresa pedímoslle un control de fiscalización que cumpríu rigorosamente e de maneira concreta, e simplemente nós estamos velando polo benestar dos usuarios que estamos levando agora mesmo. Se vostede sabe, estamos levando de maneira gratuíta, a Deputación, usuarios non dependentes que necesitan, e sobre todo despois da pandemia, que siga este servizo en vigor. Entón, nós como queremos facer un contrato en condicións, pedimos esta ampliación para que nun novo contrato estea todo medianamente perfecto.

Sr. Ben Otero

Yo, señor presidente, por favor, solo es una última cuestión, dos cuestiones muy sencillas. Primera, nadie pone en cuestión la necesidad del servicio, es más luego, en preguntas, me referiré a una pregunta respecto a esta cuestión. Nadie pone en duda la necesidad del servicio, y creemos que la Diputación hace bien implicándose en esta cuestión, nadie lo pone en duda. Dos, yo no me he referido a ninguna empresa, estrictamente hablando, a ninguna empresa. Y, tres, lo mismo que la empresa a la que usted ha aludido, o que pasa un control de fiscalización, etc., en la Diputación, y yo creo que así es, no me cabe ninguna duda, estoy completamente convencido de que en el resto de administraciones donde presta los servicios pasa exactamente los mismos controles de fiscalización y demás. Nada más y gracias.

Sr. Presidente

Simplemente decir que esta Diputación sigue a rajatabla las directrices de los servicios de Fiscalización y de Contratación, donde claramente, gracias a la conciencia que tenemos de ser prestadores de un servicio financiero e inversor a los ayuntamientos, lógicamente hay departamentos que tienen una carga de trabajo que es crítica, sin duda alguna, y uno es el de Contratación, es evidente.

Polo tanto, pola nosa parte, que haxa prórrogas dos servizos e dos contratos ten toda a lóxica do mundo, tendo en conta que lle dedicamos moito tempo tamén á firma de prórrogas de convenios con concellos que non son capaces de executar os seus servizos e, polo tanto, nós temos que dedicarlle moito tempo no Servizo de Contratación, á parte doutras cuestións que se levan no Servizo. Pero, en calquera caso, esta Deputación, aí están os informes do Consello de Contas, é exemplar na súa xestión, é exemplar tamén lóxicamente nas garantías que ten implementadas nos servizos de Contratación, que por outra parte non son distintos aos que había cando nós chegamos ao goberno.

Procedemos á votación.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**APROBAR** a segunda proposta de continuidade da prestación do contrato de SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, expediente PCO.001.2018.00207, que será executada polo adxudicatario do contrato principal, EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. con NIF A79022299, de conformidade cos pregos que rexen o contrato inicial, aprobados por Resolución da Presidencia número 41532 de data 27 de novembro de 2018 e modificados por Resolución da Presidencia número 3981 de data 4 de febreiro de 2020 para incorporar os requisitos introducidos polo Real Decreto-lei 14/2019, do 31 de outubro, na Lei de contratos do sector público en materia de protección de datos, nas seguintes condicións:

1. Prazo: dende o día 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de xuño de 2025 ou ate a data da entrada en vigor do novo contrato de Teleasistencia, identificado co número de expediente PCO.001.2024.0016, se esta fose anterior ao 30 de xuño de 2025.

2. Presuposto máximo: Será proporcional ao presuposto máximo anual do contrato (864.000,00 €) isto é 432.000,00 euros, distribuído en 6 mensualidades cun máximo de 72.000,00 euros mensuais.

3. Prezos unitarios: Prezos unitarios mensuais que se aplicarán ao servizo de de teleasistencia domiciliaria por persoa usuaria:

concepto	prezo sen IVE	IVE	prezo IVE incluído
a) Prezo para a persoa titular do servizo de teleasistencia domiciliaria	14,35	0,57	14,92
b) Prezo para a persoa usuaria con unidade de control remoto adicional	0	0	0
c) Prezo para a persoa usuaria sen unidade de control remoto	0	0	0

4. Financiamento: a prórroga do contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/22799 do orzamento de 2025, documento contable con número de operación RCP 220249000718.

O financiamento queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio 2025.”

14.- Aprobación da prórroga da vixencia do acordo marco para a implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos Entes Locais da provincia da Coruña.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º) Aprobar a prórroga da vixencia do ACORDO MARCO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA SOLUCIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DOS ENTES LOCAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA, código expediente PCO.001.2019.00090 e a prórroga do prazo de execución da Fase 2 dos contratos baseados no acordo marco, consistente nos servizos de mantemento e soporte, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A., con NIF A81957367 e domicilio na Avenida Deportista Miriam Blasco, 1 bis; 03016 Alicante, nas seguintes condicións:

* Prazo: Do 30 de decembro de 2024 al 29 de decembro de 2025

* Orzamento:

fase	descrición	importe sen IVE	IVE	prezo IVE incluído	número EELL	total IVE incluído
2	Mantemento anual	720,00	151,20	871,20	73	211.992,00
	Soporte anual	1.680,00	352,80	2.032,80		
	total anual fase 2	2.400,00	504,00	2.904,00		

* Condicións: Segundo os pregos aprobados mediante Resolución de Presidencia número 2095 de data 24 de xaneiro de 2020 e a oferta presentada pola empresa.

* Financiamento: O financiamento da prórroga do contrato pode realizarse con cargo á aplicación orzamentaria 0730/49122/22799, RC 220240049390.

O contrato queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas no exercicio correspondente (2025).

Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento

2º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, previo o pago das taxas por formalización de contratos administrativos, e advírteselle de que se non cumprise os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.”



15.- Aprobación da adhesión á Central de Contratación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e adhesión ao contrato centralizado de servizos postais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

2º.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

3º.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

4º.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a Deputación Provincial da Coruña obrígase a:

a) Designar un órgano ou persona de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).

b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.

c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.

d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.

e) En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).

f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

5º.- Facultar ao representante da Deputación Provincial da Coruña para a formalización



de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.”

16.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamirás.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Ames polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamirás, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2.º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3.º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Ames** para cofinanciar as obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamirás, cunha achega provincial de **52.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3230/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **65.88917%** respecto dun orzamento de **78.920,40 euros**.

4.º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES POLO QUE SE INSTRUMENTE UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA TÉRMICA DE CUBERTA E FACHADAS DA EIM O BOSQUE EN BERTAMIRÁS



Na Coruña, a __ de _____ de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, D. _____ o/a representante do Concello de Ames

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Ames** considera de primeira necesidade as obras de **Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións, preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...O Concello de Ames ven experimentando desde fai varios anos un importantísimo crecemento poboacional, senón o maior de toda Galicia, si desde logo un dos mais importantes, e que trouxo consigo que nos últimos 25 anos este Concello pasara duns 10.000 habitantes aos mais de 32.000 que ten na actualidade, é dicir, que triplicou a súa poboación. Este elevadísimo crecemento poboacional presenta tamén unha característica moi peculiar que non se da en outros lugares, e que resulta ser que a maior parte deses novos veciños do Concello son nenos nados en Ames (sobre 350 nacementos/ano, é dicir practicamente nace un neno/a cada día). Este dato por sí solo da unha idea moi clara da



gran cantidade de nenos pequenos que hai neste Concello, o que trae consigo unha gran demanda de prazas de gardería.

As instalacións modulares que pretenden repararse e acondicionar son 3 aulas destinadas a nenos de 1-2 anos e que dan servizo a uns 39 usuarios e nestas instalacións existen servizo sde dormitorio, baño, etc que coas deficiencias actuais non poden utilizarse a pleno rendemento. A maior abundamento estas deficiencias están provocando deterioros na estrutura que resulta necesario atallar para evitar males maiores e que ao final de non solucionarse agora suporán un maior desembolso económico. Coa execución destas obras de reparación e mellora conseguiríase unha instalación acorde a súa demanda, unha redución dos custes de mantemento (menor consumo enerxético pola mellora das condicións térmicas da instalación). Dada a escaseza de recursos económicos deste Concello que ten un elevadísimo gasto corrente debido en boa parte á gran cantidade de servizos que se ve obrigado a prestar polas características da súa poboación composta principalmente por nenos, mozos e xente menor de 40 anos (garderías, escolas deportivas, comedores escolares, tardes divertidas, servizos de conciliación, etc.) non se dispón de recursos económicos suficientes para afrontar a totalidade da inversión para o acondicionamento e mellora térmica da cuberta e fachadas da gardería municipal “O Bosque” de Bertamiráns..”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ames** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Ames con CIF P15002001 , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da EIM O Bosque en Bertamiráns”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Salgado e Liñares SLP de data setembro 2022.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que



se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	54.809,64 euros
Gastos xerais 13,00%	7.125,25 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	3.288,58 euros
IVE (21%)	13.696,93 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	78.920,40 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **52.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **65,88917%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o **65,88917%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3230/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca (símbolo e logotipo) da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

-Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

-**Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.

-Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.

-**Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.



-Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.



VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle



en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende o 23 de xullo de 2021 e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2025**. Así mesmo, producirá tamén efectos retroactivos dende o 23 de xullo de 2021 para a súa xustificación. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do **30 de SETEMBRO de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitud un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á



existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.- Aprobación da nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación Provincial da Coruña conforme resolución da Presidencia 44433 de 30 de outubro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º. Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:

- Aberto ordinario
- Aberto simplificado
- Aberto simplificado abreviado do artigo 159.6
- Restrinxido
- Diálogo competitivo
- Licitación con negociación
- Asociación para a innovación
 - Procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

De maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES	
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) Don Xosé Lois Penas Corral	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) Dona Avia Veira González	
VOGAIS	Secretario xeral (con funcións de asesoramento xurídico) Dona Amparo Taboada Gil	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Oficial Maior Don Miguel Iglesias Martínez	Letrado asesor xurídico Don Andrés Fernández Mestre
	Interventor xeral Don José Manuel Pardellas Rivera	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Interventor adxunto Don Juan Bautista Suárez Ramos	Viceinterventor Don José María Pérez Alvaríño
SECRETARIA CONVOZ E SEN VOTO	Xefa do Servizo de Patrimonio e Contratación Dona Beatriz Méndez López	PRIMER SECRETARIO SUPLENTE	SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE
		Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación Dona María José Lauda Pan	Xefa da Sección II de Patrimonio e Contratación Don Ricardo Maroño Vilaboa
ASISTENTES CONVOZ E SEN VOTO	Deputada provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) Dona Cristina Capelán Cancelo	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) Don José Manuel Lage Tuñas	
	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) Don José Manuel Caamaño López	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) Don José Ramón Amado de la Fuente	



	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) Don Ángel García Seoane	
--	---	--

2º. Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.

3º. Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

4º. Publicar ademáis, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia desta Deputación.”

18.- Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025", cuxo texto figura no Anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas Bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4592/46201, 0430/4592/76201, 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201, tanto no orzamento inicial do exercicio 2025 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe para o financiamento do POS+ 2025.



**BASES REGULADORAS
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2025”**

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2025 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE número 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE número 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE número 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia. Estas Bases redáctanse partindo do previsto na Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña, aprobada polo pleno desta deputación na sesión realizada o 24 de novembro de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincial (BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023 en relación co BOP número 53 do 14 de marzo de 2024.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha “**achega provincial 2025**” por importe de 34.000.000,00 €, que se vai consignar no orzamento provincial 2025, posto que desde o ano 2012 a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais. En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2025 vaise consignar a cantidade de 34.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2025 ao Plan.
- Cunha “**achega provincial 2024**” por un importe total de 33.000.000,00 €, que se consignou no orzamento provincial 2024 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2024.
- Cunha “**achega provincial 2025 extraordinaria**” por importe de 7.000.000,00 €, para o financiamento do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025. En principio, pártese de que nas partidas 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2025 vaise consignar a cantidade de 7.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2025 extraordinaria ao Plan.
- Cunha “**achega provincial**” por un importe de 12.000.000,00 €, que se consignou no orzamento provincial 2024 na partida 0430/4592/46201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2024, para o financiamento do POS+Adicional 3/2025, destinado á redución da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda.

Con isto, o importe total das achegas provinciais destinadas ao financiamento do **POS+2025, do POS+Adicional 1/2025 e do POS+Adicional 3/2025 ascende a 86.000.000,00 €**, como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación
POS + 2025	Achega provincial 2025	34.000.000,00
	Achega provincial 2024	33.000.000,00
	Subtotal POS+2025	67.000.000,00
POS + AD 1/2025	Achega extraordinaria 2025 (social)	7.000.000,00
POS + AD 3/2025	Redución débeda dos concellos coa deputación ou gasto corrente	12.000.000,00
T O T A L		86.000.000,00



Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2025, o POS+ 2025 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na base 6.

Por iso, a aprobación destas Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2025, como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe ao longo dos anos 2025, 2026 ou 2027 para o financiamento do POS+ 2025. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos as deputacións aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

FINALIDADE

O POS+ 2025 continua na liña iniciada no POS+ 2017, que introduciu importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2025, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo ao superávit, como doutro tipo, que anteriormente daban lugar a novos Plans.
- **Racionalizar e obxectivar** a colaboración desta deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que antes estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, se suprímense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial a este Plan, que deste modo se ve incrementada, o que ademais **simplifica as tarefas administrativas dos concellos** na realización de trámites; e por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se veñen empregando no POS.

As liñas de subvencións desta deputación cuxas dotacións orzamentarias se sumaron ao POS+ desde o exercicio 2017 son as que deseguido se indican:

FO201	Cultura actividades
FO202	Cultura Investimentos
FO101	Deportes actividades
FO102	Deportes Investimentos
FOAYAA	Promoción económica actividades
FOAYIA	Promoción económica investimentos
DP007	Turismo actividades
DP0006	Turismo investimentos
FOAXCA	Desenvolvemento Servizos Sociais
FOI00B	Políticas de igualdade
FO036A	Envellecemento activo

É importante salientar que o importe das achegas provinciais destinadas desde o 2017 a estas liñas de subvencións se sumou á dotación do POS+ 2017 ao 2024, e tamén se suma á do POS+2025, incrementándose os créditos inicialmente destinados ao POS+ cos que ata entón se destinaban a financiar estas liñas de subvencións suprimidas.



Polo tanto, os concellos poderán financiar con cargo aos seus propios recursos as actividades e investimentos anteriormente incluídos nas ditas convocatorias de subvencións, por quedar liberados créditos municipais despois de recibir unha maior achega provincial a través do POS+, de modo que este novo sistema non implica unha maior achega do concello.

En consecuencia, para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus orzamentos a cantidade que anteriormente financiaba a deputación con subvencións finalistas.

- **Facer un Plan dinámico**, que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera.

- **Dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade** mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a **planificación da actividade** do concello.

OBXECTO

Neste POS+2025, os concellos poden solicitar a aplicación das achegas provinciais asignadas ao financiamento dos seus gastos correntes ou para a realización de investimentos, pero se suprime o obxecto que fora incluído no POS+ 2024 para a redución da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial, posto que xa ten un instrumento propio a través do POS+Adicional 3/2025 regulado na base 14.

Tamén se mantén nesta anualidade a supresión do obxecto denominado “Pago a provedores” previsto nas Bases dos POS+ 2017 ao 2021 e o da “Redución da débeda dos concellos con entidades financeiras” previsto ata o POS+ 2023.

Polo tanto, para acadar as finalidades deste POS+2025, os concellos poderán solicitar o financiamento dos seguintes obxectos:

- GASTO CORRENTE

O concello poderá destinar a “achega provincial 2025”, e neste exercicio 2025 tamén a “achega provincial 2024”, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2025 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas bases 2.1 e 5.B.1

- REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

O concello poderá destinar a “achega provincial 2025” e a “achega provincial 2024” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- GASTOS SOCIAIS

O concello poderá destinar a “achega provincial 2025 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na base 12, a través do "POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025".

- REDUCIÓN DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN POLA UTILIZACIÓN DE PRÉSTAMO PROVINCIAL OU PARA GASTO CORRENTE DOS CONCELLOS SEN ESTA DÉBEDA

O concello poderá destinar esta “achega provincial extraordinaria” á redución da débeda que teñen coa deputación pola utilización do préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 e 2016 e no POS+2017 a 2023, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda.



En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega provincial destinada ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan:

POS+2025 + POS+ADICIONAL 1/2025 + POS+ADICIONAL 3/2025			
TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO			
POS+2025		POS+AD 1/2025	POS+AD 3/2025
ACHEGA PROVINCIAL 2025 (34.000.000,00 €)	ACHEGA PROVINCIAL 2024 (33.000.000,00 €)	ACHEGA SOCIAL 2025 (7.000.000,00 €)	ACHEGA PROVINCIAL (12.000.000,00 €)
Gastos correntes devengados no 2025	Gastos correntes devengados no 2025		
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles (IFS)		
		Gastos sociais exercicio 2025	
			Redución débeda coa deputación ou gasto corrente

A continuación descríbense os posibles obxectos do POS+2025.

Respecto do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios, na base 12 contense a súa regulación específica, e respecto do POS+Adicional 3/2025 para redución da débeda dos concellos coa deputación ou para gasto corrente, na base 14 contense a súa regulación específica.

2. 1 Financiamento de gastos correntes (achegas provinciais 2024 e 2025)

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a “achega provincial 2025”, e neste exercicio tamén a “achega provincial 2024”, ao financiamento dos seus gastos correntes, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar unha previsión dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, que se prevé que se devenguen durante o exercicio 2025.

O concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de só dous servizos públicos obrigatorios, coa finalidade de poder identificar as principais necesidades dos concellos e que así esta deputación poida orientar a súa actividade e, ao mesmo tempo, para simplificar a tramitación administrativa municipal, evitando a súa dispersión en múltiples obxectos.

Non obstante, para que esta esixencia non prexudique a ningún concello, prevese a posibilidade de que motivadamente se xustifique a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous servizos para utilizar a achega provincial que considere conveniente.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, alumeadado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos obrigatorios en cada concello, sempre que se devenguen no exercicio 2025. Os custos de persoal poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais, ou cando estean destinados parcialmente, na parte proporcional que corresponda.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo



Poderá solicitarse o financiamento provincial con cargo ao POS+ 2025 para o financiamento da cantidade efectivamente financiada polo concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

2.2 Financiamento de obras ou subministracións (achegas provinciais 2024 e 2025)

Neste Plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Se os investimentos teñen por obxecto, en todo ou en parte, actuacións de abastecemento municipal de auga potable, para o caso de que o IVE soportado sexa deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial, debendo determinarse xa no momento da presentación da solicitude de participación no Plan, nos Anexos I, V e X b), o importe concreto de IVE deducible non subvencionable.

En todo caso, deben ser investimentos para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, aptos urbanisticamente e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, esta deputación aprobará estes investimentos condicionados a que o concello xustifique a súa obtención.

Os proxectos e os pregos de prescricións técnicas deberán presentarse para todas as obras e subministracións incluídas neste Plan, tanto do Plan Base como do Plan Complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de 30.000,00 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 18.000,00 € (IVE incluído). Non obstante, para o caso de Plans Adicionais, se a achega provincial asignada é inferior a 18.000,00 €, o concello poderá solicitar unha subministración cun orzamento inferior, para axustarse á achega provincial asignada.

Cada obra ou subministración debe ter carácter de completo, no sentido de poder entregarse ao uso público, e ademais identificarse cun único proxecto ou prego de prescricións técnicas, debendo estar asinado por técnico competente.

Cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, de forma que cada investimento aprobado poida corresponderse cun único expediente de contratación e cun só adxudicatario, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE número 272 do 9 de novembro de 2017), relativo á división e adxudicación en lotes. En consecuencia, se o investimento é divisible en lotes deberá solicitarse de forma individualizada en proxectos ou pregos independentes.

Non obstante, o concello poderá solicitar incluír neste Plan un proxecto ou prego susceptible de división en lotes sempre que o órgano de contratación acorde motivadamente non dividir en lotes o obxecto do contrato, xuntando xa coa solicitude de participación neste Plan o acordo ou resolución que así o xustifique validamente, utilizando os motivos que, de acordo co previsto na citada norma, o concello considere aplicables.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos do Plan, incluíndo sempre un nome propio na denominación.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluírán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta deputación, que constituíe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local. Recoméndase consultar a “ficha municipal” cos datos do concello que figura na páxina web desta deputación, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos, en especial a ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia. Os datos dese concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivará na correspondente Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (Anexo II).



Investimentos financeiramente sostibles

(Investimentos financiados con “Achega provincial 2024” e investimentos incluídos no “Plan Complementario”).

Para o caso dos investimentos que se soliciten con cargo á “achega provincial 2024” e do “Plan Complementario”, debe terse en conta que deben ser “investimentos financeiramente sostibles” e cumprir os requisitos fixados na disposición adicional decimosexta da Lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada polo Real decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo (BOE número 73 do 24 de marzo de 2018) coa modificación introducida polo Real decreto-lei 7/2019, do 1 de marzo (BOE número 55 do 5 de marzo de 2019).

Esta disposición concreta os requisitos obxectivos, subxectivos e formais dos investimentos “financeiramente sostibles” que poden financiarse con superávit orzamentario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

De acordo con tales disposicións, os investimentos financeiramente sostibles que se soliciten dentro deste Plan, deben ter reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada disposición adicional decimosexta da Lei de facendas locais, de entre os programas previstos na Orde EHA do 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP do 14 de marzo de 2014, co que os programas actualizados son os seguintes:

- 160.** Rede de sumidoiros
- 161.** Abastecemento domiciliario de auga potable
- 162.** Recollida, eliminación e tratamento de residuos
- 165.** Alumeado público
- 172.** Protección e mellora do medio natural
- 412.** Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
- 422.** Industria
- 425.** Enerxía
- 431.** Comercio
- 432.** Información e promoción turística
- 441.** Transporte de viaxeiros
- 442.** Infraestruturas do transporte
- 452.** Recursos hidráulicos
- 463.** Investigación científica, técnica e aplicada
- 491.** Sociedade da información
- 492.** Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponderse cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos destes programas superior a 15 millóns de euros ou ao 40% do gasto non financeiro total da entidade local respectiva, e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento, requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Facenda.

- 132.** Seguridade e orde pública
- 133.** Ordenación do tráfico e do estacionamento
- 135.** Protección civil
- 136.** Servizo de prevención e extinción de incendios
- 152.** Vivenda
- 153.** Vías públicas
- 171.** Parques e xardíns
- 231.** Asistencia social primaria
- 321.** Creación de centros docentes de ensino infantil e primario
- 323.** Funcionamento de centros docentes de ensino infantil, primario e educación especial
- 332.** Bibliotecas e arquivos
- 333.** Equipamentos culturais e museos



336. Protección do patrimonio histórico-artístico

342. Instalacións deportivas

453. Estradas

454. Camiños veciñais

933. Xestión do patrimonio no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público, incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.-

Quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario e *enseres*, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no apartado anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participarán esta deputación e, de ser o caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

Para o caso de investimentos que consistan, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, para o caso de que o IVE soportado sexa deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial. O importe do IVE soportado deducible que é aplicable deberá ser informado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello no Anexo X b), baseándose no indicado en relación con este aspecto no Anexo V e indicarse no cadro de financiamento do investimento no Anexo I.

4.1.- Achega provincial

Segundo se indica na base 1, o Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda.

- Cunha “**achega provincial 2025**” por importe de 34.000.000,00 € que se vai consignar no orzamento provincial 2025, posto que desde o ano 2012 a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais. En principio, pátense de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2025 vaise consignar a cantidade de 34.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2025 ao Plan.

- Cunha “**achega provincial 2024**” por un importe total de 33.000.000,00 €, que se consignou no orzamento provincial 2024 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2024.

- Cunha “**achega provincial 2025 extraordinaria**” por importe de 7.000.000,00 €, para o financiamento do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025. En principio, pátense de que nas partidas 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2025 vaise consignar a cantidade de 7.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2025 extraordinaria ao Plan.

- Cunha “**achega provincial**” por un importe de 12.000.000,00 €, que se consignou no orzamento provincial 2024 na partida 0430/4592/46201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 5/2024, para o financiamento do POS+Adicional 3/2025, destinado á redución da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda.



Con isto, o importe total das achegas provinciais destinadas ao financiamento do **POS+2025, do POS+Adicional 1/2025 e Adicional 3/2025 ascende a 86.000.000,00 €**, como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación
POS + 2025	Achega provincial 2025	34.000.000,00
	Achega provincial 2024	33.000.000,00
	Subtotal POS+2025	67.000.000,00
POS + AD 1/2025	Achega extraordinaria 2025 (social)	7.000.000,00
POS + AD 3/2025	Redución débeda dos concellos coa deputación ou gasto corrente	12.000.000,00
TOTAL		86.000.000,00

Dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS+ 2025 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na base 6.

As cantidades que inicialmente se lle asignan a cada concello no POS+2025 e no POS+Adicional 1/2025 e POS+Adicional 3/2025 calcúlanse mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS+ a todas as achegas provinciais.

Os criterios de reparto do POS son os seguintes:

- 10% cota fixa
- 5% esforzo fiscal
- 15% número de parroquias
- 35% poboación (só a poboación rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
- 35% superficie

O cálculo de cada un destes criterios de reparto, así como a fonte e data de referencia que se aplican, son os que deseguido se indican:

- Respecto ao primeiro criterio de reparto (10% de cota fixa), calcúlase distribuíndo o 10% do total da achega provincial ao Plan de xeito lineal entre os 93 concellos da provincia, aínda que no caso do concello fusionado de Oza-Cesuras, aplicaráselle dúas cotas fixas, coa finalidade de non causarlle prexuízos pola dita fusión.

- Respecto ao segundo criterio de reparto (5% do esforzo fiscal), este parámetro obtense directamente das liquidacións dos orzamentos aprobadas por cada concello, dividindo o importe dos dereitos liquidados nos capítulos I (impostos directos) e II (impostos indirectos) do orzamento de ingresos entre a poboación do dito concello, tomando como referencia os datos orzamentarios de 2023 publicados na páxina web do Ministerio de Facenda. Para o cálculo da poboación tómanse como referencia as cifras oficiais de poboación do Padrón municipal de habitantes correspondentes ao 1 de xaneiro de 2023, aprobadas polo Real Decreto 1085/2023, do 5 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2023 (BOE número 306, do 23 de decembro de 2023) e publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

- No tocante ao terceiro criterio de reparto (15% número de parroquias), calcúlase aplicando os datos do Nomenclátor estatístico de Galicia correspondentes a 1 de xaneiro de 2020 publicados polo IGE.

- Respecto do cuarto criterio (35% poboación), excepto para os concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, calcúlase aplicando as cifras oficiais de poboación do Padrón municipal de habitantes correspondentes ao 1 de xaneiro de 2023, aprobadas polo Real Decreto 1085/2023, do 5 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2023 (BOE número 306, do 23 de decembro de 2023) e publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE).



Para calcular a poboación rural dos concellos de máis de 50.000 habitantes, tómanse como referencia os datos enviados para estes efectos polo Servizo de Estudos do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que empregou dúas fontes de información: Padrón municipal de habitantes do Instituto Nacional de Estadística (INE) a 1 de xaneiro de 2019 (número de empadronados) e a clasificación GU 2016 do IGE (grao, e subgrao de urbanización das parroquias).

- Respecto do quinto criterio (35% superficie), utilízanse os datos publicados a 1 de xaneiro de 2020 polo IGE.

A cada concello comunicáraselle a cantidade que se lle asigna por cada un dos tipos de achega provincial ao POS+ 2025, "achega provincial 2025" e "achega provincial 2024", ao POS+Adicional 1/2025 ("achega provincial 2025 extraordinaria" para gastos sociais) e ao POS+Adicional 3/2025 (para a redución da débeda do concello coa deputación ou para gasto corrente), e o concello poderá destinala aos distintos obxectos do Plan respectando para cada tipo de achega provincial as indicacións contidas na base 2, especialmente na táboa denominada "POS+2025 + POS+Adicional 1/2025 + POS+Adicional 3/2023: táboa cos tipos de achega provincial e posibles obxectos para cada tipo".

4.2.- Achega municipal

A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberá indicarse a parte que se financia con cargo á deputación e, de ser o caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, e despois minorará a achega da deputación.

4.3.- Plan Complementario e Plan Adicional

A deputación aprobará o Plan Base da anualidade 2025 xunto cun Plan Complementario que se xestionará como se indica nesta base e que poderá servir de base para elaborar un posterior Plan Adicional. Só poderán incluírse neste Plan Complementario "investimentos financeiramente sostibles", segundo se definen no apartado correspondente da base 2.2.

O Plan Complementario ten natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir ao longo do exercicio 2025, a través dun Plan Adicional 2/2025, tanto os créditos procedentes dunha "maior achega provincial" a este Plan, que se distribuirá entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos na base 4.1, como os créditos necesarios para realizar o "reinvestimento", nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación, anulacións de investimentos, economías de máis de 5.000,00 € e outras achegas provinciais non aplicadas polos concellos procedentes do POS+2020 ao POS+ 2022, aínda que podería ampliarse, que non foron previamente reinvestidas.

Con cargo á cantidade asignada procedente da "maior achega provincial", os concellos poderán financiar os investimentos financeiramente sostibles solicitados inicialmente no Plan Complementario ou outros novos, ou ben, excepcionalmente, dependendo da orixe dos fondos da deputación e da vixencia ou non das regras fiscais, máis gasto corrente do ano 2025, distinto do financiado con cargo ao Plan Base se así se solicitou.

Con cargo a achega provincial procedente do "reinvestimento" das baixas de licitación, anulacións de investimentos, economías de máis de 5.000,00 € e outras achegas provinciais non aplicadas polos concellos procedentes do POS+2020 ao POS+2022, ou doutro ano posterior, unicamente poderán financiarse investimentos financeiramente sostibles, tanto dos solicitados inicialmente no Plan Complementario como outros novos, sen poder destinalo ao financiamento de máis gasto corrente.



Ambas achegas provinciais procedentes da "maior achega provincial" e do "reinvestimento" poderán sumarse para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles. Todo isto realizarase, de ser o caso, segundo as instrucións que esta deputación lles enviará aos concellos no seu momento.

Se os investimentos teñen por obxecto, en todo ou en parte, actuacións de abastecemento municipal de auga potable, para o caso de que o IVE soportado sexa deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial, debendo determinarse xa no momento da presentación da solicitude de participación no Plan, nos Anexos I e X b), o importe concreto de IVE deducible non subvencionable, baseándose no indicado en relación con este aspecto, no Anexo V, e tamén deberá indicarse no cadro de financiamento do investimento no apartado 2 do Anexo I relativo ao Plan Complementario.

Por iso, no POS+2025 é obrigatorio para os concellos solicitar "investimentos financeiramente sostibles" dentro do Plan Complementario por un importe mínimo do 25% da achega provincial 2025, aínda que se aconsella que sexa maior.

En síntese, esta deputación aprobará, xunto co Plan Base, o Plan Complementario, integrado por investimentos financeiramente sostibles que terán carácter supletorio e cuxa aprobación definitiva quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente procedente dos incrementos da achega provincial que, de ser o caso, se aproben posteriormente, ou do reinvestimento citado.

No momento de iniciar a elaboración do Plan Adicional, a deputación dirixirase aos concellos comunicándolles a cantidade de que poden dispoñer e solicitándolles que presenten os documentos necesarios para a elaboración do Plan Adicional. Se o concello inclúe varios investimentos no Plan Complementario, poderá decidir no seu momento aqueles aos que vai aplicar a nova cantidade asignada, con independencia da súa orde de relación no dito Plan.

5.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña: www.dacoruna.gal. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao Rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o **luns 9 de decembro de 2024 e rematará ás 15.00 horas do venres 7 de febreiro de 2025**.

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello, mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, de acordo co seu carácter substancial ou non.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da súa solicitude, e por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación, debendo empregar necesariamente os modelos que figuran como Anexos a estas Bases e nas instrucións desta deputación.

5.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do Acordo e por unha Memoria xustificativa da súa solicitude:



– Certificación do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do Acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste Plan para a realización dos posibles obxectos previstos na base 2, detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e, de existir achega municipal, o seu financiamento desagregado, así como a cantidade de IVE soportado cando sexa deducible nos investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable, e o demais contido previsto no Anexo I.

Non obstante, os municipios de gran poboación, formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o Acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no Plan se voluntariamente existe achega do concello.

No caso de que esta deputación elabore un Plan Adicional os concellos presentarán as súas solicitudes segundo o previsto na súa base específica e as instrucións da deputación.

- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)

A Memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos que se pretenden alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente, os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.

- Criterios de selección dos distintos obxectos do Plan.

- Análise das actuacións practicadas ou previstas sobre xestión de residuos urbanos (En cumprimento dunha suxestión da Valedora do Pobo)

- Para o caso de concellos que teñan tubaxes de fibrocemento con presenza de amianto nas súas redes de abastecemento de auga ou saneamento, análise das medidas practicadas ou previstas para a súa redución ou retirada, para impulsar a aplicación do disposto na disposición adicional 14 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. (En cumprimento dunha suxestión da Valedora do Pobo).

- Financiamento. Tamén se analizará e xustificará o plan financeiro previsto, no que se deberá reflectir, se algún investimento consiste, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, o importe de IVE soportado cando sexa deducible, que non terá carácter de gasto subvencionable e polo tanto non consumirá achega provincial.

- Se é necesario, outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

5.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS

5.B.1.- Gasto corrente (ANEXO III)

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2025

No suposto de que o concello opte por destinar, en todo ou en parte, a “achega provincial 2025” ou a “achega provincial 2024” ao financiamento dos gastos correntes do concello, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como Anexo III a estas Bases, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2025 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos



obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, referidos aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.1.

No dito Anexo III deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de **só dous servizos públicos obrigatorios**, coa finalidade de poder identificar as principais necesidades dos concellos e que así esta deputación poida orientar a súa actividade e, ao mesmo tempo, para simplificar a tramitación administrativa municipal, evitando a súa dispersión en múltiples obxectos.

Non obstante, para que esta esixencia non prexudique a ningún concello, prevese a posibilidade de que motivadamente se xustifique a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous servizos para utilizar a achega provincial que considere conveniente.

5.B.2.- Obras e subministracións

5.B.2.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan Base como do Plan Complementario, co contido establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para o caso de que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte a obra e en parte a subministración, atenderase ao carácter da prestación principal, de acordo co disposto no artigo 18 da citada norma.

Obras

No caso das obras, os **proxectos técnicos** deberán presentarse nun só documento e comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 233 da Lei 9/2017, que en síntese son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orden que deban terse en conta. Non se admiten obras cuxo único obxecto sexa a demolición. No caso de incluír varias obras deberán ter carácter homoxéneo.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, de ser o caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista, e a maneira na que se realizará a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orçamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, de ser o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. Non se admiten obras con financiamento plurianual.

Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc, nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do proxecto. Tampouco poderán incluírse os recoñecementos



médicos, nin as casetas de obra para oficina ou almacenaxe e as súas acometidas de auga e electricidade.

Non poderá incluírse o custo do cartel da obra, por ser a cargo do adxudicatario, o custo do control de calidade externo por ser de conta da Administración promotora do investimento nin o control de calidade interno por constituír un gasto imputable ao adxudicatario. Polo tanto, o control de calidade (interno e externo) non pode figurar como partida independente no orzamento do proxecto.

Todos os equipamentos que se integren no orzamento do proxecto deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto. Consideraranse partidas alzadas as correspondentes á xestión de residuos e á seguridade e saúde a menos que teñan prezos descompostos.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, de ser o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE número 38 do 13 de febreiro de 2008).

h) O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.

i) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

É importante salientar que non se poden facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos, etc.). Unicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da citada Lei 9/2017 e neste caso deberá engadirse a mención «ou equivalente».

Así mesmo, para facilitar a supervisión técnica dos proxectos polo servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, especialmente os relativos á edificación, os proxectos presentaranse obrigatoriamente coa seguinte estrutura:

1. Memoria (para os proxectos de edificación co contido e estrutura do Anexo I do CTE)

- 1.1. Memoria descritiva
- 1.2. Memoria construtiva
- 1.3. Xustificación do cumprimento do CTE (só para edificación)

2. Anexos á memoria

- 2.1. Anexo administrativo
 - Prazo de execución
 - Declaración de obra completa
 - Proposta de clasificación (ou xustificación de innecesariedade)
 - Proposta de fórmula de revisión prezos (ou xustificación de innecesariedade)
 - Dispoñibilidade dos terreos
- 2.2. Programa de desenvolvemento do traballo con previsión de tempo e custo
- 2.3. Estudo xeotécnico (ou xustificación de innecesariedade)
- 2.4. Estudo de seguranza e saúde ou, de ser o caso, estudo básico



- 2.5. Estudo de xestión de refugallos
- 2.6. Xustificación da normativa de aplicación
- 2.7. Cálculos preceptivos: instalacións, eficiencia enerxética, estruturas,...
- 2.8. Plan de control de calidade
- 2.9. Expropiacións
- 2.10. Servizos afectados

3. Planos

- 3.1. Plano de situación
- 3.2. Plano de emprazamento
- 3.3. Plano de urbanización
- 3.4. Planos do edificio existente antes da intervención, no seu caso
- 3.5. Plantas xerais, incluída a de cubertas
- 3.6. Alzados e cortes
- 3.7. Planos de estrutura
- 3.8. Planos de instalacións
- 3.9. Planos de definición construtiva
- 3.10. Memorias gráficas

4. Prego de prescricións técnicas particulares

5. Orzamento

- 5.1. Prezos unitario
- 5.2. Prezos auxiliares
- 5.3. Prezos descompostos
- 5.4. Medicións e orzamento
- 5.5. Resumo do orzamento (O control de calidade non pode figurar como partida do orzamento)

No caso de engadir un documento non previsto, sería recomendable facelo ao final do apartado correspondente (por exemplo con número 1.4 no caso de querer incorporalo na memoria ou co número 6 se debe formar parte da estrutura xeral do proxecto).

Subministracións

No caso de subministracións, os **pregos de prescricións técnicas** deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada. No caso de incluír varias subministracións, estas deberán ter carácter homoxéneo.

b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no último parágrafo relativo aos investimentos, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE). Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc, nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do prego. Non obstante, poderán incluírse os gastos da Inspección técnica de vehículos (ITV) ou cursos de formación do manexo da subministración.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación "Etiqueta CE".

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc. para evitar limitar a competencia.

No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento deberá indicarse que o prezo inclúe o prezo do transporte.



A subministración deberá comprender, de ser o caso, a instalación dos obxectos da subministración, non admitíndose a mera entrega nun almacén. Non obstante, admitirase a colocación das subministracións polo persoal municipal, pero nestes casos deberá indicarse expresamente no prego, e a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego e entregados ao uso público.

c) Lugar e prazo de entrega

d) Prazo de garantía

e) Documentos gráficos se son necesarios para a correcta definición da subministración. Nos casos de subministración e instalación de mobiliario urbano, xogos, luminarias, marquesiñas, colectores de lixo, sinais de tráfico ou turísticas e similares, será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano.

5.B.2.2.- Informe técnico sobre o investimento (ANEXO V)

Informe técnico individual para cada investimento, emitido polo persoal técnico municipal ou por quen teña encomendada as súas funcións, segundo o modelo Anexo V, co seguinte contido:

- Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes. Neste último suposto, estes investimentos aprobaranse condicionados a que o concello xustifique a súa obtención. Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, de ser o caso, na dita autorización.

No caso de que algún investimento precise autorización desta deputación por afectar a unha estrada provincial, deberá presentar a súa solicitude de autorización a través da convocatoria específica da plataforma SUBTEL, xuntando a documentación requirida e de acordo co procedemento aprobado por esta deputación e publicado no BOP número 40 do 26 de febreiro de 2019.

- Supervisión técnica

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se lle solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 3, apartado 6, da citada norma.

- Fases, partes ou tramos (obra completa)

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste Anexo V deberá xustificarse que, de acordo co previsto no artigo 13.3 da citada Lei 9/2017, trátase dunha "obra completa", no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

- Lotes

De acordo co previsto na base 2.2, no informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración "non pode dividirse en lotes" que teñan o carácter de "investimento completo" no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adxudicación en lotes.



Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír neste Plan un proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes, e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

- Estudo xeotécnico

Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza.

- Terreos necesarios para a execución do investimento

Detallaranse os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.

- Aptitude urbanística

Deberá xustificarse de forma motivada o cumprimento da normativa urbanística, e conter unha conclusión clara ao respecto.

- Competencia do redactor do proxecto ou prego

Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina.

- Investimentos de abastecemento municipal de auga potable

Para o caso de investimentos consistentes, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, de acordo co disposto na base 2.2 das reguladoras do Plan, deberá indicarse o presuposto de execución material (PEM), e de ser obras, dos gastos xerais e beneficio industrial correspondentes, referidos soamente ás partidas de abastecemento de auga potable, para os efectos de que a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello poida informar no Anexo X b) se o importe do IVE soportado é deducible.

- Outras cuestións

Deberán recollese cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

5.B.2.3.-Informe xurídico sobre dispoñibilidade dos terreos (ANEXO VI)

O concello deberá acreditar, mediante o informe que figura como modelo Anexo VI, que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento, mediante a emisión dun informe da Secretaría do concello, tendo en conta o detalle dos terreos que segundo o informe técnico emitido no Anexo V son necesarios para a súa execución.

No caso de ser necesario realizar expropiacións de terreos ou algún outro tipo de expediente para obter a súa dispoñibilidade, deberá indicarse o estado no que se atopa o correspondente expediente.

5.B.2.4.- Certificación da Resolución ou do Acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes (ANEXO IX)

No suposto de que o investimento sexa susceptible de división en lotes, pero o concello opte por non dividilo e incluílo no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan a Resolución ou Acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017.



5.B.2.5.- Informe da Secretaría sobre investimentos relativos ao ciclo da auga ANEXO X a); e informe da Intervención sobre investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable ANEXO X b)

Anexo X a): No caso de investimentos asociados ao ciclo da auga, principalmente abastecementos ou saneamentos, deberá achegarse un informe da secretaria do concello no que se xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

Anexo X b): Ademais, de acordo co disposto na base 2.2, nos proxectos ou pregos que teñan por obxecto, en todo ou en parte, actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá informar se o IVE soportado é deducible ou non, e no caso de ser deducible deberá indicar, partindo dos datos indicados polo técnico no Anexo V, o importe concreto do IVE soportado que é deducible.

5.B.2.6.- Xustificación de que os investimentos son financeiramente sostibles (IFS) (ANEXOS VII e VIII)

Para cada investimento financeiramente sostible deberá presentarse tanto unha Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, como un informe da Intervención do concello, segundo se detalla:

- Memoria económica específica da Alcaldía IFS (ANEXO VII)

A Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, segundo o modelo Anexo VII, conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores. Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello IFS (ANEXO VIII)

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello emitirá un informe, segundo o modelo Anexo VIII, sobre os seguintes extremos:

- Consistencia e soporte das proxeccións da Memoria económica da Alcaldía
- Análise da consideración de investimento financeiramente sostible, co contido previsto no Anexo VIII, indicando unha única aplicación orzamentaria de imputación de entre as indicadas no apartado correspondente da base 2.2.
- Se o investimento cumpre ou non os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación dos concellos, o Pleno desta deputación poderá aprobar o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos tipos de achegas provinciais e dos posibles obxectos solicitados, e incluírá un Plan Base, coas actuacións aprobadas definitivamente, así como un Plan Complementario con actuacións supletorias, que poderá servir de base para a aprobación dun posterior Plan Adicional, segundo se describe na base 4.3.

O Plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.



Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderán proseguirse os trámites.

Respecto da aprobación do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, estarase ao disposto na base 12. Respecto da aprobación do POS+Adicional 3/2025 para redución da débeda dos concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial, ou para gasto corrente dos concellos sen esta débeda, estarase ao disposto na base 14. E no suposto elaborar un POS+Adicional 2/2025 estarase ao disposto na base 13.

7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

7. 1.- Procedementos de adxudicación

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa citada Lei 9/2017 de contratos do sector público mediante procedemento "aberto", procedemento "aberto simplificado", ou procedemento "simplificadísimo ou simplificado abreviado", utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato. O incumprimento das condicións da delegación da contratación implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da citada Lei 9/ 2017.

O contrato menor só poderá utilizarse para a adxudicación das obras de acordo co previsto no apartado 2 desta base.

Se no momento do inicio da licitación fora outra a lexislación vixente en materia de contratación pública, estarase ao disposto expresamente nela.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no Plan **ata o 30 de novembro de 2025**. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen, tendo en conta os prazos de execución previstos na base 8.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2025 ou 2026, esta deputación poderá establecer outras datas para a contratación dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito.

Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, entre outra, a seguinte documentación, segundo se require na súa plataforma de tramitación telemática:

- Listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo Anexo XIV, debendo indicarse nos investimentos de abastecemento de auga potable nos que sexa deducible o IVE soportado, o importe de IVE deducible que é aplicable a prezo de adxudicación
- Anuncio de adxudicación obtido directamente da Plataforma de Contratos do Estado
- Certificación do Acordo ou Resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes e datos avaliábeis
- Informe xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación e da valoración das ofertas



No caso de que as obras fosen executadas pola propia Administración, debera presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos do artigo 30 da citada Lei 9/2017 é de aplicación ao caso concreto.

As baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación e poderá reinvestirse no concello mediante a realización de novos investimentos financeiramente sostibles a través do POS+ dun exercicio posterior, xunto con outros remanentes que se puideran producir nos outros obxectos incluídos neste Plan.

No caso de investimentos de abastecemento de auga potable, cando o IVE soportado sexa deducible, a contía do IVE deducible a prezo de adxudicación virá indicada no Anexo XIV que remitirá o concello, informada pola secretaria municipal, logo de aplicarlle ao IVE deducible a prezo de contrata reflectido no Anexo X b), a porcentaxe de baixa producida e o resto da baixa imputarase en primeiro lugar á achega do concello e posteriormente á achega provincial do xeito indicado no apartado anterior.

7. 2.- Utilización do contrato menor na adxudicación das obras

Unicamente poderán adxudicarse utilizando o contrato menor as obras (non as subministracións) incluídas no POS+ 2025, cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000,00 euros (IVE excluído), e inferior a 48.400,00 € (IVE incluído), e cun prazo de execución non superior a un ano que non poderá prorrogarse.

A selección do contratista, segundo o orzamento do proxecto das obras, realizarase do seguinte modo:

Valor estimado	Entre 24.794 e inferior a 34.000 € (IVE excluído)	Consulta polo menos a 3 empresas / ou Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 30.000 e inferior a 41.140 € (IVE incluído)	
Valor estimado	Entre 34.000 e inferior a 40.000,00 € (IVE excluído)	Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 41.140 e inferior a 48.400,00 € (IVE incluído)	

Os concellos deben presentar nesta deputación a seguinte documentación:

- Proposta para realizar a adxudicación da obra mediante contrato menor, autorizada pola Alcaldía ou concellería delegada, de acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei 9/2017, na que figuren, entre outros, os seguintes datos:
 - . Denominación, orzamento e prazo de execución
 - . As tres empresas ás que se vai facer a consulta, ou a indicación de que se vai publicar un anuncio na Plataforma de Contratación
 - . Prazo e forma de presentación de ofertas
 - . Criterios de adxudicación coa súa ponderación, debendo ser sempre un deles o prezo.
- Certificado de existencia de crédito ou documento contable RC referido ao exercicio en curso.
- Resolución de adxudicación na que motivadamente se recollan os datos da empresa adxudicataria e o prezo de adxudicación.

Nos demais aspectos será de aplicación o previsto nas Bases reguladoras do POS+2025, especialmente no relativo á presentación xunto coa solicitude do proxecto técnico e os informes requiridos nas Bases, e á xustificación mediante certificacións de execución das obras aprobadas polo concello.



Segundo se indica no penúltimo parágrafo da base 8, debe terse en conta que cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano desde a data da súa adxudicación e non poderán ser obxecto de prórroga, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017. A documentación xustificativa da súa execución deberá presentarse nesta deputación no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da acta de recepción.

8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dárselle audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello.

Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un proxecto modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

Todos os investimentos deberán estar rematados o 30 de novembro de 2026. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen. Neste caso, **o prazo máximo para a execución dos investimentos remata o 30 de novembro de 2027.**

Non obstante, este prazo poderá prorrogarse ata o 30 de novembro de 2028 para o caso daqueles investimentos que o 30 de novembro de 2027 estean aínda pendentes de rematar por causas non imputables ao concello, sempre que na dita data xa estivera iniciada a súa execución. Tamén se poderá prorrogar o prazo máximo de execución ata o 30 de novembro de 2028 naqueles investimentos nos que, aínda que non teñan iniciada a súa execución o 30 de novembro de 2027, estean condicionados á obtención de permisos doutras Administracións.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2025 ou 2026, esta deputación poderá establecer outras datas para a execución dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito e que para facilitar a xestión orzamentaria e o control das mesmas, respectarán igualmente o prazo máximo de execución que remata o 30 de novembro de 2027 coa mesma excepción indicada no parágrafo anterior.

Non obstante, **cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano desde a data da súa adxudicación e non poderán ser obxecto de prórroga**, o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017. A documentación xustificativa da súa execución deberá presentarse nesta deputación no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da acta de recepción, coa finalidade de facilitar o seu seguimento e control por esta deputación, dada a brevidade e simplificación administrativa deste procedemento.



Os importes da achega provincial non executada nos prazos establecidos, ben por ser obras anuladas, ou ben por corresponder a importes non executados de mais de 5.000,00 €, poderán reinvestirse no correspondente concello, xunto cos importes procedentes da aplicación á achega provincial das baixas de licitación, a través do POS+ dun exercicio posterior.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realizase segundo se indica a continuación para os distintos obxectos posibles do Plan, debendo utilizar necesariamente os modelos establecidos. En todos os casos, a deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia deputación.

9.1 Achega provincial destinada ao financiamento de gastos correntes (ANEXOS III e IV)

No suposto de que o concello destinase en todo ou en parte a “achega provincial 2025”, ou a “achega provincial 2024”, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o ano 2025, esta deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, nun ou dous prazos, a cantidade solicitada para esta finalidade, de acordo coa previsión de gastos emitida pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo Anexo III.

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos correntes, deberá presentar telematicamente nesta deputación, ata o 31 de marzo de 2026, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos vinculados á prestación do servizo correspondente (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados), coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+2025, e por último a cantidade transferida pola deputación que o concello aplicou concretamente para financiar cada servizo público obrigatorio, segundo o modelo que figura como Anexo IV. Excepcionalmente, e á solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá concentrarse en dous servizos obrigatorios, coa mesma excepción que a indicada para a solicitude no cuarto parágrafo da base 5.B.1, e deberá axustarse ao importe da subvención provincial recibida.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciárase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.

A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución. No caso de que o concello non realice o ingreso na data indicada na dita Resolución, esta deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recadatoria que esta deputación realice por delegación do concello.

9.2 Achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente nesta deputación, xunto co resto da documentación que se require na plataforma de tramitación telemática provincial, empregando os modelos establecidos. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.



Xunto coa primeira certificación deberá tamén achegarse a “acta de comprobación do replanteo” e coa derradeira certificación de execución, deberá achegarse a correspondente “acta de recepción”.

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción. Para o caso de que a subministración fora instalada polo persoal do concello, a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego e entregados ao uso público.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá acompañarse unha certificación ou informe relativo á percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrência non supera o custo da actuación subvencionada.

Todos os investimentos deberán estar terminados dentro do prazo concedido para a súa execución de acordo co disposto na base 8.

10.- PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN POLOS CONCELLOS DO FINANCIAMENTO DO POS+

Os concellos deberán dar publicidade ao financiamento recibido desta deputación a través do POS+ segundo se indica a continuación, de acordo coas instrucións de execución que se lles enviarán e as que figuren na plataforma Subtel, utilizando os logotipos e modelos de identidade corporativa que se lles facilitarán aos concellos por esta deputación. Deberá acreditarse o cumprimento destas obrigas cando presenten os documentos xustificativos dos distintos obxectos do Plan.

Na páxina de inicio da web oficial do concello incluírase un logotipo ou cartel do POS+, que terá que enlazar cunha páxina onde se detallan os investimentos, gastos correntes ou outros obxectos aprobados en cada Plan.

Se o concello solicitou financiamento para os seus gastos correntes, no caso de aplicar a achega provincial para os gastos de persoal directamente adscrito ao servizo, deberá figurar na súa roupa de traballo o logotipo da deputación, e se non se utiliza roupa específica de traballo, deberá colocarse un cartel ou logotipo nalgún lugar visible da súa área de traballo.

Se o concello solicitou financiamento para realizar obras, segundo se indica na base 9.2, desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Cando se trate de obras en edificios, cando estean rematadas, deberá colocarse unha placa na que se indique o financiamento da deputación. Igualmente, cando se trate de vehículos ou maquinaria adquiridos con cargo ao POS+, deberán rotularse co logotipo da deputación. O concello deberá presentar xunto coa documentación xustificativa unha fotografía para acreditar o cumprimento desta obriga.

En xeral, os investimentos financiados con cargo ao Plan, estarán a disposición da deputación para a súa visita ou inauguración.

11.- RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento do disposto nalgunha destas Bases poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo se indica nesta base e de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.



O incumprimento das **condicións da delegación da contratación** dos investimentos nos termos indicados na base 7 implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

No caso de pagos realizados ao concello **con carácter prepagable**, de acordo co disposto na base 9.1 cando o concello non xustifique correctamente no prazo sinalado a aplicación da achega provincial recibida, poderá iniciarse un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 e 91 e seguintes do Real decreto 887/2006, para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución. No caso de que o concello non realice o ingreso na data indicada na dita Resolución, esta deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recadatoria que esta deputación realice por delegación do concello.

Para o caso de **pagos realizados ao concello previa certificación de execución de obra ou factura da subministración** aprobada polo órgano competente do concello, de non terse rematada e certificada a execución dun investimento o 30 de novembro de 2027, prazo máximo establecido na base 8, e de ser o caso, no prazo excepcional concedido que expira de xeito improrrogable o 30 de novembro de 2028, procederáse a anulación do financiamento do investimento e o concello terá que restituír a cantidade percibida pola execución parcial do mesmo, salvo que segundo o director do investimento a parte executada poida ser considerada obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, en cuxo caso a parte non executada terá a consideración de economía.

En canto ao procedemento administrativo a seguir aplicarase supletoriamente o previsto nas citadas leis e regulamentos de subvencións.

12. POS+ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+Adicional 1/2025 para **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2025 (en diante POS+Adicional 1/2025) que se financiará con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se consignará no Orzamento provincial 2025, por importe de 5.000.000,00 €, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00 €, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais.

O POS+Adicional 1/2025 ten como finalidade apoiar ós servizos sociais municipais, permitiéndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como o círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios.

A xestión deste POS+ Adicional 1/2025 realizarase a través da Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes desta deputación.

12.1.- OBXECTO

O POS+Adicional 1/2025 destínase ao financiamento dos seguintes **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2025:

A. GASTO CORRENTE:

a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como



reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.

A finalidade é apoiar aos equipos técnicos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

O importe non pode ser destinado a cubrir:

- A achega municipal do Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS
- O financiamento do persoal contratado a través do Plan Concertado, xa que correspondería cun gasto corrente ordinario.
- O persoal das escolas infantís ou puntos de atención á infancia que non corresponda a persoal de reforzo.

b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a **axudas de emerxencia e necesidade social** ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

Excepcionalmente as axudas de emerxencia e necesidade social poderán ser destinadas a outras unidades de convivencia vulnerables que sexan valoradas polo equipo técnico municipal dos servizos sociais.

Estas axudas de emerxencia deberanse tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.

Cando as axudas se entreguen en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite dos 500,00 € por unidade entregada.

c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao **servizo de axuda no fogar** de atencións de **carácter básico na modalidade dependencia**, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.

Debe quedar reflectido no Informe da intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais extraordinarios (ANEXO XVI) a estimación doutros ingresos públicos ou privados e no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de **carácter básico na modalidade libre concorrencia**

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 municipal nin, no caso dos concellos de menos de 20.000 habitantes, á achega municipal do Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Lémbrese que a finalidade do FOPPSS é a estabilidade na prestación do servizo na modalidade de libre concorrencia, mentres que a do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios é poder responder ás necesidades imprevistas e de emerxencia.

Permítese soamente o gasto extraordinario xerado pola ampliación de horas desta modalidade do SAF.

Debe quedar reflectido no Informe da intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais extraordinarios (ANEXO XVI) a estimación doutros ingresos públicos ou privados e no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de **carácter básico** de servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de



Lavandaría.

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Debe quedar reflectido no Informe da intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais extraordinarios (ANEXO XVI) a estimación doutros ingresos públicos ou privados e no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables: servizo de carácter complementario comprendido por diferentes tipos de proxectos municipais e actividades que teñen a finalidade de atender situacións de risco sociosanitario a través de intervencións personalizadas no fogar (servizo de psicoloxía, actividade de estimulación cognitiva e prevención do deterioro funcional, musicoterapia, aprendizaxe do uso das novas tecnoloxías, etcétera)
- Adaptacións funcionais do fogar: servizo de carácter complementario que se deberá tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.
- Servizo de podoloxía
- Servizo de fisioterapia
- Terapia ocupacional

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Debe quedar reflectido no Informe da intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais extraordinarios (ANEXO XVI) a estimación doutros ingresos públicos ou privados e no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

Os servizos e medidas de conciliación comprendidas neste apartado deberán destinarse ás unidades de convivencia cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos. No caso de que os servizos municipais ou as axudas económicas promovidas polo municipio para o respiro familiar ou as medidas de conciliación vaian dirixidas á poboación en xeral, serán subvencionables na súa totalidade polo POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios cando se estableza **copago** para as persoas que contan con ingresos suficientes. No caso de non ter establecido o copago, só se podería imputar parcialmente o custo do servizo ou axudas no referido aos gastos derivados das familias que carezan dos recursos económicos mencionados.

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Debe quedar reflectido no Informe da intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais



extraordinarios (ANEXO XVI) a estimación doutros ingresos públicos ou privados e no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren **imprescindibles e urxentes** para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.

Será preciso xustificar o carácter extraordinario, imprescindible e urxente. Os programas que se veñan desenvolvendo habitualmente non poden considerarse extraordinarios, salvo os iniciados grazas ás anteriores convocatorias do POS+Adicional 1.

Non ten cabida nesta tipoloxía de gasto calquera programa, prestación, servizo ou contratación de persoal que teña encaixe nas anteriores tipoloxías de gastos correntes.

Non se consideran obxecto desta subvención comidas, bailes, magosto, excursións, os equipo de protección individual no traballo (EPIS) ou outros de análoga natureza por ser considerados gasto corrente municipal.

Debe quedar reflectido no Informe da intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais extraordinarios (ANEXO XVI) a estimación doutros ingresos públicos ou privados e no informe xustificativo dos gastos (Anexo XIX) os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados, como copago por parte das persoas usuarias ou achegas doutras administracións públicas, segundo modelo fornecido.

B. GASTO DE INVESTIMENTO

i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

C. GASTOS EXCLUÍDOS

Ademais dos gastos sociais excluídos especificamente nos apartados A e B anteriores, non serán obxecto desta convocatoria os seguintes:

- Os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta deputación para a mesma finalidade.
- Os gastos de investimentos para uso xeral que non encaixen nos apartados sinalados.
- Os gastos derivados de subvencións a terceiros.
- Os gastos de programas ou servizos de carácter sanitario.

12.2.- FINANCIAMENTO

O POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 financiarase con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se vai consignar no Orzamento provincial 2025, por importe de 5.000.000,00€, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00€, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.



A cantidade que resulte da aplicación destas variables será comunicada a cada concello e este non poderá solicitar un importe superior.

12.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia.

12.4.- SOLICITUDES XERAL E ESPECÍFICAS

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, o prazo iniciárase o **luns 9 de decembro de 2024 e rematará ás 15.00 horas do mércores 15 de xaneiro de 2025**.

O concello deberá presentar neste prazo, **unha solicitude xeral** coa documentación indicada no apartado A. SOLICITUDE XERAL.

Dentro do mesmo prazo e logo de presentar a solicitude xeral, o concello deberá presentar as **solicitudes específicas** que correspondan segundo o apartado 1 da certificación do acordo plenario :

- Unha que integre os gastos de todas as tipoloxías de gastos correntes:
- Unha que integre todo o gasto nos investimentos de tipoloxía i.
- Unha que integre todo o gasto nos investimentos de tipoloxía j.

Teranse por desistidas aquelas solicitudes xerais (POS+AD1-G.SOC. SOLIC) cando non se presenten a totalidade de solicitudes específicas que sexan necesarias.

As solicitudes específicas deberán incluír, a documentación indicada no apartado B. SOLICITUDES ESPECÍFICAS.

É obrigatorio empregar os modelos que figuran como Anexos a estas Bases e na plataforma SUBTEL.

A documentación administrativa será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello.

Cando se observen incongruencias nos datos gravados na plataforma SUBTEL respecto dos informes e certificacións achegadas, o órgano tramitador modificará de oficio os ditos datos.

A. SOLICITUDE XERAL

Esta solicitude será creada pola deputación de oficio na plataforma SUBTEL e deberá ser presentada polo concello despois de cumprimentar os datos e incorporar a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE XERAL

ANEXO XV. Certificación do acordo plenario no que se dispón participar no POS+Adicional 1/2025, segundo o modelo incluído nestas Bases.

A referencia en SUBTEL desta solicitude é: POS+AD1-G.SOC. SOLIC

B. SOLICITUDES ESPECÍFICAS SEGUNDO O OBXECTO

Os concellos deberán achegar **obrigatoriamente** tantas solicitudes específicas como correspondan segundo o exposto nesta base.

Estas solicitudes deberán ser creadas polo concello na plataforma SUBTEL.



B.1. Solicitude gasto corrente

Cando no acordo de solicitude de financiamento inclúan gastos correntes os concellos deberán facer unha única solicitude específica que inclúa todas as tipoloxías de gasto corrente: *a, b, c, d, e, f, g, h*

DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE ESPECÍFICA PARA GASTOS CORRENTES

Unha única solicitude que inclúa todas as tipoloxías

ANEXO XVI. Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios en gasto corrente 2025, segundo o modelo incluído nestas Bases.

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación:

Neste Anexo XVI deberán detallarse os gastos e outros ingresos previstos de gasto sociais extraordinarios de carácter corrente contemplados no Plan, determinándose por diferenza o importe que prevé financiar o concello, non podendo solicitarse unha cantidade superior ao dito importe.

ANEXO XVII. Informe técnico dos Servizos Sociais municipais para a solicitude do POS+Adicional 1/2025 segundo o modelo incluído nestas Bases.

O Informe recollerá a valoración técnica de que o gasto solicitado é extraordinario, necesario e vai destinado a situacións de risco para persoas vulnerables ou en risco de exclusión social e que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas.

A referencia en SUBTEL desta solicitude é: POS+AD1-G.SOC. CORRE

B.2. Solicitude de gasto de investimento

Cando no acordo de solicitude de financiamento inclúan gastos de investimento deberán achegar unha solicitude por cada unha das tipoloxías de gasto solicitadas (*i e/ou j*), agrupando todos os equipamentos que correspondan ao mesmo tipo.

DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE ESPECÍFICA PARA INVESTIMENTOS

Ata dúas solicitudes (Unha por cada tipo: *i, j*)

ANEXO XVI. Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios en equipamento 2025, segundo o modelo incluído nestas Bases.

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación:

Para cada solicitude cubriranse os apartados que correspondan a súa tipoloxía (*i ou j*)

Deberán detallarse os gastos e outros ingresos previstos en equipamento no período subvencionado, determinándose por diferenza o importe que prevé financiar o concello, non podendo solicitarse unha cantidade superior ao dito importe.

ANEXO XVII. Informe técnico dos Servizos Sociais municipais para a solicitude do POS+Adicional 1/2025 segundo o modelo incluído nestas Bases.

- No caso da tipoloxía de gasto *i* da base 12.1, os servizos sociais municipais deberán valorar neste informe a necesidade dos investimentos para as persoas usuarias dos programas de servizos sociais.
- No caso da tipoloxía de gasto *j* da base 12.1, os servizos sociais municipais deberán valorar neste informe a necesidade dos investimentos para o uso dos departamentos técnicos de servizos sociais municipais.

ANEXO XVIII. Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da descrición dos gastos sociais en equipamentos, segundo o modelo incluído nestas bases.

Elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación



Prego de prescricións técnicas ou orzamento desagregado dos equipamentos

- Prego da subministración. Obrigatorio, cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante procedemento aberto e terá o contido establecido na Base 5.B.2.1 apartado subministracións.
- Orzamento desagregado. Admitirase só cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante aprobación de gasto ou contrato menor. O contido mínimo é o seguinte: definición dos distintos elementos da subministración, os prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o importe sobre o imposto sobre valor engadido (IVE).

A referencia en SUBTEL desta solicitude é: POS+AD1-G.SOC. INVES

12.5. APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+Adicional 1/2025 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6, e, posteriormente transferiralles aos concellos, con carácter prepagable, a achega provincial concedida para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios de carácter corrente.

Os gastos de investimento aboaranse logo da súa xustificación de acordo co establecido nas bases 12.6, 12.7 e 12.9.

Tendo en conta a natureza e as características deste POS+Adicional 1/2025, destinado a gastos sociais extraordinarios, a súa aprobación poderá realizarse antes da aprobación do POS+2025.

12.6.- CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTOS

Procedemento de adxudicación

Os contratos para as subministracións realizaranse de acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de contrato menor, os concellos poderán optar por aprobar o gasto, logo de seleccionar á empresa provedora de acordo co seguinte:

Valor estimado	Inferior a 8.000 € IVE excluído	Designación directa dunha empresa do sector.
Valor estimado	De 8.000 a 14.999,99 € IVE excluído	Consulta polo menos a tres empresas do sector ou publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación

12.7. EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo aos pregos de prescricións ou orzamentos da subministracións presentados coa solicitude.

Excepcionalmente, previa solicitude debidamente xustificada poderase admitir modificacións dentro da mesma tipoloxía de gasto de investimentos (i ou j)

Os investimentos deberán estar rematados na data límite de xustificación indicada na base 12.9: 31 de marzo de 2026.

Os concellos poderán solicitar de forma motivada antes do 28 de febreiro de 2026 a ampliación deste prazo ata a data límite de **30 de setembro de 2026**. Este prazo non poderá ser prorrogado.

No caso de que a achega solicitada vaia destinada á adquisición dun vehículo, **deberase rotular nos catro costados** co símbolo e logotipo da Deputación Provincial da Coruña cun tamaño mínimo de 700 mm x 291 mm e, polo menos nun dos costados, co texto "*Vehículo subvencionado pola Deputación da Coruña para os servizos sociais municipais*" incluíndo o logotipo da Deputación Provincial da Coruña cun tamaño mínimo de 700 mm x 291 mm.

No caso de que as medidas do vehículo impidan a rotulación no tamaño indicado, o concello ou entidade local deberá facer unha proposta de adaptación do rótulo, que achegará ao seu



expediente para a súa aprobación pola Sección de Servizos Sociais.

O rótulo manterase durante toda a vida útil do vehículo. O rótulo farase de acordo coas seguintes indicacións:

- Cor PANTONE 2757C C:100 M:81 Y:00 K:51
- Tipografía aller Regular Bold, Light.
- No caso de que o cor de fondo do vehículo sexa escuro a cor do logotipo será branco.

Non se admitirá ningún outro logotipo ou escudo ou anagrama que non sexa o descrito anteriormente.

A recepción do vehículo terá lugar nun acto coa presenza do Presidente da Deputación, ou persoa na que delegue, para o cal o concello deberá informar previamente da data e lugar da recepción do mesmo.

Pódese descargar o logotipo da páxina web en:

<https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos>).

12.8. EXECUCIÓN DOS GASTOS CORRENTES

Os gastos correntes poder ser obxecto de reprogramación entre as distintas tipoloxías de gasto (a, b, c, d, e, f, g, h), debendo explicarse o motivo da reprogramación no Informe técnico dos servizos sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados (Anexo XXI).

Ditos gastos realizaranse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025, non podendo prorrogar a súa execución.

12.9. XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL

PRAZO

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos, deberá presentar a documentación xustificativa de forma telemática na deputación, ata o **31 de marzo de 2026**.

Excepcionalmente poderase ampliar o dito prazo de xustificación ata o 30 de setembro de 2026 mediante Resolución da Presidencia, previa solicitude do concello.

A solicitude deberá realizarse antes do 1 de marzo de 2026

ACHEGA A XUSTIFICAR

O importe dos pagos xustificados deberá acadar en cada unha das solicitudes específicas como mínimo o da cantidade da Deputación concedida.

A achega provincial reducirase respecto ao importe concedido para evitar o exceso de financiamento nos seguintes casos:

- Cando o importe xustificado sexa menor.
- No caso de que a entidade obtivera outros ingresos que xunto co financiamento provincial supoñan un exceso de financiamento.

REINTEGRO DAS CANTIDADES TRANSFERIDAS

No caso da xustificación de gastos correntes, cando a achega provincial se reduza de acordo co apartado anterior, deberase iniciar un procedemento do reintegro polo exceso de financiamento das cantidades xa transferidas .

Tamén suporá reintegro a falta da xustificación dos gastos correntes no prazo establecido.

O procedemento de reintegro tramitarase segundo o procedemento previsto no Real decreto 887/2006.

A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución.

No caso de que o concello non realice o ingreso dentro do prazo establecido na dita Resolución, a deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recadatoria que a deputación realice por delegación do concello.



DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

Os concellos deberán descargar os modelos da plataforma SUBTEL e achegar a seguinte documentación xustificativa:

a) Solicitude de gasto corrente

DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN DO GASTO CORRENTE

ANEXO XIX. Informe xustificativo dos pagos realizados destinados a gasto corrente, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo incluído nestas Bases.

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados dos gastos devindicados durante o ano 2025 e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2025.

O importe imputado ao POS+Adicional 1/2025 non pode ser superior ao importe concedido.

ANEXO XXI. Informe técnico dos Servizos Sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados pola achega provincial destinada a gasto corrente, segundo o modelo incluído nestas Bases.

Informe no que se avalíen os programas executados e reflicta as incidencias da execución do previsto, programas finalmente realizados, cambios de programa, motivación dos cambios, avaliación, resultados obtidos, poboación e colectivo beneficiario, propostas e calquera outra incidencia que se considere salientar.

Deberanse ter en conta as especificacións sinaladas para cada tipo de obxecto financiado segundo a base 12.1.

ANEXO XXII. Declaración dos medios polos que se lle deu publicidade da achega provincial en toda a información (impresa, informática ou audiovisual e tamén na páxina web), achegando unha proba documental ao respecto.

b. Solicitudes de investimentos

DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS

Común para as solicitudes das tipoloxías de gastos: i / j

ANEXO XIX. Informe xustificativo dos pagos realizados destinados a gasto de investimento, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo incluído nestas Bases.

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados dos gastos de investimentos devindicados durante o periodo subvencionado e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2025.

O importe imputado ao POS+Adicional 1/2025 non pode ser superior ao importe concedido.

ANEXO XX. Informe sobre adxudicación e xustificación dos investimentos, segundo o modelo incluído nestas Bases.

Informe elaborado pola Intervención e a Secretaría do concello, onde se detallen por unha parte os datos relativos á adxudicación e por outro os datos relativos ao detalle dos pagamentos efectuados

ANEXO XXI. Informe técnico dos Servizos Sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados pola achega provincial destinada a gastos de investimento, segundo o modelo incluído nestas Bases.

Informe no que se avalíen os programas executados e reflicta as incidencias da execución do previsto, programas finalmente realizados, cambios de programa, motivación dos cambios, avaliación, resultados obtidos, poboación e colectivo beneficiario, propostas e calquera outra incidencia que se considere salientar.



ANEXO XXII. Declaración dos medios polos que se lle deu publicidade da achega provincial concedida en toda a información (impresa, informática ou audiovisual e tamén na páxina web), achegando unha proba documental ao respecto.

Acta de recepción. Só no caso de adxudicacións mediante procedemento aberto.

Acta de recepción do investimento/os asinada polo/a representante da administración, o/a representante da empresa adxudicataria, a Intervención se é o caso, así como as demais persoas que asistan ao acto.

No caso de adquisición de vehículo na acta de recepción deberá constar que o vehículo se adscribe aos servizos sociais municipais.

Fotografías. Só no caso de adquisición dun vehículo.

4 fotografías de xeito que se acredite o rótulo do vehículo polos catro costados.

13.- POS+ADICIONAL 2/2025 PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES OU DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS DO EXERCICIO 2025

Esta base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+Adicional 2/2025 destinado aos 93 concellos da provincia, para o caso de que a deputación acorde realizar unha maior achega provincial ao POS+2025 a través deste Plan Adicional 2/2025.

Trátase polo tanto, dunha mera previsión de regulación para o caso de que a deputación acorde realizar unha achega a este Plan e, en consecuencia, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se produza a dita maior achega provincial.

13.1.- Obxecto

Os concellos poderán aplicar a achega provincial que se poida asignar dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2025, de acordo coas instrucións que se concretarán no seu momento.

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2025, segundo se definen na base 2.1 e concordantes.
- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da base 2.2 e concordantes.

13.2.- Financiamento

O POS+Adicional 2/2025 poderá financiarse cunha achega provincial no caso de que esta deputación así o acorde, incluíndo no orzamento provincial a achega que decida destinar ao financiamento deste Plan.

13.3.- Destinatarios e asignación de fondos

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan das seguintes operacións:

En primeiro lugar, segundo se indicaba na base 4.3 das reguladoras do POS+ 2025, a través deste Plan Adicional 2/2025 realízase o "reinvestimento", nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación, anulacións de investimentos, economías de máis de 5.000,00 € e outras achegas provinciais non aplicadas polos concellos procedentes do POS+ 2020 ao POS+2022, aínda que podería ampliarse, que non foron previamente reinvestidas, aclarándose que con cargo a esta achega provincial procedente do "reinvestimento", calquera que sexa o seu importe, unicamente poderán financiarse investimentos financeiramente sostibles, tanto os solicitados inicialmente no Plan Complementario como outros novos.



En segundo lugar, o resto da achega provincial distribúese entre os 93 concellos da provincia aplicando os criterios de reparto do POS que se detallan na base 4.1. Con cargo a esta achega provincial poderán financiarse investimentos financeiramente sostibles ou gasto corrente, dependendo de se os fondos provinciais proceden do remanente de tesourería para gastos xerais ou do superávit de operacións non financeiras, así como da vixencia ou non das regras fiscais no exercicio 2025. No seu momento informarase aos concellos do importe da achega provincial asignada a cada un deles e dos posibles obxectos aos que poden destinala.

As achegas provinciais asignadas aos concellos procedentes do “reinvestimento” e o resto da achega asignada neste Plan poderán sumarse para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles.

13.4.- Solicitude e fases

O POS+ Adicional 2/2025 aprobarase en dúas fases e o concello poderá participar nunha fase ou nas dúas:

Na 1ª fase incluíranse exclusivamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2025, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+ Adicional 2/2025 presentando a documentación que se indica máis adiante. O prazo de presentación da documentación desta primeira fase concretarase no momento de iniciar a elaboración deste Plan.

Na 2ª fase poderán incluírse investimentos financeiramente sostibles ou gasto corrente, dependendo da orixe dos fondos provinciais e da vixencia ou non das regras fiscais, o que se concretará no momento de iniciar a elaboración do Plan, informando ademais das datas para a presentación das solicitudes e da documentación a presentar.

13.4.1.- 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2025 UNICAMENTE PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES DO PLAN COMPLEMENTARIO

Os concellos que desexen financiar con cargo á 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025 investimentos financeiramente sostibles xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2025 deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, a seguinte documentación:

A.- ACORDO OU RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE (Anexo XII)

(Convocatoria POS+AD2a- SOLICITUDE 2025)

Tendo en conta que o Pleno dos concellos xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos ou Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

O Acordo ou Resolución do concello de aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 deberá indicar a denominación do investimento ou investimentos do Plan Complementario que solicita incluír neste Plan Adicional, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice ou o IVE deducible aplicable. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consinalo no seu orzamento para o seu financiamento. Empregarase o modelo que figura como modelo Anexo XII ás Bases.

B.- DECLARACIÓN DE ALCALDÍA SOBRE O PROXECTO E DEMAIS DOCUMENTACIÓN

(Anexo XXIII)

(Convocatoria POS+AD2a- OBRASSUM 2025)

Dado que se trata de investimentos aprobados no Plan Complementario ao POS+ 2025, cuxa documentación xa está subida na plataforma SUBTEL, unicamente é necesario que o concello



presente un escrito asinado pola Alcaldía confirmando que o proxecto e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo que figura como modelo Anexo XXIII.

No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2025 estivese sometido a condicións que aínda non fosen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a inclusión do dito investimento neste Plan, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que esta deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

13.4.2.- 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2025 PARA GASTO CORRENTE OU INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 2/2025 gasto corrente de servizos públicos obrigatorios ou investimentos financeiramente sostibles, de acordo coas instrucións que se comunicarán aos concellos, deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, a seguinte documentación:

A.- CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE (Anexo XIII)

(Convocatoria POS+AD2b- SOLICITUDE 2025)

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello, ou de quen corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando a inclusión nesta 2ª fase do POS+Adicional 2/2025 do gasto corrente de servizos públicos obrigatorios e/ou de investimentos financeiramente sostibles, segundo o modelo Anexo XIII.

O acordo plenario deberá indicar a denominación dos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice ou o IVE deducible aplicable. No caso de realizar algunha achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento.

B.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2025 (Anexo III)

(Convocatoria POS+AD2b-GASTO CORRENTE 2025)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo III a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2025 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Neste Anexo III deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial aplicada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

Do mesmo modo que se indicaba nas bases 2.1 e 5.B.1, o concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de só dous servizos públicos obrigatorios, aínda que tamén poderá aplicalo a máis servizos xustificando a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous para utilizar a achega provincial asignada, incluíndo a motivación ao final do dito Anexo III.

No caso de que o Anexo III presentado polo concello na convocatoria do Plan Base POS+gasto corrente 2025 xa inclúa unha previsión de gastos correntes por un importe **superior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2025 Base, POS+Adicional 2/2025, e de ser o caso POS+Adicional 3/2025, o Anexo III que se presente para o POS+ Adicional 2/2025 poderá ser o mesmo que xa se presentou no POS+ Base 2025 e deberá subirse de novo como previsión nesta convocatoria.



No caso contrario, se o Anexo III presentado no Plan Base POS+ gasto corrente 2025 inclúe unha previsión de gastos correntes por un importe **inferior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2025 Base, POS+Adicional 2/2025 e, de ser o caso, POS+ Adicional 3/2025, deberá subirse para esta convocatoria un novo Anexo III que prevea obxectos distintos dos previstos para o POS+ Base 2025, e de ser o caso, POS+Adicional 3/2025, ata alcanzar a achega provincial solicitada no POS+ Adicional 2/2025.

C.- PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES NON INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO (Documentación da base 5.B.2) (Convocatoria POS+AD2b- OBRASSUM 2025)

Dado que se trata de novos investimentos financeiramente sostibles, o concello deberá subir á plataforma Subtel os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+2025 para os investimentos financeiramente sostibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuran na plataforma Subtel:

- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración, **que obrigatoriamente deberán adaptarse á estrutura que figura na base 5.B.2.1**
- Anexo V: Informe técnico sobre o investimento
- Anexo VI: Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible
- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento

Para o caso de que proceda, deberán subirse ademais os seguintes documentos:

- Anexo IX: Certificación do acordo ou resolución relativo á non división en lotes.
- Anexo Xa): Informe da Secretaría sobre investimentos relativos ao ciclo da auga.
- Anexo Xb): Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable

Lémbrese que son de aplicación neste apartado as consideracións contidas nas bases 2, 4, 5 e 7 relativas á realización de obras de abastecemento municipal de auga potable e o IVE deducible.

13.5.- Aprobación do Plan e pago da achega provincial

Esta deputación poderá aprobar o POS+Adicional 2/2025 en dúas fases partindo das solicitudes presentadas polos concellos.

A primeira fase do POS+ Adicional 2/2025 poderá ser aprobada mediante Resolución da Presidencia desta corporación provincial, xa que se trata de aplicar a nova achega provincial asignada aos concellos ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos financeiramente sostibles que os concellos teñen incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025.

A segunda fase do Plan, na que poderá incluírse o financiamento de gastos correntes e outros investimentos financeiramente sostibles, aprobarase mediante acordo plenario e seguiranse os trámites previstos na base 6.

A achega provincial destinada ao financiamento dos gastos correntes ten carácter de **prepagable** e pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo III. O seu pago e xustificación realizarase de acordo co previsto na base 9.1 relativa ao pago deste obxecto, empregando o Anexo IV.

A contratación e a execución dos investimentos financeiramente sostibles realizarase segundo o disposto nas bases 7, 8 e 9, aínda que o prazo previsto para a contratación e execución poderán ampliarse nos acordos de aprobación deste Plan.



14.- POS+ADICIONAL 3/2025 PARA A REDUCIÓN DA DÉBEDA QUE 76 CONCELLOS DA PROVINCIA TEÑEN CON ESTA DEPUTACIÓN POLA UTILIZACIÓN DE PRÉSTAMO PROVINCIAL NOS PLANS PAI 2015 E 2016 E POS+2017 A 2023 OU, NO CASO DOS 17 CONCELLOS SEN ESTA DÉBEDA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE 2025

Esta base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+Adicional 3/2025 destinado aos 93 concellos da provincia, financiado cunha achega provincial total de 12.000.000,00 € que se destina, por unha banda, á redución da débeda que 76 concellos da provincia teñen con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023, ou, no caso dos 17 concellos que non teñen esta débeda, para o financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2025.

14.1.- Obxecto

Os concellos aplicarán a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2025:

- Redución da débeda do concello coa deputación.

Os 76 concellos que se relacionan na base 14.3, que teñen unha débeda con esta deputación pola solicitude e aplicación do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, tanto o préstamo provincial solicitado para minorar a débeda do concello con entidades financeiras, como o solicitado para o financiamento de investimentos, deberán aplicar necesariamente a achega provincial asignada neste Plan á redución desta débeda.

- Gastos correntes do concello do ano 2025, segundo se definen na base 2.1 e concordantes.

Os 17 concellos que se relacionan na base 14.3, que non teñen débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans indicados, poderán destinar a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes do ano 2025.

14.2.- Financiamento

O POS+Adicional 3/2025 finánciase cunha achega provincial de 12.000.000,00 €, que se destinan á redución da débeda de 76 concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023 ou, para os 17 concellos restantes, ao financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2025.

No expediente de modificación de créditos 5/2024, aprobado polo pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de outubro de 2024, consignouse a cantidade de 12.000.000,00 € na aplicación orzamentaria 0430/4592/46201 para o financiamento no POS+ Adicional 3/2025 destinado á redución da débeda dos concellos coa deputación ou dos seus gastos correntes. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do dito expediente de modificación de créditos. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

14.3.- Destinatarios e asignación de fondos

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios de reparto do POS que se detallan na base 4.1.

Os 76 concellos que a continuación se indican, que teñen unha débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, deberán aplicar necesariamente a achega provincial asignada neste Plan á redución desta débeda.



76 CONCELLOS CON DÉBEDA COA DEPUTACIÓN POR PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PAI E POS+			
Abegondo	Corcubión	Muros	Roís
Ames	Coristanco	Narón	Sada
Ares	Coruña (A)	Neda	San Sadurniño
Arzúa	Culleredo	Negreira	Santa Comba
Baña (A)	Dodro	Noia	Santiago de C.
Betanzos	Dumbría	Oleiros	Santiso
Boiro	Fene	Ordes	Somozas (As)
Boqueixón	Ferrol	Oroso	Teo
Brión	Fisterra	Ortigueira	Toques
Cabana de Bergantiños	Frades	Outes	Tordoia
Cabanas	Laxe	Padrón	Touro
Camariñas	Laracha (A)	Pino (O)	Trazo
Cambre	Lousame	Pobra do Caramiñal (A)	Valdoviño
Carballo	Malpica de Bergantiños	Ponteceso	Val do Dubra
Carnota	Mañón	Pontedeume	Vedra
Carral	Melide	Pontes de G. R (As)	Vilasantar
Cedeira	Miño	Porto do Son	Vimianzo
Cerceda	Moeche	Rianxo	Cariño
Coirós	Monfero	Ribeira	Oza-Cesuras

Os 17 concellos restantes que a continuación se indican, que non teñen débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans indicados, poderán destinar a achega provincial asignada ao financiamento dos seus gastos correntes do concello do ano 2025.

17 CONCELLOS SEN DÉBEDA COA DEPUTACIÓN			
Aranga	Cee	Mesía	Vilarmajor
Arteixo	Cerdido	Mugardos	Zas
Bergondo	Curtis	Muxía	
Boimorto	Irixoa	Paderne	
Capela (A)	Mazaricos	Sobrado	

14.4.- Solicitud

O concello poderá participar neste Plan presentando a documentación que a continuación se indica, no prazo de presentación de solicitudes que se estende **desde o luns 9 de decembro de 2024 ata as 15.00 horas do venres 7 de febreiro de 2025.**

A.- SOLICITUDE

(Convocatoria POS+AD3 -SOLICITUDE 2025)

(76 concellos indicados na base 14.3)



A.1.- OFICIO DA ALCALDÍA COMUNICANDO A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

(Anexo XXIV)

Oficio da alcaldía comunicando que o concello presenta o informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención no que se indica o importe de achega provincial asignada no POS+Adicional 3/2025 que se aplica á redución da débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023, segundo o modelo Anexo XXIV.

(17 concellos indicados na base 14.3)

A.2 - CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE (Anexo XXV)

Certificación do acordo adoptado polo Pleno do concello, ou de quen corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando o financiamento con cargo ao POS+Adicional 3/2025 dos seus gastos correntes do exercicio 2025, segundo o modelo Anexo XXV ás Bases.

(76 concellos indicados na base 14.3)

B.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE A REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN RELATIVA AO PRÉSTAMO PROVINCIAL

(Anexo XXVI)

(Convocatoria POS+AD3 -REDUCIÓN DÉBEDA DP 2025)

Informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención no que se indique o importe de achega provincial asignada neste Plan que se aplica a esta finalidade, segundo o modelo Anexo XXVI.

O concello unicamente deberá indicar o importe total da achega provincial asignada que aplica a esta finalidade, non sendo necesario especificar o Plan concreto, posto que esta deputación a aplicará a minorar, en primeiro lugar, ao préstamo provincial do Plan máis antigo, e dentro deste, primeiro ao que foi destinado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e, posteriormente, ao que foi destinado ao financiamento de investimentos.

(17 concellos indicados na base 14.3)

C.- INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2025 (Anexo III)

(Convocatoria POS+AD3-GASTO CORRENTE 2025)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo III a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2025 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Neste Anexo III deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial aplicada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

Do mesmo modo que se indicaba nas bases 2.1 e 5.B.1, o concello deberá concentrar a súa solicitude no financiamento de só dous servizos públicos obrigatorios, aínda que tamén poderá aplicalo a máis servizos xustificando a necesidade de solicitar aplicalo a máis de dous para utilizar a achega provincial asignada, incluíndo a motivación ao final do dito Anexo III.

No caso de que o Anexo III presentado polo concello na convocatoria do Plan Base POS+gasto corrente 2025 xa inclúa unha previsión de gastos correntes por un importe **superior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2025 Base e POS+Adicional 3/2025, o Anexo III que se presente para o POS+ Adicional 3/2025 poderá ser o mesmo que se presente no POS+ Base 2025, debendo subirse o mesmo documento en ambas convocatorias.

No caso contrario, se o Anexo III presentado no Plan Base POS+ gasto corrente 2025 inclúe unha previsión de gastos correntes por un importe **inferior** á suma das achegas solicitadas para o seu financiamento con cargo ao POS+2025 Base e POS+Adicional 3/2025 deberá subirse un Anexo III que prevea obxectos distintos dos previstos para o POS+ Base 2025, ata alcanzar a achega provincial solicitada no POS+ Adicional 3/2025.



14.5.- Aprobación do Plan e pago da achega provincial

O Pleno desta deputación aprobará o POS+Adicional 3/2025 partindo das solicitudes presentadas polos concellos.

En relación coa **redución da débeda** dos concellos coa deputación orixinada pola utilización de préstamo provincial, a deputación realizará as operacións contables e orzamentarias que sexan precisas, minorando en primeiro lugar a correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar á aplicada a minorar a débeda do concello con entidades financeiras e posteriormente á aplicada ao financiamento de investimentos.

En relación coa achega provincial destinada ao financiamento dos **gastos correntes**, dado que segundo o disposto na base 9.1 ten carácter de prepagable, pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo III. O seu pago e xustificación realizarase de acordo co previsto na dita base 9.1 relativa ao pago deste obxecto, empregando o Anexo IV.



BASES POS+ 2025
ÍNDICE DE ANEXOS

I	Certificación do acordo plenario de aprobación do POS+ 2025
II	Memoria do Plan
III	Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre a previsión de gastos correntes 2025
IV	Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre a xustificación dos pagos dos gastos correntes 2025
V	Informe técnico sobre o investimento
VI	Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos
VII	Memoria económica da alcaldía sobre investimento financeiramente sostible
VIII	Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre investimento financeiramente sostible
IX	Certificación da resolución ou acordo de non división en lotes do investimento
Xa)	Informe da secretaría do concello sobre investimento relativo ao ciclo da auga
Xb)	Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable
XI	No aplica
XII	POS+ Adicional 2/2025 Certificación da resolución ou acordo de participación no Plan (para primeira fase ou para investimentos previstos no Plan Complementario)
XIII	POS+ Adicional 2/2025 Certificación do acordo de aprobación da segunda fase do Plan
XIV	Datos de adxudicación dos contratos de obras/subministracións
XV	POS+Adicional 1/2025 certificación do acordo plenario
XVI	POS+Adicional 1/2025 Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais extraordinarios 2025
XVII	POS+Adicional 1/2025 Informe técnico dos servizos sociais municipais
XVIII	POS+Adicional 1/2025 Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais en equipamento
XIX	POS+Adicional 1/2025 Informe sobre xustificación dos gastos sociais extraordinarios 2025
XX	POS+Adicional 1/2025 Adxudicación e xustificación de investimento
XXI	POS+Adicional 1/2025 Informe técnico dos servizos sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados con cargo ao POS+Adicional 1/2025
XXII	POS+Adicional 1/2025 Certificación da publicidade da achega provincial
XXIII	Declaración de alcaldía sobre investimento previsto no Plan complementario ao POS+ 2025
XXIV	POS+Adicional 3/2025 Oficio da alcaldía comunicando a participación do concello no Plan (76 concellos con débeda coa deputación)
XXV	POS+Adicional 3/2025 Certificación do acordo plenario de aprobación do POS+Adicional 3/2025 (17 concellos sen débeda coa deputación)
XXVI	POS+Adicional 3/2025 Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o importe da achega provincial aplicada á redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial



A N E X O I
CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025"

D. / Dna. _____
 secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /202 , adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2025					

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.



C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025				
	Achega 2024				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025				
	Achega 2024				
C- TOTAL	Achega 2025				
	Achega 2024				
	TOTAL				

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
TOTAIS			

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, _____ de _____ de dous mil _____.

V. pr.
A Alcaldía



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2025”**

ANEXO II

MEMORIA DO PLAN

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	

De acordo co esixido na base 5.A das reguladoras do Plan, emítase esta Memoria relativa á súa elaboración:

- OBXECTIVOS DO PLAN

(Deberanse describir os obxectivos que se pretende alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local)

- CRITERIOS DE SELECCIÓN

(Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos distintos obxectos do Plan)

- ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS PRACTICADAS OU PREVISTAS POLO CONCELLO PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS URBANOS dentro do cumprimento da normativa vixente xa sexan financiadas con cargo ao POS+ ou por outros medios.

(En cumprimento dunha suxestión da Valedora do Pobo)



- **ANÁLISE DAS MEDIDAS PRACTICADAS OU PREVISTAS POLO CONCELLO PARA A REDUCCIÓN OU RETIRADA DE TUBOS DE FIBROCEMENTO CON PRESENZA DE AMIANTO, SE TALES MATERIALES EXISTEN NAS SÚAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA OU DE SANEAMENTO, para impulsar a aplicación do disposto na disposición adicional 14 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.**

(En cumprimento dunha suxestión da Valedora do Pobo)

DA 14 da lei 7/2022: “En el plazo de un año desde la entrada en vigor de la ley, los ayuntamientos elaborarán un censo de instalaciones y emplazamientos con amianto incluyendo un calendario que planifique su retirada. Tanto el censo como el calendario, que tendrán carácter público, serán remitidos a las autoridades sanitarias, medioambientales y laborales competentes de las comunidades autónomas, las cuales deberán inspeccionar para verificar, respectivamente, que se han retirado y enviado a un gestor autorizado. Esa retirada priorizará las instalaciones y emplazamientos atendiendo a su grado de peligrosidad y exposición a la población más vulnerable. En todo caso las instalaciones o emplazamientos de carácter público con mayor riesgo deberán estar gestionadas antes de 2028”.

- **FINANCIAMENTO**

(Analizárase e xustificarase o plan financeiro previsto, no que se deberá reflectir, se algún investimento consiste, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, o importe do IVE soportado cando sexa deducible, que en tales casos non terá carácter de gasto subvencionable e polo tanto non consumirá achega provincial).

- **OUTRAS CUESTIÓNS** (Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2025"**

ANEXO III

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES PARA O EXERCICIO 2025

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítase este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2025 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos dous servizos que se detallan:

(Só cubrir os datos de **dous servizos** aos que o concello aplique o financiamento con cargo ao Plan, salvo a excepción prevista no parágrafo 3 da base 2.1, que deberá xustificarse ao final deste documento)

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2025 (Que se devenguen durante o exercicio 2025)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)= A-B ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliar de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			



SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2025 (Que se devenguen durante o exercicio 2025)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)= A-B ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

- EXCEPCIÓN DO PARÁGRAFO 3 DA BASE 2.1 RELATIVA Á NECESIDADE DE SOLICITAR APLICAR O FINANCIAMENTO PROVINCIAL A MÁIS DE DOUS SERVIZOS:

(No caso de que o concello necesite aplicar a achega provincial que considere conveniente a máis de dous servizos, deberá xustificarse debidamente neste apartado)



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2025"**

ANEXO IV

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO 2025

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na base 9.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe xustificativo dos pagos realizados e os dereitos recoñecidos por ingresos finalistas para a mesma finalidade, dos gastos correntes devengados na anualidade 2025 que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos servizos que se detallan, especificándose a contía transferida pola deputación que se dedicou polo concello a cada apartado:

(Só cubrir os datos de **dous servizos** aos que o concello aplicou ao financiamento con cargo ao Plan, salvo a excepción prevista no parágrafo 3 da base 2.1, que deberá xustificarse ao final deste documento)

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PAGOS REALIZADOS POR GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO ANO 2025	(B) DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)=A-B GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)	(D) CANTIDADE TRANSFERIDA POLA DEPUTACIÓN QUE SE APLICOU A CADA CONCEPTO
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				
Recollida domiciliar de lixo	Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				



SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PAGOS REALIZADOS POR GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO ANO 2025	(B) DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)=A-B GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)	(D) CANTIDADE TRANSFERIDA POLA DEPUTACIÓN QUE SE APLICOU A CADA CONCEPTO
Alumeado público	- Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	- Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito				
	-Bens e servizos correntes				
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros				
	SUBTOTAL				
TOTAL					

- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE SOLICITAR APLICAR O FINANCIAMENTO PROVINCIAL A MÁIS DE DOUS SERVIZOS:

(No caso de que o concello necesite aplicar a achega provincial a máis de dous servizos para utilizar a achega provincial que considerou conveniente, deberá xustificarse debidamente neste apartado)



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2025”**

ANEXO V

INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLUIDO	

De acordo co esixido na base 5.B.2.2 das reguladoras do Plan, este informe técnico individual para o investimento indicado deberá emitirse e asinarse polo persoal técnico municipal ou por quen teña encomendada as súas funcións:

AUTORIZACIÓNS

(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes.

Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.)

SUPERVISIÓN TÉCNICA

(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se solicita a asistencia a esta deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 3.6 da citada norma.)

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.)

LOTES (marcar o que proceda)

- Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:
- Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
 - Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
 - Outros motivos técnicos (especificar)



ESTUDO XEOTÉCNICO

(Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza).

TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO

(Detallaranse os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.)

APTITUDE URBANÍSTICA

(Deberá xustificarse de forma motivada o cumprimento da normativa urbanística, e conter unha conclusión clara ao respecto)

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

(Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina)

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

(Encher este apartado só para o caso de investimentos consistentes, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento de auga potable)

De acordo co disposto na base 2.2 das reguladoras do Plan, deberá indicarse o presuposto de execución material (PEM), e de ser obras, dos gastos xerais e beneficio industrial correspondentes, referidos soamente ás partidas de abastecemento de auga potable, para os efectos de que a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello poida informar no Anexo X b) se o importe do IVE soportado é deducible.

(A) PEM (Só abastecemento de auga potable)	(B) GASTOS XERAIS (Só abastecemento de auga potable)	(C) BENEFICIO INDUSTRIAL (Só abastecemento de auga potable)	(D)=A+B+C PEM+GG+BI (Só abastecemento de auga potable)

OUTRAS CUESTIÓNS

(Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2025”**

ANEXO VI

INFORME XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLUÍDO	

De acordo co esixido na base 5.B.2.3 das reguladoras do Plan, emítese este informe xurídico para o investimento indicado, tendo en conta o detalle dos terreos que segundo o informe técnico (Anexo V) son necesarios para a súa execución .

(A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento. Para o caso de ser necesario realizar expropiacións de terreos, ou algún outro tipo de expediente para obter a súa dispoñibilidade, deberá indicarse o estado no que se atopa o correspondente expediente).

Conclusión

- O concello **conta** coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento
- O concello **non conta** coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2025”**

ANEXO VII

**MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO**

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLUÍDO	

De acordo co esixido na base 5.B.2.6 das reguladoras do Plan, emíttese esta Memoria económica en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

- (Previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores)

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos



- Conclusión relativa á xustificación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores

2.- PROYECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS

(Proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

“Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros”

Opción B) no suposto de que se considere que vai ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

“Na seguinte táboa detállanse as previsión dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos, sobre o orzamento de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil.”

	2025	2026	2027	Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					



PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

“POS+ 2025”

ANEXO VIII

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN ESPECÍFICO DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLÚIDO	

De acordo co esixido na base 5.B.2.6 das reguladoras do Plan, emítese este informe en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCÍONS DA MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA

Breve análise da Memoria específica da Alcaldía sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello, e do período medio de pago a provedores.

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE

(Análise sobre se o investimento solicitado reúne os requisitos para ser considerado financeiramente sostible, indicando a partida orzamentaria de imputación)

- Competencia municipal
- Indicación sobre se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (un único grupo de programa dos previstos nas Bases) e aplicación orzamentaria
- Indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e si supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos
- Indicación da súa vida útil (non debe ser inferior a cinco anos)
- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación
- Indicación de que consta no expediente Memoria económica da Alcaldía sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:

O proxecto arriba indicado, **cumpre / non cumpre** os requisitos para ser considerado financeiramente sostible



ANEXO IX

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2025"

D. / Dna. _____

secretario/a do Concello de _____

De acordo co disposto no na base 5.B.2.4 das Reguladoras do Plan, **CERTIFICA** :

Que a Alcaldía deste concello / a Xunta de Goberno Local, no día / /202 , ditou / adoptou a / o seguinte Resolución / Acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLUÍDO	

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE número 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes. No modelo recóllense algúns dos motivos citados no dito artigo a modo de exemplo)

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico
- O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.
- (...)

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, ____ de _____ de dous mil _____.

V. pr.
A Alcaldía



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2025"**

ANEXO X a)

INFORME DA SECRETARÍA DO CONCELLO SOBRE O INVESTIMENTO RELATIVO AO CICLO DA AUGA

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLUÍDO	

De acordo co esixido na base 5.B.2.5 das reguladoras do Plan, a Secretaría do concello emite o seguinte informe en relación con este investimento asociado ao ciclo da auga:

Consultado o expediente correspondente, compróbase que a execución deste investimento que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2025”**

ANEXO X b)

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU DA SECRETARÍA INTERVENCIÓN DO CONCELLO
SOBRE INVESTIMENTOS RELATIVOS AO
ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE**

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO CO IVE INCLUIDO	

(Encher este apartado só para o caso dun proxecto ou prego que, en todo ou en parte, teña por obxecto actuacións de abastecemento municipal de auga potable segundo se indique polo técnico no Anexo V)

De acordo co disposto na base 5.B.2.5 das reguladoras do Plan, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, partindo do indicado no informe técnico (Anexo V), informa o seguinte:

O IVE soportado deste investimento **non é deducible**

O IVE soportado deste investimento **é deducible** polo seguinte importe a prezo de contrata:

ORZAMENTO DE CONTRATA RELATIVO SOAMENTE A PARTIDAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE		
(A)	(B)	(C)=A+B
Presuposto de execución material + gastos xerais + beneficio industrial (só obras de abastecemento)	IVE soportado deducible (só obras de abastecemento)	Total orzamento contrata (só obras de abastecemento)



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2025”**

ANEXO XI

NON APLICA



ANEXO XII

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE SOLICITUDE DO POS+ADICIONAL 2/2025

(Concellos que unicamente confirman investimentos xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025)

D. / Dna.

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que a Alcaldía deste concello/ a Xunta de Goberno Local, no día ____ / ____ /2025 ditou/adoptou a/o seguinte Resolución/ Acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
TOTAL					

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2025	
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2025	

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2025, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, a ____ de _____ de dous mil vinte e cinco.

V. pr.

A Alcaldía



A N E X O XIII

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN
PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL ADICIONAL 2/2025**

2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2025

D. / Dna.

Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /2025 adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.



C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025					
TOTAL					

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía, en

_____, ____ de _____ de dous mil vinte e cinco.

V. pr.
A Alcaldía

ANEXO XIV
DATOS DE ADXUDICACIÓN NOS CONTRATOS DE OBRAS / SUBMINISTRACIONES



CONCELLO	
ALCALDÍA	
SECRETARÍA	

DATOS DO INVESTIMENTO

Plan	
Código do investimento	
Denominación	

DATOS DA ADXUDICACIÓN

Procedemento (marcar o que proceda)	Procedemento ABERTO Único criterio FACTOR PREZO
	Procedemento ABERTO Pluralidade de criterios con aplicación de XUIZOS DE VALOR e de apreciación AUTOMÁTICA
	Procedemento ABERTO SIMPLIFICADO Pluralidade de criterios con aplicación de XUIZOS DE VALOR e de apreciación AUTOMÁTICA
	Procedemento ABERTO SIMPLIFICADO Aplicación de FÓRMULAS
	Procedemento ABERTO SIMPLIFICADÍSIMO OU SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6) Criterios avaliados de forma AUTOMÁTICA
	Execución pola Administración Artigo 30 Lei 9/2017
	Contrato Menor
Órgano de adxudicación	
Data da adxudicación	
Prazo de execución	
Data da publicación do "Anuncio de adxudicación" na Plataforma de Contratos do Estado (Non necesario nos contratos menores con consulta a 3 empresas)	
Datos do adxudicatario	NIF
	Nome/Razón social

DATOS ECONÓMICOS

Orzamento de contrata (IVE incluído)	
Orzamento de adxudicación (IVE incluído)	
Baixa de adxudicación (IVE incluído)	
SÓ NOS INVESTIMENTOS NOS QUE O IVE SEXA DEDUCIBLE SEGUNDO MODELO ANEXO X b)	
IVE deducible a prezo de contrata (segundo o Anexo X b)	
IVE deducible a prezo de adxudicación	



POS+ ADICIONAL1/ 2025

ANEXO XV
CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO

D. / Dna.

Secretario/a do Concello de

CERTIFICA :

Que o pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/202_ adoptou o seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2025" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	
---	--

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	A	B	C	D	E
Gastos correntes					
Investimentos: Tipoloxía i					
Investimentos: Tipoloxía j					
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025					

A. Previsión de gastos para o 2025

B. Estimación doutros ingresos públicos ou privados

C. Estimación do gasto a financiar polo concello

D. Importe solicitado no POS+ADICIONAL 2025

E. Importe financiado con outros recursos propios do concello

IMPORTES SOLICITADOS	
I. Importe solicitado para gastos correntes	
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 1/ 2025 (I + II + III)	

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía,

En _____, ____ de _____ de dous mil _____.

V. pr.

A Alcaldía



ANEXO XVI
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN
SOBRE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025

Concello	
-----------------	--

Don/Dona	
-----------------	--

Cargo da persoa que emite o informe	
--	--

De acordo co esixido nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios, emítese este informe relativo aos gastos previstos no exercicio 2025

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS <small>(Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta Deputación)</small>	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO <small>(Pode ser superior ao importe solicitado)</small>
	(A)	(B)	(C=A-B)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.			
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.			
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia , incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.			
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia .			
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos : servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.			
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario			



g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais			
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.			
TOTAL GASTOS CORRENTES			

i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.			
TOTAL GASTOS INVESTIMENTO. TIPO I E/OU TIPO J			

O total de cada tipoloxía de gasto deberá trasladarse as columnas A, B e C do acordo plenario da solicitude.



POS+ ADICIONAL1/ 2025

ANEXO XVII
INFORME TÉCNICO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

CONCELLO			
DATA DO INFORME			
NOME DA PERSOA DO EQUIPO TÉCNICO QUE EMITE O INFORME			
CARGO DA PERSOA DO EQUIPO DE SERVIZOS SOCIAIS QUE EMITE O INFORME			
DENOMINACIÓN DO GASTO		Gastos correntes	Gastos de investimento

A. PROGRAMAS PREVISTOS GASTOS CORRENTES**a) CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO E/OU ADMINISTRATIVO**

Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.

A finalidade é apoiar aos equipos técnicos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

O importe non pode ser destinado a cubrir:

- A achega municipal do Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS
- O financiamento do persoal contratado a través do Plan Concertado, xa que correspondería cun gasto corrente ordinario.
- O persoal das escolas infantís ou puntos de atención á infancia que non corresponda a persoal de reforzo.

Necesidades detectadas	
Detalle e funcións do persoal para o que se solicita financiamento	
Foi un persoal financiado en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1? No caso afirmativo, indicar dende que ano.	

b) AXUDAS DE EMERXENCIA E NECESIDADE SOCIAL

Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro,



de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

Excepcionalmente as axudas de emerxencia e necesidade social poderán ser destinadas a outras unidades de convivencia vulnerables que sexan valoradas polo equipo técnico municipal dos servizos sociais

Estas axudas de emerxencia deberanse tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.

Cando as axudas se entreguen en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite dos 500,00 € por unidade entregada.

Necesidades detectadas							
Detalle dos conceptos de gasto para os que se solicita financiamento							
As axudas de emerxencia previstas tramitaranse en base a: * Marcar unha ou varias opcións	<table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Ordenanza municipal</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Convocatoria</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Axuda directa</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/>	Ordenanza municipal	<input type="checkbox"/>	Convocatoria	<input type="checkbox"/>	Axuda directa
<input type="checkbox"/>	Ordenanza municipal						
<input type="checkbox"/>	Convocatoria						
<input type="checkbox"/>	Axuda directa						
Obtívose achega provincial para esta tipoloxía de gasto en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1? No caso afirmativo, indicar dende que ano.							

c) SAF DEPENDENCIA (atencións de carácter básico)

Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

Necesidades detectadas	
Obtívose achega provincial para esta tipoloxía de gasto en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1? No caso afirmativo, indicar dende que ano.	

d) SAF LIBRE CONCORRENCIA (atencións de carácter básico)

Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 municipal nin, no caso dos concellos de menos de 20.000 habitantes, á achega municipal do Plan de Financiamento dos



servizos sociais municipais FOPPSS. Lémbrese que a finalidade do FOPPSS é a estabilidade na prestación do servizo na modalidade de libre concorrencia, mentres que a do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios é poder responder a necesidades imprevistas e de emerxencia.

Permítese soamente o gasto extraordinario xerado pola ampliación de horas desta modalidade do SAF.

Necesidades detectadas	
Obtívose achega provincial para esta tipoloxía de gasto en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1? No caso afirmativo, indicar dende que ano.	

e) SAF SERVICIOS ESPECÍFICOS DE CARÁCTER BÁSICO (modalidade dependencia e libre concorrencia)

Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Necesidades detectadas													
Descrición do(s) servizo(s) para o(s) que se solicita achega provincial	<table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>Ano de inicio</th> <th>n.º prazas previas ás convocatorias do POS+Adicional 1</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Servizo de Xantar na casa</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Servizo de Comedor sobre rodas</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Servizo de Lavandaría</td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		Ano de inicio	n.º prazas previas ás convocatorias do POS+Adicional 1	Servizo de Xantar na casa			Servizo de Comedor sobre rodas			Servizo de Lavandaría		
	Ano de inicio	n.º prazas previas ás convocatorias do POS+Adicional 1											
Servizo de Xantar na casa													
Servizo de Comedor sobre rodas													
Servizo de Lavandaría													
Creación ou ampliación do(s) servizo(s) para os que se solicita achega provincial	<table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>n.º prazas creadas ou ampliadas en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1</th> <th>n.º prazas creadas ou ampliadas solicitadas no POS+Adicional 1/2025</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Servizo de Xantar na casa</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Servizo de Comedor sobre rodas</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Servizo de Lavandaría</td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		n.º prazas creadas ou ampliadas en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1	n.º prazas creadas ou ampliadas solicitadas no POS+Adicional 1/2025	Servizo de Xantar na casa			Servizo de Comedor sobre rodas			Servizo de Lavandaría		
	n.º prazas creadas ou ampliadas en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1	n.º prazas creadas ou ampliadas solicitadas no POS+Adicional 1/2025											
Servizo de Xantar na casa													
Servizo de Comedor sobre rodas													
Servizo de Lavandaría													
Existe copago nestes servizos?	<table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Si</td> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Non</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non								
<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non										

f) SAF SERVICIOS DE CARÁCTER COMPLEMENTARIO (modalidade dependencia e libre concorrencia)

Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables: servizo



de carácter complementario comprendido por diferentes tipos de proxectos municipais e actividades que teñen a finalidade de atender situacións de risco socio sanitario a través de intervencións personalizadas no fogar (servizo de psicoloxía, actividade de estimulación cognitiva e prevención do deterioro funcional, musicoterapia, aprendizaxe do uso das novas tecnoloxías, etcétera)

- Adaptacións funcionais do fogar: servizo de carácter complementario que se deberá tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.
- Servizo de podoloxía
- Servizo de fisioterapia
- Terapia ocupacional

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Necesidades detectadas													
Para que servizo(s) solicítase achega provincial e en que ano se iniciou este servizo municipal?	<table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>Ano de inicio</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables</td> <td></td> </tr> <tr> <td>Adaptacións funcionais do fogar</td> <td></td> </tr> <tr> <td>Servizo de podoloxía</td> <td></td> </tr> <tr> <td>Servizo de fisioterapia</td> <td></td> </tr> <tr> <td>Terapia ocupacional</td> <td></td> </tr> </tbody> </table>		Ano de inicio	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables		Adaptacións funcionais do fogar		Servizo de podoloxía		Servizo de fisioterapia		Terapia ocupacional	
	Ano de inicio												
Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables													
Adaptacións funcionais do fogar													
Servizo de podoloxía													
Servizo de fisioterapia													
Terapia ocupacional													
Descrición da creación ou ampliación do(s) servizo(s) para o(s) que se solicita achega provincial													
Obtivo achega provincial para algún destes servizos en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1? No caso afirmativo, indicar cal e dende que ano.													
Existe copago nestes servizos?	<table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Si</td> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Non</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non								
<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non										

g) SERVICIOS PARA O RESPIRO E A CONCILIACIÓN FAMILIAR

Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

Os servizos e medidas de conciliación comprendidas neste apartado deberán destinarse ás unidades de convivencia cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos. No caso de que os servizos municipais ou as axudas económicas promovidas polo municipio para o respiro familiar ou as medidas de



conciliación vaian dirixidas á poboación en xeral, serán subvencionables na súa totalidade polo POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios cando se estableza **copago** para as persoas que contén con ingresos suficientes. No caso de non ter establecido o copago, só se podería imputar parcialmente o custo do servizo ou axudas no referido aos gastos derivados das familias que carezan dos recursos económicos mencionados.

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Necesidades detectadas									
En que ano se iniciou o servizo para o que solicita achega provincial?									
Breve descrición do servizo previsto									
Os servizos municipais promovidas polo municipio para o respiro familiar ou as medidas de conciliación dirixense á toda a poboación?	<table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Non, só para unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Si</td> </tr> </table> <p>En caso positivo, existe copago no servizo prestado?</p> <table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Si</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Non*</td> </tr> </table> <p><i>* (lémbrese que só se podería imputar parcialmente o custo do servizo ou axudas no referido aos gastos derivados das familias que carezan dos recursos económicos mencionados)</i></p>	<input type="checkbox"/>	Non, só para unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non*
<input type="checkbox"/>	Non, só para unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades								
<input type="checkbox"/>	Si								
<input type="checkbox"/>	Si								
<input type="checkbox"/>	Non*								
Obtívose achega provincial para este tipo de servizo en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1? No caso afirmativo, indicar dende que ano.									

h) OUTRAS MEDIDAS SOCIAIS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

Será preciso xustificar o carácter extraordinario, imprescindible e urxente. Os programas que se veñan desenvolvendo habitualmente non poden considerarse extraordinarios, salvo os iniciados grazas ás anteriores convocatorias do POS+Adicional 1

Non ten cabida nesta tipoloxía de gasto calquera programa, prestación, servizo ou contratación de persoal que teña encaixe nas anteriores tipoloxías de gastos correntes.



Non se consideran obxecto desta subvención comidas, bailes, magosto, excursións, os equipo de protección individual no traballo (EPIS) ou outros de análoga natureza por ser considerados gasto corrente municipal.	
Necesidades detectadas	
En que ano se iniciou o servizo ou programa para o que se solicita achega provincial?	
Breve descrición do servizo ou programa previsto	
Detalle dos conceptos de gasto para os que se solicita financiamento	
Obtívose achega provincial para este tipo de servizo ou programa en anteriores convocatorias do POS+Adicional 1? No caso afirmativo, indicar dende que ano.	
Existe copago nestes servizos ou programas?	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

B. PROGRAMAS PREVISTOS INVESTIMENTOS

i) EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL PARA CESIÓN DE USO ÁS PERSOAS	
<p>Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria cando, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>	
Necesidades detectadas	
Breve descrición dos equipamento que se pretenden adquirir	
Descibir como se garantizará que o equipamento destinarase a persoas que carezan de recursos económicos suficientes	
Detalle dos conceptos de gasto para os que se solicita financiamento	
j) EQUIPAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS	
<p>Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>	
Necesidades detectadas	
Breve descrición do equipamento que se pretende adquirir	



A que programa ou servizo se destinará o equipamento adquirido?	
Detalle dos conceptos de gasto para os que se solicita financiamento	

OUTROS DATOS DE INTERESE TÉCNICO:

POS+ ADICIONAL1/ 2025



ANEXO XVIII

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN
SOBRE GASTOS SOCIAIS EN EQUIPAMENTO**

Concello	
Don/Dona	
Cargo da persoa que emite o informe	

De acordo co esixido na Base 12.4 das reguladoras do Plan, emítese este informe sobre equipamento solicitado

DESCRICIÓN DO EQUIPAMENTO:

i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

DESCRICIÓN	UNIDADES	IMPORTE TOTAL
TOTAL		

j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

DESCRICIÓN	UNIDADES	IMPORTE TOTAL
TOTAL		

OUTRAS CUESTIÓNS:

Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior

--



POS+ ADICIONAL 1/ 2025

ANEXO XIX
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN
DOS PAGAMENTOS E DEREITOS RECOÑECIDOS

Concello	
-----------------	--

Don/Dona	
Cargo da persoa que emite o informe	

De acordo co esixido nas bases reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo aos pagamentos por gastos sociais extraordinarios imputados ao POS+Adicional 1/2025

- A. Pagos realizados por gastos correntes devengados no ano 2025
- B. Dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados. (Excluída a achega provincial)
- C. Gasto asumido polo concello (C=B-A)
- D. Gasto asumido polo concello imputado ao POS+ADICIONAL 1/2025 (Non pode ser superior a C)
- E. Gasto asumido polo concello imputado a outros recursos propios do concello (E=C-D)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025: GASTO CORRENTE	A	B	C	D	E
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.					
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.					
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia , incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.					
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia .					
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos : servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.					
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario					
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais					
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.					
TOTAL GASTOS CORRENTES					



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025: INVESTIMENTO	A	B	C	D	E
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.					

POS+ ADICIONAL1/ 2025



ANEXO XX
INFORME DA INTERVENCIÓN E DA SECRETARÍA DO CONCELLO
SOBRE A ADXUDICACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTO

Concello	
-----------------	--

Don/Dona	
Nome e cargo das persoas que asinan o informe	

INFORMAMOS:

1º. Que para a aprobación do gasto no investimento imputado seguiuise o procedemento do que se sinalan os datos:

Denominación do investimento	
------------------------------	--

Procedemento de contratación (*)	
Data de adxudicación / aprobación	
Órgano que adxudica / aproba	
Orzamento de licitación (IVE engadido)	
Orzamento de adxudicación / aprobación (IVE engadido)	
Economía adxudicación	
Nome e NIF do adxudicatario	

2º. Que os pagamentos efectuados con cargo ao POS+ ADICIONAL 1/2025 son os seguintes:

(Cubrir unha columna por cada factura)

Nome e NIF do provedor				
Número Factura				
Data factura				
Conceptos facturados				
Importe				
Data recepción do equipamento (**)				
Data de pagamento				
Economía na execución				

Total PAGAMENTOS	
-------------------------	--

(*) Deberán indicar se se tramitou mediante contrato con procedemento aberto, contrato menor ou só unha aprobación de gastos

(**) No caso de contratos con procedemento aberto deberán achegar a ACTA DE RECEPCIÓN dos equipamentos.



POS+ ADICIONAL1/ 2025

ANEXO XXI

**INFORME TÉCNICO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS XUSTIFICATIVO
DA EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS FINANCIADOS CON CARGO AO POS+ ADICIONAL 1/2025**

CONCELLO			
DATA DO INFORME			
NOME DA PERSOA DO EQUIPO TÉCNICO QUE EMITE O INFORME			
CARGO DA PERSOA DO EQUIPO DE SERVIZOS SOCIAIS QUE EMITE O INFORME			
DENOMINACIÓN DO GASTO		Gastos correntes	Gastos de investimento

De acordo co esixido nas bases reguladoras do Plan, emítase este informe técnico dos Servizos Sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados polo POS+Adicional 1/2025, no que se avalían os programas executados e reflíctense as incidencias da execución do previsto, programas finalmente realizados, cambios de programa, motivación dos cambios, avaliación, resultados obtidos, poboación e colectivo beneficiario, propostas e calquera outra incidencia.

A. INFORME GASTOS CORRENTES

Tipoloxía de gasto corrente (*)	PROGRAMAS PREVISTOS PARA GASTOS CORRENTES	EXECUTADO		MOTIVO DA NON EXECUCIÓN
		SI	NON	

Tipoloxía de gasto corrente (*)	PROGRAMAS EXECUTADOS QUE NON FIGURABAN NA SÚA SOLICITUDE	MOTIVO DA SÚA INCLUSIÓN NO POS+ ADICIONAL 1/2025

* Indicar a tipoloxía de gasto segundo as bases reguladoras do PLAN (BASE 12.1: a, b, c, d, e, f, g, h)


MEMORIA DOS PROGRAMAS EXECUTADOS POR CADA TIPOLOXÍA DE GASTO EXTRAORDINARIO
a) CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO E/OU ADMINISTRATIVO

Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.

A finalidade é apoiar aos equipos técnicos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir:

- A achega municipal do Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS
- O financiamento do persoal contratado a través do Plan Concertado, xa que correspondería cun gasto corrente.
- O persoal das escolas infantís ou puntos de atención á infancia que non corresponda a persoal de reforzo.

Nome do posto de traballo	(Por exemplo: Traballador/a Social, Auxiliar Administrativo/a, Psicólogo/a)
Tipo de persoal	(laboral, funcionario interino)
Categoría profesional	(A1, A2, C1, C2, grupo laboral)
Período no que o persoal contratado estivo vinculado ao concello durante o ano 2025	(DD/MM/AAAA - DD/MM/AAAA)
En que servizo ou programa dos Servizos Sociais participou o persoal contratado?	
Cales foron as funcións do persoal contratado?	
Incidencias	
Propostas de mellora	
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025	

b) AXUDAS DE EMERXENCIA E NECESIDADE SOCIAL

Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

Excepcionalmente as axudas de emerxencia e necesidade social poderán ser destinadas a outras unidades de convivencia vulnerables que sexan valoradas polo equipo técnico municipal dos servizos sociais.

Estas axudas de emerxencia deberanse tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.

Cando as axudas se entreguen en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite dos 500,00 € por unidade entregada.

As axudas de emerxencia previstas tramitáronse en base a: (marcar cunha X unha ou varias opcións)	<input type="checkbox"/>	Ordenanza municipal
	<input type="checkbox"/>	Convocatoria
	<input type="checkbox"/>	Axuda directa



Descrición do tipo e nº de axudas de emerxencia e necesidade social	
Resultados obtidos: nº de unidades de convivencia beneficiarias	
Poboación e colectivos destinatarios	
Incidencias	
Propostas de mellora	
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025	

c) SAF DEPENDENCIA (atencións de carácter básico)

Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

Nº de horas imputadas ao POS+Adicional 1/2025	
Incidencias	
Propostas de mellora	
Importe do gasto imputado ao POS+Adicional 1/2025	

d) SAF LIBRE CONCORRENCIA (atencións de carácter básico)

Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 municipal nin, no caso dos concellos de menos de 20.000 habitantes, á achega municipal do Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Lémbrese que a finalidade do FOPPSS é a estabilidade na prestación do servizo na modalidade de libre concorrencia, mentres que a do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios é poder responder a necesidades imprevistas e de emerxencia.

Permítese soamente o gasto extraordinario xerado pola ampliación de horas desta modalidade do SAF.

Nº de horas extraordinarias imputadas ao POS+Adicional 1/2025	
Incidencias	
Propostas de mellora	
Importe do gasto imputado ao POS+Adicional 1/2025	

e) SAF SERVIZOS ESPECÍFICOS DE CARÁCTER BÁSICO (modalidade dependencia e libre concorrencia)

Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos: servi-



zo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Para que servizo solicitou achega provincial? (marcar cunha X unha ou varias opcións)	<table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Servizo de Xantar na casa</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Servizo de Comedor sobre rodas</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Servizo de Lavandaría</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/>	Servizo de Xantar na casa	<input type="checkbox"/>	Servizo de Comedor sobre rodas	<input type="checkbox"/>	Servizo de Lavandaría
<input type="checkbox"/>	Servizo de Xantar na casa						
<input type="checkbox"/>	Servizo de Comedor sobre rodas						
<input type="checkbox"/>	Servizo de Lavandaría						
Nº de prazas financiadas co POS+Adicional 1/2025	Servizo de Xantar na casa: _____ prazas Servizo de Comedor sobre rodas: _____ prazas Servizo de Lavandaría: _____ prazas						
Nº e características das persoas destinatarias							
Incidencias							
Propostas de mellora							
O servizo descrito conta con copago? No caso afirmativo, indicar o importe anual do copago para cada servizo financiado.							
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025	Servizo de Xantar na casa: _____ € Servizo de Comedor sobre rodas: _____ € Servizo de Lavandaría: _____ €						

f) SAF SERVICIOS DE CARÁCTER COMPLEMENTARIO (modalidade dependencia e libre concorrencia)

Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables: servizo de carácter complementario comprendido por diferentes tipos de proxectos municipais e actividades que teñen a finalidade de atender situacións de risco sociosanitario a través de intervencións personalizadas no fogar (servizo de psicoloxía, actividade de estimulación cognitiva e prevención do deterioro funcional, musicoterapia, aprendizaxe do uso das novas tecnoloxías, etcétera)
- Adaptacións funcionais do fogar: servizo de carácter complementario que se deberá tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.
- Servizo de podoloxía
- Servizo de fisioterapia
- Terapia ocupacional

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.



Para que servizo solicitou achega provincial? (marcar cunha X unha ou varias opcións)	<input type="checkbox"/>	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables
	<input type="checkbox"/>	Adaptacións funcionais do fogar
	<input type="checkbox"/>	Servizo de podoloxía
	<input type="checkbox"/>	Servizo de fisioterapia
	<input type="checkbox"/>	Terapia ocupacional
Descrición do servizo para o que se solicitou achega provincial. No caso das adaptacións funcionais no fogar, indicar como se tramitaron		
Nº e características das persoas destinatarias		
O servizo ou programa descrito conta con copago? No caso afirmativo, indicar o importe anual do copago para cada servizo financiado.		
O servizo ou programa descrito conta con outra fonte de financiamento? No caso afirmativo, describilla e indicar o importe anual.		
Período no que se levou a cabo o programa ou servizo		(DD/MM/AAAA - DD/MM/AAAA)
Incidencias		
Propostas de mellora		
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025		

g) SERVICIOS PARA O RESPIRO E A CONCILIACIÓN FAMILIAR

Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.

Os servizos e medidas de conciliación comprendidas neste apartado deberán destinarse ás unidades de convivencia cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos. No caso de que os servizos municipais ou as axudas económicas promovidas polo municipio para o respiro familiar ou as medidas de conciliación vaian dirixidas á poboación en xeral, serán subvencionables na súa totalidade polo POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios cando se estableza **copago** para as persoas que contan con ingresos suficientes. No caso de non ter establecido o copago, só se podería imputar parcialmente o custo do servizo ou axudas no referido aos gastos derivados das familias que carezan dos recursos económicos mencionados.

Nesta tipoloxía de gasto corrente o importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo.

Para que tipo de servizo solicitou achega provincial?
 (marcar cunha X unha ou varias opcións)

<input type="checkbox"/>	Servizo de respiro familiar
<input type="checkbox"/>	Servizo de conciliación familiar



Denominación do servizo									
Descrición do servizo									
Os servizos municipais promovidas polo municipio para o respiro familiar ou as medidas de conciliación dirixíronse á toda a poboación?	<table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Non, só para unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Si</td> </tr> </table> <p>No caso positivo, existe copago no servizo prestado?</p> <table border="1"> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Si</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/></td> <td>Non*</td> </tr> </table> <p><i>* (lémbrese que só se podería imputar parcialmente o custe do servizo ou axudas no referido aos gastos derivados das familias que carezan dos recursos económicos mencionados)</i></p>	<input type="checkbox"/>	Non, só para unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non*
<input type="checkbox"/>	Non, só para unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades								
<input type="checkbox"/>	Si								
<input type="checkbox"/>	Si								
<input type="checkbox"/>	Non*								
Poboación destinataria									
Avaliación e resultados obtidos									
Período no que se levou o servizo	(DD/MM/AAAA - DD/MM/AAAA)								
Incidencias									
Propostas de mellora									
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025									

h) OUTRAS MEDIDAS SOCIAIS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

Será preciso xustificar o carácter extraordinario, imprescindible e urxente. Os programas que se veñan desenvolvendo habitualmente non poden considerarse extraordinarios, salvo os iniciados grazas ás anteriores convocatorias do POS+Adicional 1

Non ten cabida nesta tipoloxía de gasto calquera programa, prestación, servizo ou contratación de persoal que teña encaixe nas anteriores tipoloxías de gastos correntes.

Non se consideran obxecto desta subvención comidas, bailes, magosto, excursións, os equipo de protección individual no traballo (EPIS) ou outros de análoga natureza por ser considerados gasto corrente municipal.

Denominación do programa ou servizo	
Ano de inicio	
Descrición do programa ou servizo	
Poboación e colectivos destinatarios	



Avaliación e resultados obtidos	
O servizo ou programa descrito conta con copago? No caso afirmativo, indicar o importe anual do copago para cada servizo financiado.	
O servizo ou programa descrito conta con outra fonte de financiamento? No caso afirmativo, describila e indicar o importe anual.	
Período no que se levou a cabo o programa ou servizo	(DD/MM/AAAA - DD/MM/AAAA)
Incidencias	
Propostas de mellora	
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025	

B. INFORME INVESTIMENTOS

Tipoloxía de gasto de investimento (*)	PROGRAMAS PREVISTOS PARA INVESTIMENTO	EXECUTADO		MOTIVO DA NON EXECUCIÓN
		SI	NON	

Tipoloxía de gasto de investimento (*)	PROGRAMAS EXECUTADOS QUE NON FIGURABAN NA SÚA SOLICITUDE	MOTIVO DA SÚA INCLUSIÓN NO POS+ ADICIONAL 1/2025

* Indicar a tipoloxía de gasto segundo as bases reguladoras do PLAN (BASE 12.1: i, j)

MEMORIA DOS PROGRAMAS EXECUTADOS POR CADA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTO

i) EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL PARA CESIÓN DE USO ÁS PERSOAS	
<p>Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria cando, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>	
Descrición do equipamento adquirido	



Poboación e colectivos destinatarios	
Como se garantiu que o equipamento se destinou a persoas que carecesen de recursos económicos suficientes?	
Incidencias	
Propostas de mellora	
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025	

j) EQUIPAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

Denominación do equipamento adquirido	
Programas ou servizos sociais que se beneficiaron do equipamento adquirido	
Incidencias	
Propostas de mellora	
Importes e conceptos do gasto imputado ao programa POS+Adicional 1/2025	



POS+ ADICIONAL1/ 2025

ANEXO XXII
CERTIFICACIÓN DA PUBLICIDADE DA ACHEGA PROVINCIAL

Concello	
Don/Dona	
Cargo da persoa que asina Alcaldesa/alcalde ou concelleiro/a delegado/a	

Co obxecto de xustificar a achega da Deputación da Coruña, aprobada con cargo ao POS+ ADICIONAL1/ 2025 para gastos sociais extraordinarios imputada a: *(marcar cunha X a opción correcta)*

- Gastos correntes
- Gastos de investimento: Tipo I
- Gastos de investimento: Tipo J

DECLARO:

Que a entidade dou cumprimento ao compromiso de publicitar a achega provincial do seguinte xeito:

--

Achegase proba documental do dito cumprimento

Para que este documento sexa válido deberá estar asinado polo/a representante da entidade local

**ANEXO XXIII****PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)****POS+ ADICIONAL 2/2025****DECLARACIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O
INVESTIMENTO PREVISTO NO PLAN
COMPLEMENTARIO AO POS+ 2025**

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE	

DECLARO QUE:

1.- Este concello confirma a inclusión no POS+ Adicional 2/2025 do investimento indicado, que xa figuraba incluído no POS+2025 Complementario aprobado con carácter de reserva, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- O proxecto da obra ou prego da subministración, e os demais documentos requiridos nas Bases, son os que este concello presentou no seu momento na convocatoria POS+ 2025 Complementario.

**A N E X O XXIV****OFICIO DA ALCALDÍA COMUNICANDO A PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE
COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS+ ADICIONAL 3/2025**

CONCELLO DE	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA	

Este concello comunica a súa participación no POS+ Adicional 3/2025 e presenta o informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención no que se indica o importe de achega provincial asignada no POS+Adicional 3/2025 que se aplica á redución da débeda con esta deputación pola utilización de préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023,



A N E X O XXV

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE
COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
POS+ ADICIONAL 3/2025**

D. / Dna. _____
Secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /2025 adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 3/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Financiamento de gastos correntes:
(17 concellos indicados na base 14.3)

Gastos correntes 2025	Asignación POS+ Ad 3/2025 aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía,

en _____, ____ de _____ de dous mil vinte e cinco.

V. pr.
A Alcaldía



**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
POS+ADICIONAL 3/2025**

ANEXO XXVI

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE O
IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL APLICADA Á REDUCIÓN DA DÉBEDA DO
CONCELLO COA DEPUTACIÓN RELATIVA AO PRÉSTAMO PROVINCIAL**

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 14 das reguladoras do Plan, emítese este informe sobre o importe da achega provincial aplicada á redución da débeda do concello coa deputación relativa ao préstamo provincial orixinada pola solicitude e aplicación de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI 2015 e 2016) e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+ 2017 a 2023).

O concello unicamente deberá indicar o importe total da achega provincial asignada ao concello neste Plan que aplica a este obxecto, non sendo necesario especificar o Plan concreto, posto que esta deputación a aplicará a minorar, en primeiro lugar, o préstamo provincial do Plan máis antigo, e dentro deste, primeiro o que foi destinado a reducir a débeda do concello con entidades financeiras e, posteriormente, o que foi destinado ao financiamento de investimentos.

Total redución da débeda do concello coa deputación	Asignación POS+ Ad 3/2025 aplicada
	€



19.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a outubro de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de outubro de 2024.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de outubro de 2024.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

20.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2024 e proxección a 31/12/2024.

PRIMEIRO.- Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30 de setembro de 2024, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Se se teñen en consideración os criterios utilizados pola Administración do Estado na avaliación da estabilidade orzamentaria obtéñense os resultados que se recollen no Anexo I e que supoñen o previsible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto ao longo do exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2024, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria



e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

21.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao terceiro trimestre de 2024.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña), correspondente ao terceiro trimestre de 2024, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

22.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2024.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e do seu ente dependente (Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2024, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma.

23.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos da dotación dun vehículo para posto de mando avanzado e adquisición dun vehículo tipo "pick up" para atención ás emerxencias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais



que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se atópanse recollidos no artigo 22.2.c da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. e no artigo 67 do seu regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións).

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público. É preciso destacar que a prestación do servizo da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Santiago de Compostela é realizada con frecuencia fóra do termo municipal de Santiago de Compostela.

Este carácter comarcal da prestación é de especial relevancia na motivación do expediente xa que as accións da Deputación deberán dar preferencia, entre outras as aquelas prestacións e servizos de carácter supramunicipal.

Entre as prestacións cabe sinalar as seguintes:

- Acompañamento nenos ao colexio
- Vixancia dos camiños
- Vixancia en eventos culturais e deportivos
- Recollida de animais
- Reténs por temporal
- Anegamentos
- Acompañamentos nas diversas andainas
- Participación na búsqueda de persoas desaparecidas
- Rescate de persoas.

3º.- O modelo de convenio do presente expediente é o solicitado pola Xunta de Galicia e mais concretamente pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes que remitiron o texto base do mesmo.

4º.- O concello de Santiago achegou os pregos de prescricións técnicas das subministracións obxecto deste convenio e foron analizados e informados favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación, cuxo informe consta no expediente.

5º.- A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/943.1/467.01.

6º.- Segundo o establecido no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvención deberán estar en posesión no caso de subministracións do albarán de entrega e factura. No caso de adquisición de vehículos, igualmente deberá disporse do documento acreditativo da inscrición da titularidade a prol da persoa beneficiaria no rexistro público correspondente.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS CO FIN DE COLABORAR NOS GASTOS DA DOTACIÓN DUN



VEHÍCULO PARA POSTO DE MANDO AVANZADO E ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TIPO "PICK UP" PARA ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS.

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, D. Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente D. Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Polo Concello de Santiago de Compostela, a súa alcaldesa, D. Goretti Sanmartín Rei, en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1 a) e o artigo 61.1º.a) da Lei do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios

Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG núm.108, do 7 de xuño de 2004) a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

SEGUNDO.- Ás deputacións provinciais, como órgano de goberno da provincia, correspóndelle a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e, en particular, participar na coordinación da administración local coa da Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia



de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes, garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por no resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles

TERCEIRO.- Que segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

O Concello de Santiago de Compostela quere reforzar o Servizo de Emerxencias Municipal e Protección Civil existente, para prestar a atención debida ao seu territorio e poboación e precisan dos medios básicos entre os que se atopa a necesidade de dotación dun vehículo para posto de mando avanzado e adquisición dun vehículo tipo "Pick Up", para atención ás emerxencias, , dado que as funcións de Emerxencias e a Protección Civil son exercidas de forma exclusiva no concello por esta entidade non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Co fin de establecer as condicións de colaboración necesarias, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela

Por todo isto,

ACORDAN

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación de Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela en materia de protección civil e emerxencias.

A tales efectos colaborarase economicamente na adquisición da dotación dun vehículo para posto de mando avanzado e adquisición dun vehículo tipo "Pick Up" para emprego dos servizos de protección civil dentro do concello ou en concellos limítrofes en materia de protección civil e na atención ás emerxencias, especialmente en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro dos/as peregrinos/os que camiñan polas diferentes rutas cara a Santiago de Compostela, así como nos actos múltiples de concentración de persoas en eventos programados.

A rotulación do equipamento deberá cumprir co establecido no decreto 123/2014, do 18 de setembro polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias e a Orde do 24 de febreiro do 2015 que o desenvolve.



Segunda.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará na realización da actuación ao que se refire a cláusula primeira deste convenio, achegando a cantidade máxima de corenta mil euros, IVE incluído (40.000 €) cargo á aplicación orzamentaria 35.06.212A.760.0 e código de proxecto 2015-00107 dos orzamentos do ano 2024.

Terceira.- Obrigas da Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña colaborará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio con 40.000 € con cargo ós seus orzamentos xerais para o ano 2024.

Cuarta.- Obrigas do Concello de Santiago de Compostela

O Concello de Santiago de Compostela realizará a adquisición dos suministros descritos na cláusula primeira para a atención ás emerxencias, colaborando con unha achega de 40.000 € con cargo aos seus orzamentos para o ano 2024. A inversión máxima a subvencionar será de 120.000,00 € IVE engadido.

Serán por conta do concello todos os gastos de matriculación seguros, etc así como o manexo, mantemento e eventuais reparacións dos vesiculosos e dos equipos de emerxencia que os equipan e da obriga de tomar ao seu cargo unha póliza de seguro que cubra todos os riscos que poidan derivarse da circulación e utilización do mesmo, das súas actuacións e operarios.

Así mesmo o concello aportará a dotación de persoal necesario que será en todo momento o apropiado, tanto en número, como en formación e aptitude, para o manexo do citado remolque e do equipamento de emerxencia que leva, para as intervencións no que fora requirido.

O Concello de Santiago de Compostela colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de protección civil, na prevención de riscos, autoprotección e na xestión de emerxencias de ámbito local ou comarcal, dentro das súas posibilidades técnicas e de persoal, cando así fora requirido polas autoridades de protección civil, así como na organización e realización de operativos, exercicios, simulacros e divulgación e no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil.

Quinta.- Libramento dos fondos

1.- O libramento dos fondos ao Concello de Santiago de Compostela por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, efectuarase ó remate das actividades do convenio, previa remisión por parte concello á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Conta Xustificativa da subvención de acordo ao establecido no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

No caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterà:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.



2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) de este mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado do taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Declaración de cumprir cos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas Administracións Públicas.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte do Concello de Santiago de Compostela das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2024.

2.- O libramento de fondos ao Concello de Santiago de Compostela por parte da Deputación Provincial da Coruña efectuarase ao remate das actividades do convenio, previa remisión por parte do concello da conta xustificativa de subvención de acordo co establecido no artigo 19 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións.

A conta xustificativa deberá incorporar os seguintes apartados:

a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas, describindo a actuación realizada, con indicación dos resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias. Este documento deberá estar asinado pola persoa física que desempeñe a representación legal da persoa beneficiaria.

b) Unha relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando, se é o caso, as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o



caso, os posibles descontos fiscais. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

c) Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privada, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación lega da entidade.

d) Unha certificación (entidades públicas) ou declaración (persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria ou convenio, achegando unha proba documental ao respecto.

e) Certificación acreditativa de ter aprobada a conta xeral do último exercicio cuxo prazo de presentación estea esgotado e de tela presentado diante dos órganos de control externo.

Sexta.- Facultades de inspección

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións.

2.- En especial deberán facilitar a información que lle sexa requirida por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

3.- O concello deberá comprometerse a someterse ás actuacións de control financeiro que correspondan aos órganos interventores da Deputación Provincial da Coruña, tal e como dispón o capítulo IV do "Procedemento de Control Financeiro", da Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación Provincial da Coruña aprobada polo Pleno o día 1 de febreiro de 2019, con modificacións posteriores, e cuxo texto consolidado foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 127 do mércores 3 de xullo de 2024.

Sétima.- Compatibilidade da subvención

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Oitava.- Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización da actividade, ao abeiro do artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Novena.- Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración Pública Galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décima.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do presente convenio, que ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de seguimento, polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a persoa titular dunha subdirección xeral e un técnico/a dependente da mesma.

Pola Deputación da Coruña: O presidente e/ou secretario/a da deputación.

Polo Concello de Santiago de Compostela: a alcaldesa e o/a secretario/a

Décima primeira. - Causas de resolución

O presente convenio resolverase:



- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Pola non presentación da documentación a que se refire a cláusula cuarta deste convenio.

Décima segunda. - Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ao disposto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Décima terceira. Modificación do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscribida polas mesmas partes que asinan este convenio.

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1.-Por acordo unánime dos asinantes.

En todo caso, a solicitude de modificación do prazo para presentar a xustificación do convenio, por parte do concello, deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do mesmo.

2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

De acordo co artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, no caso de que o Concello queira modificar as características do proxecto obxecto do convenio deberá solicitalo cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación. Xunto coa solicitude o Concello deberá presentar a documentación a que fai referencia o apartado 4 deste artigo.

Esta modificación respectará en todo caso o obxecto da subvención, evitando actuacións deficientes e incompletas".

Décima cuarta. Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co



Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décima quinta. - Vixencia

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, se ben se considera a súa eficacia, respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio, dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio.

Santiago de Compostela,

Pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
O conselleiro

Pola Deputación da Coruña
O presidente

Diego Calvo Pouso

Valentín González Formoso

Polo Concello de Santiago de Compostela
A alcaldesa

Goretti Sanmartín Rei”

24.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Toques respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“PRIMEIRO.- Aceptar a adhesión do CONCELLO DE TOQUES ao Plan PREMADECOR, 3º GRAO, asumindo esta Deputación no referente aos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), as funcións de avaliación de riscos, seguimento de medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia do Concello delegante.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento, indicándose no anuncio que contra este acordo poderá interperse recurso



contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación (artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo). E previamente poderase interpor recurso de reposición, ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos (artigo 52.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local). Tamén se poderá presentar calquera outro recurso que se estime procedente.”

25.- Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Cee.

Dáse conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Cee.

26.- Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Dodro.

Dáse conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Dodro.

27.- Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Muxía.

Dáse conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Muxía.

28.- Dación de conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Porto do Son.

Dáse conta do Plan de Control Financeiro da Deputación para o exercicio 2024 referido ás subvencións pagadas no exercicio 2022 polo Concello de Porto do Son.

29.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2024 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2024 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

30.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2024 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º e 2º trimestre de 2024 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31.- Desestimación das alegacións presentadas e aprobación definitiva do regulamento da carreira profesional horizontal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG, 2 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños).



Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 12 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

"En relación co acordo plenario do 24 de xullo de 2024 de aprobación inicial do regulamento da carreira profesional horizontal e as alegacións formuladas contra él, dentro do prazo legal, e tendo en conta os seguintes

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- No Boletín Oficial da provincia da Coruña número 144 de data 29 de xullo de 2024 se publicou o anuncio de expoñer ao público na Secretaría Xeral, polo prazo de 30 días hábiles, ao fin de presentar alegacións á aprobación inicial do regulamento da carreira profesional horizontal mediante acordo plenario do 24 de xullo.

Segundo.- No Boletín Oficial da provincia da Coruña número 145 de data 30 de xullo de 2024, publicouse a resolución de presidencia número 31473/2024 de 29 de xullo na que se convoca o proceso de acceso excepcional aos distintos graos de progresión no sistema extraordinario da carreira horizontal.

Terceiro.- Por rexistros 20240000003395 e 202499900076635 de datas 6 e 8 de agosto de 2024, María Mar Martín Rey e José Manuel García Rañales presentaron alegacións instando a primeira a que a solicitude de recoñecemento extraordinario da carreira horizontal tivese separadas as preguntas relativas a aceptación do recoñecemento de graos de maior nivel que correspondan segundo a antigüidade xunto o sistema de pago conforme a idade, por ser ó seu xuízo prexudicial para os traballadores de menos de 54 anos non recibir xa o 100% senón mediante un sistema repartido en progresión dentro de seis anos. A segunda alegación ven a reproducir estes argumentos e en síntese pide; a) modificar a disposición transitoria primeira do regulamento da carreira profesional horizontal por ser a que implanta o sistema progresivo de abono en función da idade por ser discriminatorio para os de menos de 54 anos; b) paralizar o proceso de solicitude a espera da aprobación definitiva do regulamento; c) modificar na plataforma interna de Subtel o apartado no que se agrupan as dúas solicitudes.

Cuarto.- En data 30 de outubro de 2024 tivo lugar a Mesa xeral de negociación na que se acordou ratificar a proposta de desestimación das alegacións presentadas á aprobación inicial do Regulamento da carreira profesional horizontal da Deputación, xunto coa aprobación do acordo relativo á implantación e financiamento da carreira profesional horizontal da Deputación provincial.

Quinto.- Dando traslado ao Servizo de Fiscalización e control financeiro emitíuse informe de conformidade a proposta presentada relativa a aprobación inicial do regulamento da carreira profesional e que a mesma non sofre modificacións.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- *A Disposición Transitoria Primeira do Regulamento da carreira profesional horizontal*

Esta disposición establece o seguinte "1. O aboamento deste complemento adicional ao complemento de destino derivado do recoñecemento dos graos correspondentes dentro



do sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira profesional horizontal producírase de forma progresiva nun período previsto de seis anos, salvo que a falta de dispoñibilidade orzamentaria esixa a prolongación do devandito período.

2. En recoñecemento aos servizos prestados, e tendo en conta o pouco tempo que gozarán dos efectos económicos da súa progresión no sistema de carreira profesional horizontal, establececese durante o período de vixencia do sistema extraordinario un sistema paulatino de aceleración na progresión do aboamento dos graos acadados que establece una progresión distinta por proximidade a idade de xubilación do persoal, que se aplicará en función da dispoñibilidade orzamentaria.

3. O aboamento progresivo dos graos recoñecidos no sistema extraordinario de carreira profesional horizontal producírase segundo as porcentaxes indicadas na distribución recollida na seguinte táboa para cada ano en función da idade do persoal no ano de aplicación.

Táboa 4: porcentaxe de aboamento do complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos por ano e idade do persoal

Idade (anos)	2024	2025	2026	2027	2028	2029
E ≥ 61	100%	100%	100%	100%	100%	100%
61 > E ≥ 60	90%	90%	90%	90%	90%	100%
60 > E ≥ 59	80%	80%	80%	80%	80%	100%
59 > E ≥ 58	70%	70%	70%	70%	80%	100%
58 > E ≥ 57	60%	60%	60%	60%	80%	100%
57 > E ≥ 56	50%	50%	50%	60%	80%	100%
56 > E ≥ 55	40%	40%	40%	60%	80%	100%
55 > E ≥ 54	30%	30%	40%	60%	80%	100%
E < 54	20%	20%	40%	60%	80%	100%

4. En caso de que nalgún dos anos durante o período de vixencia do sistema extraordinario de carreira profesional horizontal, a dispoñibilidade orzamentaria sexa insuficiente para acadar o aboamento establecido na táboa do punto anterior, cubrirase en primeiro lugar o aboamento da porcentaxe mínima establecida para o ano en cuestión para todo o persoal, e distribuírase a cantidade sobrante entre o persoal dos distintos tramos de idade proporcionalmente á diferenza entre a porcentaxe que lles correspondería segundo o táboa e a porcentaxe mínima establecida para dito ano.

5. O persoal que queira acollerse a este proceso de aceleración na progresión do aboamento dos graos acadados no sistema de carreira horizontal terá que incluír esa circunstancia na súa primeira solicitude de recoñecemento de grao dentro do sistema extraordinario na que queira que se aplique esa circunstancia, aportando a documentación correspondente. En solicitudes sucesivas durante o período de vixencia do sistema extraordinario de recoñecemento de graos o proceso de aceleración aplicarase de forma automática.”

Segundo.- O dereito a igualdade

Se alega que esta disposición transitoria primeira conculca o dereito a igualdade para as persoas de menos de 54 anos ao non obter o 100% de complemento de carreira fronte aos de ≥ 61 anos, e que tal previsión vai en contra do artigo 14 da Constitución española, a declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948; o Pacto de Dereitos sociais, económicos e culturais e o Pacto Internacional de Dereitos civís e políticos; o Convenio



número 100 da OIT sobre a igualdade de remuneración de 1951; o Tratado da Unión Europea (artigo 2); a Carta de Dereitos fundamentais da Unión Europea (artigo 21); o Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (artigo 16) e a Lei 15/2022 de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación (artigo 2 e 3.1.b).

Non é certo que as persoas de menos idade na mesma situación sexan tratadas de forma menos favorables que as de maior idade pois non están na mesma situación na medida en que as de ≥ 61 anos teñen menos tempo que recoñecer para avanzar na carreira profesional horizontal, xa que a súa idade de xubilación está mais próxima que unha persoa de menos de 54 anos. Chegados os 65 ou os 67 anos segundo o caso, se produce a extinción da relación laboral e non se pode condicionar a ter máis tempo a través da prórroga no servizo activo ata os 70 anos xa que isto é facultativo e subordinado á obtención dun informe médico favorable.

É dicir, o marxe dunha persoa de ≥ 61 anos é menor que outra de < 54 anos, polo tanto non están na mesma situación.

Como sintetiza o Tribunal Constitucional na sentenza 79/2020 “o dereito á igualdade recoñecido no primeiro inciso do artigo 14 da Constitución española esixe que a iguais supostos de feito se apliquen iguais consecuencias xurídicas, o que veda a utilización de elementos de diferenciación que se poidan cualificar de arbitrarios ou carentes dunha xustificación obxectiva e razoable (SSTC 253/2004 de 22 de decembro, FX 5; 117/2011, de 4 de xullo, FX 4; 149/2017 de 18 de decembro, FX4 e 91/2019 de 3 de xullo, FX4 a) entre outras moitas). O que prohibe o principio de igualdade en definitiva, son as desigualdades que resulten artificiosas ou inxustificadas por non vir fundadas en criterios obxectivos e razoables de valor xeralmente aceptados (STC 91/2019, FX4.a)]. O xuízo de igualdade, sendo relacional, esixe como presupostos obrigados dun lado, que se haxa introducido directa ou indirectamente unha diferenza de trato entre grupos ou categorías de persoas; de outro, que as situacións subxectivas que queiran traerse á comparación sexan efectivamente homoxéneas ou equiparables, é dicir, que o termo de comparación non resulte arbitrario ou caprichoso.”

Terceiro.- A lexislación en materia de igualdade

A Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación, que o propio alegante invoca, di no artigo 2.2 que “poderán establecerse diferenzas de trato cando os criterios para tal diferenciación sexan razoables e obxectivos e o que se persiga sexa lograr un propósito lexítimo ou así veña autorizado por norma de rango de lei, ou cando resulten de disposicións normativas ou decisións xerais das administracións públicas destinadas a protexer ás persoas, ou a grupos de poboación necesitados de accións específicas para mellorar as súas condicións de vida ou favorecer a súa incorporación ao traballo, ou a distintos bens e servizos esenciais e garantir o exercicio dos seus dereitos e liberdades en condicións de igualdade”. Engadindo o artigo 4.2 que “non se considera discriminación a diferenza de trato baseada en algunha das causas previstas no apartado 1 do artigo 2 desta lei derivada dunha disposición, conduta, acto, criterio ou práctica que poida xustificarse obxectivamente por unha finalidade lexítima e como medio axeitado, necesario e proporcionado para acadala”.

Na súa exposición de motivos, en relación coa idade, indica que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou en 1991 os principios de Nacións Unidas a favor das persoas de idade, que enumera 18 dereitos das persoas maiores, incluído o trato digno. Neste sentido, o Consello de Dereitos Humanos adoptou tamén en 2010 a Resolución 21/23 referente ós Dereitos humanos das persoas de idade, na que fai un chamamento a todos



os Estados para garantir o disfrute pleno e equitativo dos dereitos deste grupo social, considerando para elo a adopción de medidas para loitar contra a discriminación por idade.

Polo que os propios designios da lei quedan moi lonxe da invocación parcial e interesada que se fai nas alegacións cuestionando a disposición transitoria primeira. A idade, de requirir un trato distinto para superar desigualdades se fai en sentido ascendente, non descendente.

No noso ordenamento xurídico existen varios exemplos nos que se de un trato por banzos ás correlativas prestacións económicas en función da idade, a lei sobre a responsabilidade civil e seguro na circulación con vehículos a motor Real Decreto Legislativo 8/2004 de 29 de outubro ou a lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre a actualización, adecuación e modernización do sistema da seguridade social, recollen este sistema de maior abono por razón da maior idade.

Estando comprometidos nestes casos intereses e valores económicos e sociais que a Constitución acolle (sinaladamente no artigo 40 con unha distribución da renda persoal máis equitativa) a actuación dos poderes públicos deben adecuarse a eles, pois os principios reitores da política social e económica, entre os cales se atopan os consagrados no citado artigo 40, non son meras normas sen contido (Sentenza do Tribunal Constitucional 19/1982, de 5 de marzo) Antes ben, as disposicións administrativas haberán de estar informadas polo seu recoñecemento, respecto e protección, tal e como dispón o artigo 53.3 da Constitución. Polo que, a disposición transitoria primeira que se elabora por parte da Deputación, despois de recoller o resultado da negociación colectiva levada a cabo coas organizacións sindicais lexitimadas ao efecto, non pode descoñecer a orientación que dan os devanditos principios reitores da política social e económica, no sentido de impoñer un trato equitativo na distribución do complemento da carreira horizontal en función da idade, acercándose así á previsión do artigo 50 do mesmo texto constitucional.

Cuarto.- A Resolución número 31473/2024, de 29 de xullo

A segunda petición das alegacións presentadas sinala que a resolución 31473/2024, de 29 de xullo, pola que se convoca o procedemento de acceso excepcional aos distintos graos de progresión no sistema extraordinario da carreira profesional horizontal publicada no Boletín Oficial da Provincia o 30 de xullo de 2024, establece a solicitude de recoñecemento de graos con un regulamento provisional que se atopa en fase de exposición pública e presentación de reclamacións polas persoas interesadas e polo tanto non en vigor.

Engade que o devandito regulamento carece actualmente de validez, xa que tal e como establece a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a información pública e a audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo. Posteriormente o Pleno aprobará definitivamente o Regulamento e deberá realizarse a publicación completa do mesmo no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

Resulta desconcertante que se pida primeiro o 100% do abono do complemento da carreira horizontal para as persoas de menos de 54 anos ao igual que as de ≥ 61 anos, para despois pedir que se suspenda a aplicación do réxime transitorio do regulamento. Se o réxime transitorio non está en vigor non despreza efectos para ningún colectivo, sexa da idade que sexa, polo que é un contrasentido pedir primeiro o 100% e despois



pedir a súa ineficacia. Por outra banda, a petición de agardar a que o texto sexa definitivo para poder realizar a solicitude con un regulamento en vigor non quita que ese regulamento estableza un réxime transitorio. É evidente que se está confundindo o alcance da resolución 31473/2024 que ten un réxime propio e autónomo de impugnación, co do regulamento suxeito a exposición pública e que é froito da negociación colectiva.

O propio regulamento establece na disposición transitoria segunda que “para lograr unha implantación o máis rápida posible do sistema de carreira profesional horizontal no inicio do seu período extraordinario habilitase a posibilidade de publicar a convocatoria do primeiro prazo de solicitude de recoñecemento de graos unha vez prodúzase a aprobación inicial do presente regulamento. A devandita convocatoria quedará sometida á condición suspensiva da aprobación definitiva do regulamento. En ningún caso as solicitudes que se presenten nesta convocatoria xerarán ningún dereito a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación”.

Ao anterior hai que sumar a disposición final cando apunta que “2. O complemento retributivo asociado ao recoñecemento do grao de progresión no sistema extraordinario da carreira administrativa da convocatoria do ano 2024 terá efectos a partir do día 1 do mes seguinte ao momento en que se firmen as correspondentes resolucións de recoñecemento de graos”.

Do transcrito se observa claramente que se están a respectar os requisitos temporais que median na aprobación de toda disposición xeral no ámbito local, e que un texto se someta a exposición pública en ningún caso supón que isto o prive ao órgano con facultades normativas de lle dar unha eficacia retroactiva ao seu contido recoñecendo situacións nadas antes de entrar en vigor. Porque unha cousa é cando unha norma entra en vigor e outra moi distinta cando desprega efectos, o artigo 2 do Código civil así o segue a dicir.

Ademais estamos a tratar con un sistema excepcional que o é por un período de seis anos, e antes de que entre en xogo o sistema ordinario, pois se o sistema en cuestión se aplicase todos os anos perdería o seu carácter transitorio e a súa propia excepcionalidade (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 18/10/2023 número 750/23).

Quinto.- Da carreira profesional horizontal

A carreira profesional horizontal supón a posibilidade de avanzar, profesional e retributivamente – sen necesidade de cambiar de posto de traballo- como recoñecemento á experiencia, coñecementos e compromiso coa organización amosados durante a actividade profesional. A tal obxecto así se deduce das pautas que establece o artigo 16 do Estatuto Básico do Empregado Público, Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

A súa aplicación e desenvolvemento supón numerosas vantaxes tanto organizativas como persoais xa que amplía as posibilidades de desenvolvemento profesional e retributivo a todo o colectivo afectado ao non levar aparelado un cambio de posto de traballo, e ven a completar as vías tradicionais de carreira profesional: a promoción interna vertical ou a sucesiva ocupación de postos obtidos por concurso de traslados ou por libre designación. Como pode afectar a un número indeterminado de persoas no se corre o risco de sufrir disfuncionalidades organizativas por sobredimensionarse a estrutura de postos de traballo como vieiro de incentivo para o desenvolvemento profesional.



O Estatuto Básico do Empregado Público non obriga ás administracións públicas a elaborar sistemas de carreira profesional horizontal, a súa aplicación é unha potestade discrecional das administracións públicas si así o autoriza a lei de función pública da súa respectiva Comunidade Autónoma. Non ocorre igual coa avaliación do desempeño, que é de obrigada aplicación a todos os empregados públicos. Así o artigo 17 do Estatuto Básico do Empregado Público establece que “as leis de función pública que se diten en desenrolo do presente Estatuto poderán regular a carreira profesional horizontal dos funcionarios de carreira, podendo aplicar, entre outras, as seguintes regras (...)”.

E na Disposición Final 4ª apartado 1º precisa “o establecido nos capítulos II e III do Título III, excepto o artigo 25.2 e no capítulo III do título V producirán efectos a partir da entrada en vigor das leis de función pública que se diten en desenrolo de este estatuto”.

Aqueles capítulos II (“Dereito á carreira profesional e á promoción interna. A avaliación do desempeño”) e III (“Dereitos retributivos”) do Título III do Estatuto Básico do Empregado Público teñen unha previsión legal no artigo 75 da Lei de Función Pública de Galicia 2/2015, de 29 de abril, e un réxime continxente na Disposición Transitoria 8ª mentres non se desenrole regulamentariamente o sistema de carreira horizontal. Polo tanto, no ámbito autonómico se ten colmado o chamamento realizado polo lexislador básico estatal, tal e como demanda a sentenza do Tribunal Supremo de 13 de xuño de 2023, na que se anulou o regulamento da carreira profesional horizontal da Deputación de Xaén porque o seu lexislador autonómico non ofrecía o desenrolo legislativo necesario, ata que se ditou a Lei de Función Pública de Andalucía, Lei 5/2023, de 7 de xuño (artigos 52 a 55), coetaneamente á devandita sentenza. Fóra de este caso, son múltiples os regulamentos que se teñen ditado por numerosas entidades locais ao longo do territorio español no desenrolo da carreira horizontal sen que se haxa producido disputa o controversia xurídica algunha (a Deputación de Valladolid o 04/01/2017, a de Salamanca o 02/08/2022, a de Valencia o 14/02/2022, a de Badaxoz o 16/08/2024, ou o propio concello de A Coruña o 18/04/2023).

Sen deixar de lado que este regulamento da deputación da Coruña é froito da negociación colectiva levada a cabo coas forzas sindicais lexitimadas (artigo 37 da Constitución e 37.1.c, d e k do Estatuto básico do empregado público).

Sexto.- Do modelo telemático de solicitude

Mediante a xa citada Resolución 31473/2024 de 29 de xullo, se convocou o procedemento de acceso excepcional aos distintos graos de progresión no sistema extraordinario de carreira profesional horizontal, en cuxo punto I se establece que “as solicitudes presentaránse de mod telemático, a través da plataforma SUBTEL a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o 6 de setembro de 2024. No punto VI de Procedemento se establece “A solicitude será voluntaria e nela deberá indicarse a data desde a que solicita a aplicación da carreira profesional. No caso de non indicarse, terase en conta a antigüidade recoñecida na Deputación.”

Sobre esta solicitude se formula a controversia de que se agrupan nun mesmo apartado dúas preguntas que son “inconexas entre elas”, e en función da idade do solicitante obrigan a renunciar a unha ou a outra situación ventaxosa para o mesmo obxectivo. Que si se acepta o recoñecemento dos graos de maior nivel que correspondan según a antigüidade se lle obriga a aceptar o sistema de pago según a idade, manifestamente prexudicial para aqueles traballadores máis novos. E que por outro lado “si se desexa manifestar a disconformidade co sistema de pago máis ventaxoso para traballadores de maior idade, se renuncia ao recoñecemento de graos de maior nivel que copresenden



según a antigüidade do interesado”.

A solicitude de recoñecemento da carreira profesional horizontal ten a súa causa de pedir no Regulamento e na Resolución 31473/2024, o que fai que non se poidan producir alteracións ou condicionantes no momento de solicitar o recoñecemento. Dito en outras palabras, non se poden facer cambios nun texto normativo (aínda que estea sometido a exposición pública) ou nun acto administrativo definitivo (contra o cal cabe o recurso potestivo de reposición) a través dunha solicitude de trámite ou instrumental, máis cando non impiden a continuación coa petición do recoñecemento da progresión na carreira horizontal. Outra cousa é que non se esté de acordo con aquel regulamento e aquela resolución, pois o desacordo ten habilitados aqueles vieiros das alegacións e do recurso para manifestalo.

Sétimo.- Dos acordos da Mesa Xeral de Negociación do 30 de outubro de 2024

Conforme dispoñe o artigo 33 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto básico do empregado público, as condicións de traballo dos funcionarios públicos están suxeitas aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, polo que procede recoller os acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación do día 30 de outubro na proposta que se eleve ao Pleno.

Aprobar o seguinte acordo:

1.- Rexear integralmente as alegacións presentadas, contra a aprobación inicial do regulamento da carreira profesional horizontal, aprobado inicialmente polo pleno da Corporación do 24 de xullo de 2024.

2.- Proceder a aprobar definitivamente o regulamento da carreira profesional horizontal, dando traslado da referida aprobación definitiva aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ordenándose a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3.- Aprobar o acordo da Mesa Xeral de Negociación do 30 de outubro de 2024 relativo á implantación e financiamento da carreira profesional horizontal na Deputación Provincial da Coruña nos seguintes termos, “A implantación e financiamento da carreira horizontal se realizará nun período inicial de seis anos coas dotacións orzamentarias na partida 0710/929/121.03 que se sinalan a continuación:

Ano 2024525.540 € aplicable ao último trimestre do ano 2024

Ano 20251.000.000 € aplicable a todo o ano 2025

Ano 20261.500.000 € aplicable a todo o ano 2026

Ano 20272.000.000 € aplicable a todo o ano 2027

Ano 20282.500.000 € aplicable a todo o ano 2028

Ano 20293.000.000 € aplicable a todo o ano 2029”

32.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carral para financiar o proxecto "XX Festa do Pan de Carral".

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).



Votan en contra: ningún/ha deputado/a
 Abstéñense: 1 deputado (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Este convenio está recollido no **PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS**.

3º.- Aprecíase no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A actividade proposta polo Concello de Carral enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante na conservación do produto máis básico como é o pan. Neste senso cabe sinalar a importancia de manter a produción de pan dun xeito artesanal con produtos como os cereais cultivados na comarca de Carral evitándose a utilización de fariñas refinadas e conservando o valor da fariñas fina e o privilexio da fornada lenta e artesanal.
- A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta festa nun dos principais impulsores económicos do municipio.
- Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en converter este lugar nun referente do mantemento das actividades artesanais neste caso o pan para isto ofrecen as seguintes actividades:
 - Obradoiros para os rapaces e rapazas da comarca para aprender a facer o seu propio pan.
 - O obradoiro dos máis pequenos é o símbolo dunha festa que segue tendo ás familias e a propia infancia entre o seu público principal que ademais do amasado de pan poden disfrutar de actuacións de rúa pensadas especialmente para eles.
 - Os centros educativos do concello participan nun concurso do que sairá o cartel elixido para a promoción da festa.
 - Esta festa rende homenaxe e serve de promoción ao produto máis básico, e máis global da nosa gastronomía, o pan.
 - A festa do pan é unha cita consolidada no mes de maio, unha festa próxima ás veciñas e veciños de Carral, en xeral, de toda a súa contorna, especialmente querida polos visitantes que cada ano asisten a participar



en todas as actividades que propón o seu programa.

- A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta festa nun dos principais impulsores económicos do municipio
- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

4º.- Aprobado o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral con CIF P1504800B para financiar o proxecto "XX Festa do Pan de Carral" cunha achega provincial de 39.998,80 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80 % con respecto a un orzamento de 49.998,50 €.

5º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARRAL para financiar o proxecto "*XX Festa do Pan de Carral*"

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Concello de Carral

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CARRAL, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CARRAL, CIF P1502100I**, para o financiamento da "XX Festa do pan de Carral".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CARRAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se



definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONTRATAÇÕES EXTERNAS	
Animacións musicais	15.411,00 €
Animación	5.335,00 €
Actividades infantís	1.437,00 €
Persoal	742,72 €
Seguridade	2.031,00 €
Ambulancia	1.400,00 €
ALUGUERES	
Equipo e material técnico eléctrico	3.923,00 €
Escenarios e carpas	6.050,00 €
Funxibles	939,00 €
Vallas e sanitarios	900,00
PROMOCIÓN E PUBLICIDADE	
Decoración	260,00 €
Cartelería	650,00 €
Merchandising	350,00 €
Publicidade	1.892,35 €
TOTAL SEN IVE	41.321,07 €
TOTAL CON IVE	49.998,50 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.998,80 €** o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3341/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARRAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CARRAL o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CARRAL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CARRAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARRAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CARRAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARRAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CARRAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.



VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CARRAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARRAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARRAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARRAL na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE CARRAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CARRAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.



X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CARRAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015).

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARRAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro Lei de Protección de datos personales e garantía dos dereitos dixitais.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

O CONCELLO DE CARRAL deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2025.**

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CARRAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de xuño de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CARRAL perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARRAL, respectivamente



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación O representante do
CONCELLO DE CARRAL

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.”

33.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Camariñas para financiar o proxecto "XXXIII edición da Mostra do Encaixe de Camariñas" do 27 ao 31 de marzo de 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Este convenio está recollido no **PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS**

3º.- Apreciase no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas “XXXIII Mostra do Encaixe de Camariñas”, está dentro dun proxecto que o Concello de Camariña está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palilleiras para promover o cooperativismo e da transcendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas deseñou un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.



- A Mostra do Encaixe Deputación da Coruña é un dos piares fundamentais de desenvolvemento económico da comarca e da provincia. A Mostra é un evento excepcional e singular a nivel nacional como de Europa.
- Hai que destacar que os oficios artesáns resumen todos os valores que se esperan dun obxecto: bos materiais, un proceso de elaboración manual con ferramentas básicas o cal da como resultado un obxecto auténtico. Por iso, supoñen unha importante atracción do turismo e/ou unha alternativa para aquelas persoas que perseguen reencontrarse coa autenticidade da cultura tradicional.
- Por outra banda segundo a memoria presentada pola concello, a natureza do evento consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, xa descritas anteriormente e que se xuntan ao expediente, contribuirán a manter a posición de Camariñas como destino tanto comercial como turístico de primeira orde.
- Hai que destacar tamén a importancia dos desfiles de grandes deseñadores que congregan cada ano a miles de persoas durante A Mostra do Encaixe.
- Cabe destacar que este ano que vaise celebrar por terceira vez unha Pasarela de diferentes artesáns co denominador común da aplicación do Encaixe de Camariñas. Artesáns como cesteiras, coiro, palla, corais, tocados etc, para fusionar as diferentes artesanías co encaixe.
- É preciso indicar que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades “XXXIII Mostra do Encaixe de Camariñas” cunha achega provincial de 120.000,00 con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 70,7303 % con respecto a un orzamento de 169.658,35 €.

5º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial

O texto integro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de “XXXIII Mostra de Encaixe de Camariñas 2024”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte,
Provincial da Coruña,

en representación da Excma. Deputación



E doutra parte,
CAMARIÑAS

en representación do CONCELLO DE

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programa contemplouse as seguinte áreas de intervención: formación, investigación, produción, distribución e comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo concello para o financiamento do proxecto "XXXIII Mostra de Encaixe de Camariñas 2024" que terá lugar do 27 ao 31 de marzo de 2024.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Soldos e Salarios	10.996,00
Seguridade Social a cargo da entidade	4.147,35
Capítulo II: Gastos correntes	
Publicidade e propaganda:	
-Publicidade en diferentes medios e servizo de comunicación	33.000,00
-Reportaxes fotográficos e vídeo	4.300,00
Compras de bens destinados á actividade	
-Subministro encaixe deseñadores e artesáns desfiles pasarela	10.000,00
-Subministracións camisetas e bolsas, lanyards persoal voluntario	3.400,00
-Subministro de moqueta ferial cinta adhesiva	9.000,00
Servizos de profesionais independentes	
Asesoramento e asistencia como xurado para o Concurso de Noveis Diseñadores	1.700,00
Estudo e xestión dos desfiles de pasarela	5.800,00



Servizo de megafonía interior e exterior, iluminación, pantallas, cámaras e operadores da pasarela	15.000,00
Servizos apoio organización	6.060,00
Restauración en diferentes facturas: manutención de palilleiras de delegación de países invitados, deseñadores das firmas e artencaxe, persoal voluntario: azafatas/os e protección civil durante 5 días	10.000,00
Servizos de actuacións artísticas	3.500,00
Servizo de limpeza montaxe, feira e desmontaxe	5.000,00
Servizo de locución de desfiles e actos	2.000,00
Servizo de modelos e coreografía	14.855,00
Servizo de vixilancia	7.000,00
Servizo de electricidade e iluminación dos stands e feira xeral	9.800,00
Talleres lúdicos e parque infantil	2.100,00
Imprenta: rotulación en vinilos, nomes stands,...	2.000,00
Servizo de decoración ferial	1.000,00
TOTAL	169.658,35

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 70,7303%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,7303% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á



Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CAMARIÑAS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o **dia 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2024**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao



CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Camariñas da sanción que de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable e lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais



obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de**



maio do ano 2025 sempre e cando exista crédito para tal fin.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2025**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de abril de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de _____. E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do Concello
de Camariñas”

34.- Aprobación da designación da xerente dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Fragas do Eume, Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal, Os Fogóns do Anllóns, Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle e Casco histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“ANTECEDENTES

Para o control e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución dos convenios de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para financiar os Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Eume, Proxecto Ortegal, Os Fogóns do Anllóns, Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle e Casco histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra, quedará constituída a Comisión de seguimento que ditará as normas internas do seu funcionamento, que estará integrada por dous representantes da Comunidade Autónoma, e dous da Deputación, e que deberá reunirse sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

Para dar cumprimento á antedita obriga o Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, Xosé Regueira Varela, foi designado como representante da Deputación da Coruña na Comisión de seguimento, mediante Acordo Plenario, nas seguintes datas:

- PSTD Eume e Xeoparque Cabo Ortegal: o 23/06/2022, ratificado posteriormente a data 30/09/2022 designando a Xosé Luís Penas Corral, Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento, como suplente do representante.

-PSTD Os Fogóns do Anllóns e Vía Verde Compostela – Tambre – Lengüelle: o 29/09/2023 e con data de 27/10/2023 a designación de Rafael María Díaz- Aguado Jalón, Xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, como segundo representante da entidade local e como suplentes na mesma ao deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento, Xosé Luís Penas Corral e María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa da Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico.

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña acordou, en sesión ordinaria do 24 de xullo do 2024 e tras a xubilación do Xefe de Servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego, designar :

- Ao Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, Xosé Regueira Varela, como primeiro representante dos cinco PSTD, sendo o seu suplente o Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial y Equipamiento, Xosé Luis Penas Corral;
- A María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa da Sección de Turismo, como segunda representante da entidade local para os cinco PSTD, sendo a súa suplente Paula Cabado Brea, Técnica de xestión de proxectos da Sección de promoción e desenvolvemento turístico.

María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa da Sección de Turismo, ven actuando como secretaria das Comisións de seguimento, dos cinco PSTD, dende xubilación do Xefe de Servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego.



A “Guía para a execución de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos”, da Secretaria de Estado de Turismo, prevé, no seu apartado 2, que todos os PSTD contengan xerencia que “non terá personalidade xurídica, actuará como órgano de apoio á Comisión de Seguimento e dependerá para todos os efectos da mesma.”; contempla, na letra g) do seu apartado 2.1, que entre as funcións a asumir pola xerencia estará a de exercer a secretaría da Comisión de seguimento e, dentro do seu apartado 2.2, determina a existencia de catro diferentes modalidades de xerencia, sendo a primeira delas a referida a “Persoal propio da entidade local executante”.

Polo que visto o exposto, acórdase:

- Designar a Dona María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa da Sección de Turismo, como xerenta dos Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) Eume, Proxecto Ortegal, Os Fogóns do Anllóns, Vía Verde Compostela-Tambre-Lengüelle e Casco histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra.”

35.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto municipal La Coruña Espectáculos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Desenvolvemento de diversas actuacións artísticas dentro do Festival Noroeste"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A actividade a financiar consiste na colaboración do financiamento das actuacións incluídas no festival Noroeste 2024, evento musical de tradición que constitúe un dos maiores atractivos turísticos do verán na cidade.

O Festival Noroeste Estrella Galicia aposta por (re) descubrir de forma próxima, experiencial e sostible espazos singulares, bandas imprescindibles, directos vibrantes e unha cidade única bañada polo Atlántico. Co Noroeste, o público goza dun festival contemporáneo e vibrante como a propia A Coruña, cun cartel atractivo e ecléctico que reúne case un centenar de concertos de figuras de nome internacional e estatal, que comparten escenario con artistas emerxentes e novas promesas, na súa aposta por



converterse nun escaparate da nova escena musical galega.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTACULOS con CIF Q1500358E , para financiar o “DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE” cun orzamento total de 710.633,00 €

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falla de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.
- Falla de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 200.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 28.14392 %..

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das “DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

EXPOÑEN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS consideran de gran interese a celebración do PROXECTO



"DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE " consistente na colaboración do financiamento das actuacións incluídas no festival Noroeste 2024, evento musical de tradición que constitúe un dos maiores atractivos turísticos do verán na cidade. O Festival Noroeste Estrella Galicia aposta por (re) descubrir de forma próxima, experiencial e sostible espazos singulares, bandas imprescindibles, directos vibrantes e unha cidade única bañada polo Atlántico. Co Noroeste cun cartel atractivo e ecléctico que reúne case un centenar de concertos de figuras de nome internacional e estatal, que comparten escenario con artistas emerxentes e novas promesas, na súa aposta por converterse nun escaparate da nova escena musical galega.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, con CIF Q1500358E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das "DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ESPAZO	DATA	HORA	ARTISTA	CACHE (CON IVE)
AZCÁRRAGA	07.08.24	21:30	IFE OGUNJOBI	10.890 €
	08.08.24	23:00	GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND	16.940 €
CAMPO DA LEÑA	07.08.24	22:00	ZÉNZAR	5.445 €
RIAZOR	09.08.24	22:30	XOEL LÓPEZ	60.500 €
		0:30	CRYSTAL FIGHTERS	181.500 €
	10.08.24	21:00	TRIÁNGULO DE AMOR	18.150 €
		23:00	BIZARRO	242.000 €
		1:00	VESTUSTA MORLA	21.780 €
SAN ANTÓN	07.08.24	21:00	MARTIN KOHLSTEDT	8.470 €
	08.08.24	19:30	TRÍO DA KALI + CUARTETO DE CORDA	14.278 €
STA MARGARITA	07.08.24	21:00	CAAMAÑO&AMEIXEIRAS	4.840 €
		22:30	LURA	21.780 €
	08.08.24	0:00	SALIF KEITA	54.450 €
		21:00	TERRAE	7.260 €
		22:45	BCUC	16.940 €
		0:30	CHAMBAO	25.410 €
Total xeral				710.633 €



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 200.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 28.14392 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 28.14392 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.



V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII.
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de



desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia



ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2024



ata o 31 de decembro do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio do 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de marzo de 2025.

3. Para o caso de que o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 31 de marzo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTÁCULOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do INSTITUTO
MUNICIPAL LA CORUÑA
ESPECTÁCULOS,

A Secretaria Provincial”



36.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "XXX Feira Olería Tradicional "Alfaroleiros".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello Oleiros con CIF P1505900I para o financiamento da “XXX Feira Olería Tradicional ALFAROLEIROS” no ano 2024, cunha achega provincial de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 50,10648 % con respecto a un orzamento de 79.830,00 €.

2º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto “XXX Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

A Coruña,

REUNIDOS

D/Dna....., en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna....., en nome e representación do CONCELLO DE OLEIROS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo



o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE OLEIROS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OLEIROS, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO OLEIROS**, CIF P1505900I fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “XXX Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”, que se celebrará no ano 2024.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE OLEIROS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Seguridade privada	4.500,00 €
Grupo electróxico	800,00 €
Aluguer escenario	4.200,00 €
Instalación xogos tradicionais en familia	600,00 €
Concerto Verónica Codesal	6.000,00 €
Concerto Monolious DOP	10.000,00 €
Concerto Caamaño & Ameixeiras	3.500,00 €
Espectáculo de humor: “sen restricións”	4.000,00 €
Servizo persoal atención ao público	600,00 €
Alugueiro caseta-camerino	550,00 €
Póliza seguro pezas olería	150,00 €
Subministro bolsas de papel	1.500,00 €
Montaxe exposición fotográfica XXX aniversario	1.200,00 €
Subministro e instalación proxecto cociña e barro	6.000,00 €
Obradoiro demostración e degustación COCIÑA EN BARRO	2.500,00 €
Obradoiro bautismo de torno	400,00 €
Obradoiro de olería infantil	500,00 €
Serigrafía dos totems e bandeiras publicitarias	850,00 €
Subministro agasallos-Merchandising	1.700,00 €
Dereitos de autoría dos espectáculos programados	2.400,00 €
Difusión: Anuncios en prensa escrita/dixital	6.400,00 €
Difusión: Anuncios en cuñas radiofónicas e TV	5.500,00 €
Difusión: Anuncios en Redes Sociais: Instagram e Facebook	2.000,00 €



CONCEPTO	IMPORTE
Convenio desprazamentos alfareir@s	7.200,00 €
Servizo de realización de fotos e videos	3.200,00 €
Imprenta: dípticos e cartaces	180,00 €
Asistencia técnica espectáculos programados: luces e son	3.400,00 €
TOTAL	79.830,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000,00€ €, o que representa unha porcentaxe de 50,10648%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50,10648% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OLEIROS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE OLEIROS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE OLEIROS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE OLEIROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o



financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OLEIROS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE OLEIROS, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE OLEIROS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE OLEIROS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día **1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE OLEIROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OLEIROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OLEIROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable



Ile poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE OLEIROS deberá deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE OLEIROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OLEIROS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OLEIROS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OLEIROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro do ano 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2025** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE OLEIROS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2025**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e



suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE OLEIROS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OLEIROS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE OLEIROS"

37.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "49 edición da Festa do Queixo no ano 2024".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade,



igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

2.- Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de 120.000,00 €, a favor do concello de Arzúa (P1500600J), para o financiamento da “49 edición da Festa do Queixo no ano 2024”.

3.- Aprobar o texto do convenio administrativo correspondente e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

“Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto “49 edición da Festa do Queixo no ano 2024”.

A Coruña,

REUNIDOS

D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación do CONCELLO DE ARZÚA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE ARZÚA consideran de gran interese para a provincia potenciar a Festa do Queixo, declarada de Interese turístico de Galicia no ano 1999 e que conta con case 50 anos de tradición, co fin de impulsar un produto local característico do municipio, o Queixo D.O.P Arzúa-Ulloa, distinguido desde o ano 1989 coa denominación de Produto Galego de Calidade.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE ARZÚA, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:



CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE ARZÚA**, CIF P1500600J fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “49 edición da Festa do Queixo no ano 2024”, que se celebrará no ano 2024.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE ARZÚA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1. GASTOS DIRECTOS

1.1. .- Aluguer de infraestrutura e materiais para realizar a actividade

Concepto	Importe (€)
Carpa	18.388,50
Stands	14.685,77
Maquinaria diversa	17.762,80
Instalación eléctrica	15.572,70
Estruturas de truss, lonas, céspede	2.660,79
Valados	3.202,87
Cabina usos múltiples PMR	2.601,50
Caseta 2.35 x 7 metros	4.719,00
Elevador lonas	3.530,19
Montaxe tarima, sonorización e iluminación domingo 4	2.299,00
Escenario antideslizante 2x 4 m.	683,65
Total infraestrutura, maquinaria e materiais	86.106,77 €

1.2.- Compra material non inventariable

Concepto	Importe (€)
Protección columnas	764,72
Plásticos e Bidas	2.530,69
Mandís e gorros	590,24
Total material non inventariable	3.885,65 €

1.3.- Contratación externa de servizos

Concepto	Importe (€)
Técnicos de iluminación e son.	18.117,15
Servizo de seguridade	15.719,40
Servizo de programación, preproducción e produción	18.089,50
Servizo de azafatas	1.270,50
Servizo coordinación seguridade e saúde	3.593,70
Servizo de ambulancias	1.115,00
Servizo de limpeza xeral	590,48
Total servizos externos organización	58.495,73 €



1.4.- Servizos publicidade e promoción		
Concepto		Importe (€)
Servizo de Comunicación é RRPP		17.998,75
Produción spot 20"		605,00
Inserción anuncios prensa, radio e televisión.		23.796,85
Reportaxe foto e vídeo		2.407,90
	Total servizos promoción	44.808,50
1.5.- Materias de imprenta e difusión		
Concepto		Importe (€)
Pratos promocionais		6.892,65
Pegada de Carteis		514,25
Flyers		665,50
Chapas/Brazaletes		1.953,77
	Total material difusión	10.026,17 €
1.6.- Actuacións musicais		
Concepto		Importe (€)
" De Vacas"		5.445,00
"La Plazuela"		24.200,00
Pasarruas "Latexo percusión"		4.876,30
"Guadí Galego"		10.890,00
" Ollo o piollo"		1.633,50
Grupo de gaitas "Os Viaqueiras"		1.400,00
"Arde Bogotá" "		39.930,00
Grande amore"		5.445,00
"Fillas de Cassandra"		7.865,00
Servizo acondicionamento camerinos		5.275,60
Servizo retransmisión a pantalla Led		4.477,00
	Total actuacións musicais	111.437,40 €
2. GASTOS INDIRECTOS		
Concepto		Importe (€)
Nóminas persoal adscrito a organización		12.590,41
	Total gastos indirectos	12.590,41 €
GASTO TOTAL		
Gasto Directo		314.760,22 €
	Infraestrutura, maquinaria e materiais	86.106,77 €
	Material non inventariable	3.885,65 €
	Servizos externos organización	58.495,73 €
	Servizos publicidade e promoción	44.808,50 €
	Materiais imprenta e difusión	10.026,17 €
	Actuación musicais	111.437,40 €
Gasto Indirecto		12.590,41 €
Gasto Total		327.350,63 €



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 36,65794%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 36,65794% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE ARZÚA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE ARZÚA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE ARZÚA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE ARZÚA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE ARZÚA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE ARZÚA, unha vez



que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE ARZÚA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4.- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE ARZÚA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o día **1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE ARZÚA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2025**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE ARZÚA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE ARZÚA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ARZÚA na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- O CONCELLO DE ARZÚA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no



cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE ARZÚA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE ARZÚA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE ARZÚA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE ARZÚA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha



das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ARZÚA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE ARZÚA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro do ano 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2025** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE ARZÚA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2025**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE ARZÚA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ARZÚA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE ARZÚA”

38.- Aprobación da addenda ao convenio entre a Axencia de turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Fragas do Eume no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Aprobar o texto da Addenda ao Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sostibilidade turística en destino Fragas do Eume no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cuxa firma se realizou electronicamente o 5 de outubro de 2022.

O texto íntegro do Convenio é o seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA FRAGAS DO EUME NO MARCO DO PLAN DE



RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da **Deputación Provincial da Coruña** e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 5 de outubro de 2022 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024.

Segundo.- A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do 28 de xullo do 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino, marco das Convocatorias Extraordinarias de Plans de Sostibilidade Turística en Destino financiados con Fondos Next Generation.

A dita estratexia foi revisada e modificada posteriormente nas Conferencias Sectoriais de Turismo de marzo de 2022 e xaneiro de 2023.

O 17 de outubro de 2023, o Consello de Asuntos Económicos e Financeiros (ECOFIN) aprobou a Addenda ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR),



introducindo modificacións na redacción dos obxectivos e fitos CID do Programa Extraordinario de Plans de Sostibilidade Turística.

Froito desta modificación, modifícase a Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino na Conferencia Sectorial do 29 de decembro de 2023, de xeito que se eliminan os parágrafos que fan referencia aos porcentaxes por eixos de cumprimento das etiquetas e, no seu lugar, indícase que se modifica a redacción dos CID, de acordo co texto aprobado pola Addenda.

Así mesmo, indícase que os PSTD contribuirán ao cumprimento das obrigas relativas ao etiquetado climático previstas nos CID 217, 218 e 219, de acordo ao Anexo 5 da Estratexia.

A nova redacción dos CID implica maior flexibilidade en canto a xustificación da contribución climática por eixos dos PSTD, nos seguintes termos:

Obxectivo n.º 217 do CID. Cuarto trimestre 2021: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 561 000 000 EUR, dos cales, o 35 % destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 218 do CID. Cuarto trimestre 2022: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 1 173 000 000 EUR (valor de referencia: 31 de decembro de 2021), dos cales, o 35 % destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse



sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 219 do CID. Cuarto trimestre 2023: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axudas para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» por un importe mínimo de 1 788 600 000 EUR (valor de referencia: 31 de decembro de 2022), dos cales, o 35 % destinarase a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Adicionalmente ao anterior, a modificación do listado de etiquetas climáticas do Anexo 5 da Estratexia, entre as asignadas ao Compoñente 14, permite a revisión das etiquetas climáticas inicialmente previstas no convenio asinado o 5 de outubro de 2022.

Considérase que son as actuacións dos eixos 1 e 2 as que preferiblemente suman para computar o cumprimento do Obxectivo CID a nivel da Estratexia, recollidos no Anexo V.

Terceiro.- Os fitos e obxectivos CID son aqueles cuxa consecución é imprescindible para poder solicitar os desembolsos dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia que se inclúen na Decisión de Execución do Consello, Council Implementing Decision (CID), do 13 de xullo de 2021. O 17 de outubro de 2023 o Consello Europeo de Asuntos Económicos e Financeiros da Unión Europea aprobou a modificación da Decisión de Execución do Consello do 13 de xullo de 2021 relativa á avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España. A través da addenda ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobada o 17 de outubro do 2023, actualízase o calendario de desembolsos, e, así mesmo, inclúe a actualización dos fitos 220 e 221.

O 29 de decembro de 2023, procedeuse a modificar o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, co obxecto de incorporar as modificacións dos ditos fitos:

Fito n.º 220 do CID: Cuarto trimestre 2024: As Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Fito n.º 221 do CID: Segundo trimestre 2026: Finalización de todos os proxectos



incluídos nos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1) mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación medioambiental pertinente da UE e nacional.

Polo tanto faise preciso introducir no convenio asinado o 5 de outubro de 2022 a nova porcentaxe de execución do 50% ao ser un destino adxudicado en 2021.

Cuarto.- De acordo coa Estratexia de sostibilidade Turística en Destino a Comunidade Autónoma poderá prever unha prórroga do prazo de execución dos plans de sustentabilidade turística en destino, máis aló do prazo máximo de 3 anos previstos inicialmente, sempre que estea motivado. Debido á inmediatez e urxencia da finalidade de este Plan, así como á dificultade de implantación por parte das entidades beneficiarias e dos adxudicatarios para cumprir con estes obxectivos en prazo, faise necesaria a ampliación do prazo de execución para que ningunha das medidas de execución das obras e proxectos de inversión incluídos nos distintos plans de sostibilidade que recolle o plan de recuperación e resiliencia cause un prexuízo significativo.

Este horizonte temporal inicial resulta limitado, tendo en conta, por un lado, o elevado volume de fondos a mobilizar e, por outro, a dimensión e complexidade dalgúns proxectos polo que a ampliación de prazo implica tempo para reformular consideracións respecto do principio DNSH e novos pasos para garantir o cumprimento dos fitos e obxectivos correspondentes.

En reunión da Comisión Bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Comunidade Autónoma de Galicia de 13 de setembro de 2024 faise constar que en virtude dos acordos de Conferencia Sectorial de 29/12/2023 poderanse prorrogar as solicitudes das entidades interesadas os Plans de Sostibilidade Turística en Destino ata xuño do 2026. Así mesmo, a CCAA decidirá o prazo máximo de presentación de solicitudes por parte das súas entidades locais que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia é un prazo máximo ata o mes de maio. A entidade beneficiaria motivada polas dificultades existentes para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite debido ás dificultades derivadas do sistema de información de xestión do cumprimento dos fitos e obxectivos definidos no Plan de recuperación, transformación e Resiliencia; dificultade de tramitación das autorizacións sectoriais preceptivas así como pola indefinición das esixencias do programa que ao ser a primeira convocatoria extraordinaria, requiren dun tempo adicional para a súa aclaración e adaptación, polo que se solicita unha concesión de prórroga para executar axeitadamente e que non supoña un risco para o cumprimento dos fitos 220 e 221, conforme aos prazos de execución establecidos no Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023.

Quinto.- Que na reunión da comisión bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia celebrada o 30 de novembro de 2023 aprobouse unha reprogramación das actuacións debido ás modificacións solicitadas polas distintas entidades en base á distinta problemática que afecta ás súas actuacións, así como as necesidades de reasignación dos remanentes existentes de contratos xa adxudicados e as incorporacións dos fondos non executados en anualidades anteriores, dentro do marco xeral de execución previsto para a execución



dos plans. Ao tratarse de fondos finalistas, permítase que os fondos que non foron executados se incorporen na anualidade seguinte, dentro do período máximo de execución previsto no convenio e sempre e cando se asegure o cumprimento do Fito en prazo. A modificación consiste en actualizar o cadro inicial de actuacións previstas na cláusula terceira así como a súa inclusión no anexo I.

Sexto.- A Secretaría de Estado de Turismo transferiu o 24 de marzo de 2022 os fondos correspondentes ao Plan Territorial de Turismo de 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo entre os seus beneficiarios ao Concello de Baiona.

O 7 de marzo de 2024 o Concello de Baiona remitiu á Axencia de Turismo de Galicia a Resolución da Alcaldía de Baiona número 2024-473 para a posta en coñecemento da renuncia ao Plan de Sustentabilidade Turística en Destino e tramitación do reintegro dos fondos. O 5 de abril de 2024 a Axencia de Turismo remite o Concello de Baiona o escrito de aceptación da renuncia.

A Axencia Turismo de Galicia en reunión bilateral de 14 de abril coa Secretaría de Estado de Turismo pon en coñecemento a aceptación da renuncia do Concello de Baiona e solicita a valoración das posibilidades de reasignación de fondos no Plan Territorial.

Mediante **reunión bilateral de 30 de maio de 2024 entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Secretaría de Estado de Turismo**, a Axencia de Turismo de Galicia traslada que, unha vez valoradas as posibilidades de reabsorción dos fondos reintegrados por Baiona polas demais intervencións que compoñen o Plan Territorial do 2021, e despois de informar ás restantes entidades locais beneficiarias das posibilidades de incrementar os seus respectivos plans, mediante a reunión do 15 de maio de 2024, a Axencia de Turismo de Galicia recibe propostas de incremento do orzamento nos seguintes PSTD e ACD:

- PSTD Cidade de Marín.
- PSTD novos modelos para a sustentabilidade e competitividade turística na Ría de Muros Noia.
- PSTD Condado Paradanta, Unha Terra entre Ríos.
- PSTD Fragas do Eume.
- ACD – Senda Litoral de Galicia.

Sobre a base de tales consideracións, a Secretaría de Estado de Turismo solicita á Axencia de Turismo de Galicia a remisión da proposta de redistribución de fondos do Plan Territorial 2021. Mediante escrito presentado o 7 de xuño de 2024, a Axencia de Turismo de Galicia solicítalle á Secretaría de Estado de Turismo que, con motivo dos fondos reintegrados polo Concello de Baiona, e de conformidade ás propostas recollidas no mesmo, realice os trámites oportunos para a aprobación da seguinte reasignación no marco do Plan Territorial do litoral de Galicia 2021:

- PSTD Cidade de Marín: 300.000 euros adicionais. Total asignación: 2.300.000 euros.
- PSTD novos modelos para a sustentabilidade e competitividade turística na Ría de Muros Noia: 310.000 euros adicionais. Total asignación: 2.310.000 euros.
- PSTD Condado Paradanta, Unha Terra entre Ríos: 600.000 euros adicionais. Total asignación: 2.100.000 euros.
- PSTD Fragas do Eume: 105.000 euros adicionais. Total: 1.605.000 euros.**
- ACD – Senda Litoral de Galicia: 685.000 euros adicionais. Total: 3.910.000 euros

A reasignación solicitada foi aprobada pola Resolución de 1 de xullo de 2024, da



Secretaría de Estado de Turismo.

En base ao exposto nos expoñen cuarto e quinto procédese a modificar a cláusula terceira no referido á modificación de actuacións e á incorporación de novos fondos e reaxuste das anualidades das actuacións previstas no convenio.

Sétimo.- Os convenios relativos ao Plan Territorial 2021 na súa cláusula novena, Comisión de seguimento, estipulaban que para o control e resolución de cantas cuestións se suscitasen ao redor da interpretación e aplicación da execución do convenio, quedaría constituída a comisión de seguimento desde a firma do convenio e ditaría as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicitase algunha das partes e, en todo caso, polo menos tres veces ao ano. Coa fin de eliminar a carga administrativa aos beneficiarios e axilizar a resolución de consultas e dúbidas, así como non paralizar a execución das actuacións, decídese de mutuo acordo que as reunións das comisións de seguimento pasen a ser polo menos dúas resolvéndose as dúbidas de tramitación empregando outras formas máis áxiles.

Oitavo.- Nos convenios tramitados relativos aos PSTD 2021 facíase referencia á compatibilidade con outras axudas e subvencións. Agás permiso explícito recollido no Acordo de Conferencia Sectorial non procede a compatibilidade con outros fondos Europeos segundo as Orientacións de 6 de marzo de 2023 en relación coa prevención da dobre financiamento no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ditadas polo Ministerio de Hacienda y Función Pública; o dito permiso non está contemplado no acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021.

Noveno.- A Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ditase en aplicación da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, en relación coa análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, baseado nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.

A presente orde establece o contido mínimo que obrigatoriamente deberán ter as Declaracións de Ausencia de Conflito de Interese (DACI). Tras a entrada en vigor desta orde faise preciso adaptar as DACI establecidas no convenio inicial ao previsto na Orde.

Décimo.- Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, incremento do importe subvencionable, o número de reunións da comisión de seguimento, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas segunda, terceira, novena, décima, décimo terceira, décimo



sexta e os anexos I e II, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

“Segunda. Natureza

1.A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes articúlase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3.Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 31,7% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e



sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, contribuirán previsiblemente as seguintes etiquetas climáticas identificadas con unha contribución a obxectivos climáticos do 100%:

Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue	025bis
Implantación dunha lanzadeira eléctrica, aparcamentos disuasorios e melloras da mobilidade do Parque Natural Fragas do Eume	074

025bis: Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética.

074: Material rodante de transporte urbano limpo

As seguintes actuacións, contribuirán previsiblemente as seguintes etiquetas climáticas identificadas con unha contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia: Fragas do Eume	050
Creación de rutas micolóxicas, florísticas, etnográficas e similares	050
Creación de área de servizo de caravanas en zona de estacionamento disuasorio en Cabanas	050

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis.

Terceira. Custo das actuacións e gastos subvencionables.

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 1.605.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:

Eixos programáticos	Nº	Actuacións	2022	2023	2024	2025	2026	Total
Eixo 1. Transición verde e sustentable	9	Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue.	0,00 €	0,00 €	372.845,53€	107.514,91€	0,00 €	480.360,44 €
	1	Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia: Fragas do Eume.	0,00 €	0,00 €	0,00€	25.000,00€	0,00 €	25.000,00 €
	2	Creación de rutas micolóxicas, florísticas, similares.	0,00 €	0,00 €	29.978,89€	21,11€	0,00 €	30.000,00 €



	4	Creación de área de servicio de caravanas en zona de estacionamento disuasorio en Cabanas.	0,00 €	0,00 €	0,00€	90.000,00€	0,00 €	90.000,00 €
Total EIXO 1			0,00 €	0,00 €	402.824,42€	222.536,02€	0,00€	625.360,44 €
Eixo 2. Mellora de la eficiencia enerxética	3	Implantación dunha lanzadeira eléctrica, aparcamentos disuasorios e melloras da mobilidade do Parque Natural Fragas do Eume.	0,00 €	0,00 €	12.221,00€	207.779,00€	0,00 €	220.000,00 €
Total EIXO 2			0,00 €	0,00 €	12.221,00€	207.779,00€	0,00€	220.000,00 €
Eixo 3. Transición dixital	6	Creación dunha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas.	0,00 €	0,00 €	53.414,21€	58.051,69€	0,00 €	111.465,90 €
	7	Apoio ao sector turístico privado a través dun "Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo".	0,00 €	0,00 €	11.974,09€	45.656,60€	0,00 €	57.630,69 €
	8	Estudo de zonas sen ou con deficiente conectividade internet.	0,00 €	16.335,00 €	0,00€	0,00€	0,00 €	16.335,00 €
	13	Promoción e márketing turístico: mellorar o coñecemento e a imaxe do destino.	10.877,90 €	0,00 €	19.262,99€	5.891,42€	0,00€	36.032,31 € 36
Total EIXO 3			10.877,90 €	16.335,00 €	84.651,29€	109.599,71€	0,00€	221.463,90 €
Eixo 4. Competitividade	10	Creación dun inventario de recursos turísticos e creación dun manual do inversor para a súa posta en valor.	0,00 €	0,00 €	38.478,00€	0,00€	0,00€	38.478,00 €
	11	Creación dun ente xestor do turismo e accións de sensibilización de residentes e turistas.	0,00 €	0,00 €	80.526,02€	77.867,08€	0,00€	158.393,10 €
	12	Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico en As Pontes.	0,00 €	0,00 €	0,00€	341.304,56€	0,00€	341.304,56 €
Total EIXO 4			0,00 €	0,00 €	119.004,02€	419.171,64€	0,00€	538.175,66 €
TOTAL			10.877,90 €	16.335,00 €	618.700,73€	959.086,37€	0,00€	1.605.000,00 €

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das actuacións recollidas do antedito convenio, achegando un importe máximo de un millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€) con cargo ás aplicacións 05.A2.761A.760.0 e 05.A2.761A.821.06 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para a anualidade 2022

Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia Turismo de Galicia, esta anticipou á Deputación da Coruña o importe correspondente ao financiamento deste convenio por importe de 1.500.000,00 €. Por unha banda anticipouse a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente anualidade 2023 e 2024.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. O importe do anticipo transferiuse á deputación de acordo ao estipulado no Convenio asinado o 5 de outubro de 2022.



A achega da Axencia Turismo de Galicia efectuouse do seguinte xeito:

O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 2022 05 A2 761A 7600 CP 2022 0001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», por un importe de 340.000,00€. conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo das anualidades 2023 e 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.821.06 Proxecto 2022 00001, por un importe de 560.000,00€ para a anualidade 2023 e 600.000,00€ para anualidade 2024.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a incrementar o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das actuacións recollidas do antedito convenio, achegando un importe máximo de cento cinco mil euros (105.000,00€) con cargo á aplicación 04.A2.761A.760.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para a anualidade 2024 provintes da medida extraordinaria de reasignación aprobada pola Resolución de 1 de xullo de 2024.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD da entidade local da Deputación da Coruña financiaranse con fondos da Unión Europea- Next Generation EU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiáveis todos aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade, destíñense a alcanzar o obxectivo 217 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiáveis:

- a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
- b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiáveis
- c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non sería elixible.
- e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de*



Subvenciones, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiáveis:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2022.

Novena. Comisión de seguimento.

1. Para o control e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.
2. A Comisión no seu funcionamento rexeráse polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:
 - Dous representantes da comunidade Autónoma
 - Dous representantes da entidade local.
 Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.
4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

Décima.- Prazo e forma de xustificación.

1. A Deputación da Coruña, finalizada a execución, presentará a xustificación ante a Axencia turismo de Galicia como data límite o 31 de maio de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63



da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

a. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.

c. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.

d. Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.

e. Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.

f. Certificado emitido pola Deputación que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención

g. Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h. Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

5. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética/ electromovibilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional.

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.



- Cando non se presentou a documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Decima terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento

A percepción destas axudas non é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

Decima sexta.-Vixencia.

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de maio de 2026.

ANEXO I

Actuacións, o calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e o orzamento desagregado, por anualidades.

Eixos programáticos	Nº	Actuacións	2022	2023	2024	2025	2026	Total
Eixo 1. Transición verde e sustentable	9	Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue.	0,00 €	0,00 €	372.845,53€	107.514,91€	0,00 €	480.360,44 €
	1	Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia: Fragas do Eume.	0,00 €	0,00 €	0,00€	25.000,00€	0,00 €	25.000,00 €
	2	Creación de rutas micolóxicas, florísticas, similares.	0,00 €	0,00 €	29.978,89€	21,11€	0,00 €	30.000,00 €
	4	Creación de área de servizo de caravanas en zona de estacionamento disuasorio en Cabanas.	0,00 €	0,00 €	0,00€	90.000,00€	0,00 €	90.000,00 €
Total EIXO 1			0,00 €	0,00 €	402.824,42€	222.536,02€	0,00€	625.360,44 €
Eixo 2. Mellora de la eficiencia enerxética	3	Implantación dunha lanzadeira eléctrica, aparcamentos disuasorios e melloras da mobilidade do Parque Natural Fragas do Eume.	0,00 €	0,00 €	12.221,00€	207.779,00€	0,00 €	220.000,00 €
Total EIXO 2			0,00 €	0,00 €	12.221,00€	207.779,00€	0,00€	220.000,00 €
Eixo 3. Transición dixital	6	Creación dunha páxina web, aplicacións informáticas e outras solucións tecnolóxicas.	0,00 €	0,00 €	53.414,21€	58.051,69€	0,00 €	111.465,90 €
	7	Apoio ao sector turístico privado a través dun "Espazo Profesional da Comarca do Eume para o Turismo".	0,00 €	0,00 €	11.974,09€	45.656,60€	0,00 €	57.630,69 €
	8	Estudo de zonas sen ou con deficiente conectividade de internet.	0,00 €	16.335,00 €	0,00€	0,00€	0,00 €	16.335,00 €
	13	Promoción e márketing turístico: mellorar o coñecemento e a imaxe do destino.	10.877,90 €	0,00 €	19.262,99€	5.891,42€	0,00€	36.032,31 € 36



Total EIXO 3		10.877,90 €	16.335,00 €	84.651,29€	109.599,71€	0,00€	221.463,90 €	
Eixo 4. Competitivida de	10	Creación dun inventario de recursos turísticos e creación dun manual do inversor para a súa posta en valor.	0,00 €	0,00 €	38.478,00€	0,00€	0,00€	38.478,00 €
	11	Creación dun ente xestor do turismo e accións de sensibilización de residentes e turistas.	0,00 €	0,00 €	80.526,02€	77.867,08€	0,00€	158.393,10 €
	12	Creación de equipamentos para a práctica de turismo náutico en As Pontes.	0,00 €	0,00 €	0,00€	341.304,56€	0,00€	341.304,56 €
Total EIXO 4		0,00 €	0,00 €	119.004,02€	419.171,64€	0,00€	538.175,66 €	
TOTAL		10.877,90 €	16.335,00 €	618.700,73€	959.086,37€	0,00€	1.605.000,00 €	

ANEXO II Modelos de declaración

A. Ausencia de conflito de interese

A1. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de



consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

A2. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informada do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que *«existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de



licitación ou poida influír no resultado deste, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

- «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».
- «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterà, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores»

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflitos de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.
(Data e firma, nome completo e DNI)

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm - dnsh)

Información sobre a actuación no plan de recuperación

Identificación da actuación

Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade

Submedida 2: plans de sustentabilidade turística



Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue	025bis
Implantación dunha lanzadeira eléctrica, aparcamentos disuasorios e melloras da mobilidade do Parque Natural Fragas do Eume	074

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Xestión de fluxos turísticos en zonas de alta afluencia: Fragas do Eume	050
Creación de rutas micolóxicas, florísticas, etnográficas e similares	050
Creación de área de servizo de caravanas en zona de estacionamento disuasorio en Cabanas	050

Datos da persoa solicitante

Nome/razón social

Primeiro apelido

Segundo apelido

NIF

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

NIF

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

- A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou



«taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

1. a redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
2. A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
3. Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprarán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios.
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental.

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

As actividades excluídas son:

1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.



5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigaçión de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante Lugar e data

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.



Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Deputación da Coruña

O xerente

O vicepresidente

José Manuel Merelles Remy

Xosé Regueira Varela”

39.- Aprobación da addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Ratificar o texto definitivo da Addenda ao Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, que modifica o texto aprobado na Sesión plenaria de 13 de setembro de 2024.

O texto da Addenda do Convenio é o seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).



E da outra, D. Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria, (CIF P1500000C), que actúa en nome e representación de aquela por delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno recollida na Resolución de Presidencia 2023/29343 de 24/07/2023, e en virtude do contemplado nos artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 5 de outubro de 2022 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación da Coruña, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a execución do mesmo.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024.

Segundo.- A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do 28 de xullo do 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino, marco das Convocatorias Extraordinarias de Plans de Sostibilidade Turística en Destino financiados con Fondos Next Generation.

A dita estratexia foi revisada e modificada posteriormente nas Conferencias Sectoriais de Turismo de marzo de 2022 e xaneiro de 2023.

O 17 de outubro de 2023, o Consello de Asuntos Económicos e Financeiros (ECOFIN) aprobou a Addenda ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), introducindo modificacións na redacción dos obxectivos e fitos CID do Programa Extraordinario de Plans de Sostibilidade Turística.

Froito desta modificación, modifícase a Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino na Conferencia Sectorial do 29 de decembro de 2023, de xeito que se eliminan os parágrafos que fan referencia aos porcentaxes por eixos de cumprimento das etiquetas e, no seu lugar, indícase que se modifica a redacción dos CID, de acordo co texto aprobado pola Addenda.

Así mesmo, indícase que os PSTD contribuirán ao cumprimento das obrigas relativas ao etiquetado climático previstas nos CID 217, 218 e 219, de acordo ao Anexo 5 da Estratexia.

A nova redacción dos CID implica maior flexibilidade en canto a xustificación da contribución climática por eixos dos PSTD, nos seguintes termos:

Obxectivo n.º 217 do CID. Cuarto trimestre 2021: Publicación no BOE da adxudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 561 000 000 EUR, dos cales, o 35 %



destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40%, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 218 do CID. Cuarto trimestre 2022: Publicación no BOE da adjudicación ás Entidades Locais de axuda para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos», por un importe mínimo de 1 173 000 000 EUR (valor de referencia: 31 de decembro de 2021), dos cales, o 35 % destinarase a medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Obxectivo n.º 219 do CID. Cuarto trimestre 2023: Publicación no BOE da adjudicación ás Entidades Locais de axudas para a aplicación dos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» por un importe mínimo de 1 788 600 000 EUR (valor de referencia: 31 de decembro de 2022), dos cales, o 35 % destinarase a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos. Os criterios de selección garantirán o cumprimento da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1), dunha lista de exclusións e do acervo medioambiental pertinente da UE e nacional. Os criterios de selección deberán garantir que do orzamento total definitivo concedido para financiar a medida, 359 000 000 EUR, como mínimo, contribúa ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 %, e 519 000 000 EUR, como mínimo, aos relacionados cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Como alternativa, os criterios de selección garantirán que polo menos 1 788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do



Consello. Este porcentaxe medio de contribución poderá alcanzarse sobre a base dos ámbitos de intervención indicados no anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241.

Adicionalmente ao anterior, a modificación do listado de etiquetas climáticas do Anexo 5 da Estratexia, entre as asignadas ao Compoñente 14, permite a revisión das etiquetas climáticas inicialmente previstas no convenio asinado o 5 de outubro de 2022.

Considerase que son as actuacións dos eixos 1 e 2 as que preferiblemente suman para computar o cumprimento do Obxectivo CID a nivel da Estratexia, recollidos no Anexo V.

Terceiro.- Os fitos e obxectivos CID son aqueles cuxa consecución é imprescindible para poder solicitar os desembolsos dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia que se inclúen na Decisión de Execución do Consello, Council Implementing Decision (CID), do 13 de xullo de 2021. O 17 de outubro de 2023 o Consello Europeo de Asuntos Económicos e Financeiros da Unión Europea aprobou a modificación da Decisión de Execución do Consello do 13 de xullo de 2021 relativa á avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España. A través da addenda ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, aprobada o 17 de outubro do 2023, actualízase o calendario de desembolsos, e, así mesmo, inclúe a actualización dos fitos 220 e 221.

O 29 de decembro de 2023, procedeuse a modificar o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, co obxecto de incorporar as modificacións dos ditos fitos:

Fito n.º 220 do CID: Cuarto trimestre 2024: As Comisións de Seguemento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Fito n.º 221 do CID: Segundo trimestre 2026: Finalización de todos os proxectos incluídos nos «Plans Territoriais de Sostibilidade Turística en Destinos» e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sostibilidade e a eficiencia enerxética/electromobidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de «non causar un prexuízo significativo» (DO C 58 de 18.2.2021, p.1) mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación medioambiental pertinente da UE e nacional.

Polo tanto faise preciso introducir no convenio asinado o 5 de outubro de 2022 a nova porcentaxe de execución do 50% ao ser un destino adxudicado en 2021.

Cuarto.- De acordo coa Estratexia de sostibilidade Turística en Destino a Comunidade Autónoma poderá prever unha prórroga do prazo de execución dos plans de sostibilidade turística en destino, máis aló do prazo máximo de 3 anos previstos inicialmente, sempre que estea motivado. Debido á inmediatez e urxencia da finalidade deste Plan, así como á dificultade de implantación por parte das entidades beneficiarias e dos adxudicatarios para cumprir con estes obxectivos en prazo, faise necesaria a ampliación do prazo de execución para que ningunha das medidas de execución das obras e proxectos de inversión incluídos nos distintos plans de sostibilidade que recolle o plan de recuperación e resiliencia cause un prexuízo significativo.

Este horizonte temporal inicial resulta limitado, tendo en conta, por un lado, o elevado



volumen de fondos a mobilizar e, por outro, a dimensión e complexidade dalgúns proxectos polo que a ampliación de prazo implica tempo para reformular consideracións respecto do principio DNSH e novos pasos para garantir o cumprimento dos fitos e obxectivos correspondentes.

En reunión da Comisión Bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Comunidade Autónoma de Galicia de 13 de setembro de 2024 faise constar en virtude dos acordos de conferencia Sectorial 29/12/2023 poderanse prorrogar as solicitudes das entidades interesadas os Plans de Sostibilidade Turística en Destino ata xuño do 2026. Así mesmo, a CCAA decidirá o prazo máximo de presentación de solicitudes por parte das súas entidades locais que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia é un prazo máximo ata o mes de maio.

A entidade beneficiaria motivada polas dificultades para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite debido ás dificultades derivadas do sistema de información de xestión do cumprimento dos fitos e obxectivos definidos no Plan de recuperación, transformación e Resiliencia; dificultade de tramitación das autorizacións sectoriais preceptivas así como pola indefinición das esixencias do programa que ao ser a primeira convocatoria extraordinaria, requiren dun tempo adicional para a súa aclaración e adaptación, polo que se solicita unha concesión de prórroga para executar axeitadamente e que non supoña un risco para o cumprimento dos fitos 220 e 221, conforme aos prazos de execución establecidos no Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023.

Quinto.- Que na reunión da comisión bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia celebrada o 20 de xuño de 2024 aprobouse unha reprogramación das actuacións debido ás modificacións solicitadas polas distintas entidades en base á distinta problemática que afecta ás súas actuacións, así como as necesidades de reasignación dos remanentes existentes de contratos xa adxudicados e as incorporacións dos fondos nos executados en anualidades anteriores, dentro do marco xeral de execución previsto para a execución dos plans. Ao tratarse de fondos finalistas, permítese que os fondos que non foron executados se incorporen na anualidade seguinte, dentro do período máximo de execución previsto no convenio e sempre e cando se asegure o cumprimento do Fito en prazo. A modificación consiste en actualizar o cadro inicial de actuacións previstas na cláusula terceira sen que implique cambios no resto do contido da cláusula así como a súa inclusión no anexo I.

Sexto.- Os convenios relativos ao Plan Territorial 2021 na súa cláusula novena, Comisión de seguimento, estipulaban que para o control e resolución de cantas cuestións se suscitasen ao redor da interpretación e aplicación da execución do convenio, quedaría constituída a comisión de seguimento desde a firma do convenio e ditaría as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicitase algunha das partes e, en todo caso, polo menos tres veces ao ano. Coa fin de eliminar a carga administrativa aos beneficiarios e axilizar a resolución de consultas e dúbidas, así como non paralizar a execución das actuacións, decidese de mutuo acordo que as reunións das comisións de seguimento pasen a ser polo menos dúas resolvéndose as dúbidas de tramitación empregando outras formas máis áxiles.

Sétimo. - Nos convenios tramitados relativos aos PSTD 2021 facíase referencia á compatibilidade con outras axudas e subvencións. Agás permiso explícito recollido no Acordo de Conferencia Sectorial non procede a compatibilidade con outros fondos Europeos segundo as Orientacións de 6 de marzo de 2023 en relación coa prevención da dobre financiación no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia



ditadas polo Ministerio de Hacienda y Función Pública; o dito permiso non está contemplado no acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021.

Oitavo.- A Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dictase en aplicación da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, en relación coa análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, baseado nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.

A presente orde establece o contido mínimo que obrigatoriamente deberán ter as Declaracións de Ausencia de Conflito de Interese (DACI). Tras a entrada en vigor desta orde faise preciso adaptar as DACI establecidas no convenio inicial ao previsto na Orde.

Noveno.- Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, o número de reunións da comisión de seguemento, as porcentaxes de execución, a compatibilidade con outras axudas, a actualización das DACI e a posibilidade de prórroga.

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas segunda, terceira, novena, décima, décimo terceira, décimo sexta e o anexo I, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

Segunda. Natureza

1. A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes artículase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Pública formalízanse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios



deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España—Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, LEI 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 31,7% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, contribuirán previsiblemente as seguintes etiquetas climáticas identificadas con unha contribución a obxectivos climáticos do 100%:

Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada	01
Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio	075
Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal	026 bis

026bis: Renovación da eficiencia enerxética o medidas de eficiencia enerxética relativas a infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética.

01: Contribución ás competencias e empregos verdes.

075: Infraestrutura para bicicletas.

As seguintes actuacións, contribuirán previsiblemente as seguintes etiquetas climáticas identificadas con unha contribución a obxectivos climáticos do 40%:



Creación dunha rede de Centros de interpretación do Proxecto de Xeparque de Cabo Ortegal.	050
Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais.	047
Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades...).	047
Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorutas, visitas e outras).	050

047: Apoio a procesos de produción respetuosos co medio ambiente e eficiencia no uso de recursos nas pymes.

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis.

Terceira. Custo das actuacións e gastos subvencionables.

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 1.500.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:



Eixos programáticos	Nº	Actuacións	2022	2023	2024	2025	2026	Total
Eixo 1. Transición verde e sostible	17	Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	64.863,26 €	0,00€	64.863,26 €
	11	Deseño e creación de programas educativos e de fomento da investigación.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	56.670,00 €	0,00€	56.670,00 €
	16	Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios.	0,00 €	0,00 €	14.144,90 €	64.005,10€	0,00€	78.150,00 €
	18	Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades...).	0,00 €	0,00 €	13.164,80 €	37.895,20 €	0,00€	51.060,00 €
	19	Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorutas, visitas e outras actividades).	0,00 €	0,00 €	0,00 €	54.450,00 €	0,00€	54.450,00 €
	13	Creación duna Red de centros de interpretación do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	13.125,39 €	41.324,61€	0,00€	54.450,00 €
Total EIXO 1			0,00 €	0,00 €	40.435,09 €	319.208,17€	0,00€	359.643,26 €
Eixo 2. Mellora da eficiencia enerxética	1	Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio.	0,00 €	0,00 €	15.177,84 €	134.822,16€	0,00€	150.000,00 €
	2	Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	15.122,54 €	191.987,10€	0,00€	207.109,64 €
Total EIXO 2			0,00 €	0,00 €	30.300,38 €	326.809,26€	0,00€	357.109,64 €
Eixo 3. Transición dixital	3	Gabinete de comunicación de marketing <i>online</i> .	0,00 €	0,00 €	0,00 €	39.930,00 €	0,00€	39.930,00 €
	4	Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	40.000,00 €	0,00€	40.000,00 €
	6	Ampliación de funcionalidades e contidos da páxina web.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	16.890,00 €	0,00€	16.890,00 €
	7	Creación dunha App para a xestión e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €	0,00€	50.000,00 €
	8	Formación e asesoramento para a a mellora do destino en <i>Google Travel Journey</i> .	0,00 €	0,00 €	11.708,94 €	20.961,06€	0,00€	32.670,00 €
Total EIXO 3			0,00 €	0,00 €	11.708,94 €	167.781,06€	0,00€	179.490,00 €
Eixo 4. Competitividad e	9	Asistencia técnica para a xestión do PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	124.185,30 €	89.945,89€	0,00€	214.131,19 €
	10	Implantación de indicadores ETIS	0,00 €	0,00 €	12.100,00 €	24.200€	0,00€	36.300,00 €



	(<i>European Tourism indicator system</i>) e modelo de xestión DTS.						
12	Plan de marketing e estratexia de medios, <i>online</i> e <i>offline</i> .	0,00 €	15.376,52 €	0,00 €	0,00€	0,00€	15.376,52 €
14	Dinamización e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	0,00€	36.000,00 €
15	Posta en valor de produtos do sector primario para o turismo.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	72.600,00 €	0,00€	72.600,00 €
20	Deseño, creación e promoción de produtos e experiencias turísticas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	0,00€	36.000,00 €
21	Plan de difusión e uso da marca e identidade corporativa do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	0,00€	32.670,00 €
22	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual de promoción.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	20.710,00 €	0,00€	20.710,00 €
23	Accións e material de promoción e publicidade para a mellora do posicionamento do produto.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	45.300,00 €	0,00€	45.300,00 €
24	Organización de <i>fam trips</i> a outros xeoparques certificados.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	43.880,00 €	0,00€	43.880,00 €
25	Presenza en feiras, xornadas e eventos.	0,00 €	0,00 €	17.549,54 €	569,85€	0,00€	18.119,39 €
26	Deseño e elaboración de publicacións e material de difusión. de	0,00 €	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	0,00€	32.670,00 €
Total EIXO 4		0,00 €	15.376,52 €	153.834,84 €	434.545,74€	0,00€	603.757,10 €
TOTAL		0,00 €	15.376,52 €	236.279,25 €	1.248.344,23€	0,00€	1.500.000,00 €

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das actuacións recollidas do antedito convenio, achegando un importe máximo de un millón quiñentos mil euros (1.500.000,00€) con cargo ás aplicacións 05.A2.761A.7600 e 05.A2.761A.821.06 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para a anualidade 2022.

Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipou á Deputación da Coruña o importe correspondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticipárase a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente anualidade 2023 e 2024.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. A achega da Axencia de Turismo de Galicia efectúase de acordo ao estipulado no Convenio asinado o 5 de outubro de 2022:

O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.7600, código de proxecto 2022 0001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», por un importe de 456.990,00€. conforme ao establecido polo artigo 10



do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo das anualidades 2023 e 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.821.06, código de proxecto 2022 00001, por un importe de 597.080,00 para a anualidade 2023 e 445.930,00 para anualidade 2024.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación queda exonerado da constitución de garantía.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirira a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD da entidade local da Deputación da Coruña financiaranse con fondos da Unión Europea- Next Generation EU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiados todos aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza da actividade, destínanse a alcanzar o obxectivo 217 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiados:

- a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
- b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiados.
- c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionados sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non sería elixible.
- e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionados os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiados:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de



permisos ou licenzas.

- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2022.

Novena. Comisión de seguimento.

1. Para o control e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.
2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:
Dous representantes da comunidade Autónoma
Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

Décima.- Prazo e forma de xustificación.

1. A Deputación da Coruña, finalizada a execución presentará a xustificación ante a Axencia de Turismo de Galicia como data límite o 31 de maio de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:
 - a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
 - c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a



- que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
- d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.
 - e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
 - f) Certificado emitido pola Deputación que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención
 - g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.
 - h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.
2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.
 3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
 4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.
 5. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.
 - Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
 - Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
 - Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética/electromovibilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional. Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.



Décima terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento

A percepción destas axudas non é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

Decima sexta.-Vixencia.

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 maio de 2026.

ANEXO I

Actuacións, o calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e o orzamento desagregado, por anualidades.



Eixos programáticos	Nº	Actuacións	2022	2023	2024	2025	2026	Total
Eixo 1. Transición verde e sostible	17	Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	64.863,26 €	0,00€	64.863,26 €
	11	Deseño e creación de programas educativos e de fomento da investigación.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	56.670,00 €	0,00€	56.670,00 €
	16	Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios.	0,00 €	0,00 €	14.144,90 €	64.005,10€	0,00€	78.150,00 €
	18	Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades...).	0,00 €	0,00 €	13.164,80 €	37.895,20 €	0,00€	51.060,00 €
	19	Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorutas, visitas e outras actividades).	0,00 €	0,00 €	0,00 €	54.450,00 €	0,00€	54.450,00 €
	13	Creación duna Red de centros de interpretación do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	13.125,39 €	41.324,61€	0,00€	54.450,00 €
Total EIXO 1			0,00 €	0,00 €	40.435,09 €	319.208,17€	0,00€	359.643,26 €
Eixo 2. Mellora da eficiencia enerxética	1	Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio.	0,00 €	0,00 €	15.177,84 €	134.822,16€	0,00€	150.000,00 €
	2	Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	15.122,54 €	191.987,10€	0,00€	207.109,64 €
Total EIXO 2			0,00 €	0,00 €	30.300,38 €	326.809,26€	0,00€	357.109,64 €
Eixo 3. Transición dixital	3	Gabinete de comunicación de marketing <i>online</i> .	0,00 €	0,00 €	0,00 €	39.930,00 €	0,00€	39.930,00 €
	4	Creación dunha central de reservas para servizos do Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	40.000,00 €	0,00€	40.000,00 €
	6	Ampliación de funcionalidades e contidos da páxina web.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	16.890,00 €	0,00€	16.890,00 €
	7	Creación dunha App para a xestión e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €	0,00€	50.000,00 €
	8	Formación e asesoramento para a a mellora do destino en <i>Google Travel Journey</i> .	0,00 €	0,00 €	11.708,94 €	20.961,06€	0,00€	32.670,00 €
Total EIXO 3			0,00 €	0,00 €	11.708,94 €	167.781,06€	0,00€	179.490,00 €
Eixo 4. Competitividade	9	Asistencia técnica para a xestión do PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	124.185,30 €	89.945,89€	0,00€	214.131,19 €
	10	Implantación de indicadores ETIS	0,00 €	0,00 €	12.100,00 €	24.200€	0,00€	36.300,00 €



	(European Tourism indicator system) e modelo de xestión DTS.						
12	Plan de marketing e estratexia de medios, <i>online e offline</i> .	0,00 €	15.376,52 €	0,00 €	0,00€	0,00€	15.376,52 €
14	Dinamización e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	0,00€	36.000,00 €
15	Posta en valor de produtos do sector primario para o turismo.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	72.600,00 €	0,00€	72.600,00 €
20	Deseño, creación e promoción de produtos e experiencias turísticas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	36.000,00 €	0,00€	36.000,00 €
21	Plan de difusión e uso da marca e identidade corporativa do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	0,00€	32.670,00 €
22	Creación dun banco de imaxes e material audiovisual de promoción.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	20.710,00 €	0,00€	20.710,00 €
23	Accións e material de promoción e publicidade para a mellora do posicionamento do produto.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	45.300,00 €	0,00€	45.300,00 €
24	Organización de <i>fam trips</i> a outros xeoparques certificados.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	43.880,00 €	0,00€	43.880,00 €
25	Presenza en feiras, xornadas e eventos.	0,00 €	0,00 €	17.549,54 €	569,85€	0,00€	18.119,39 €
26	Deseño e elaboración de publicacións e material de difusión. de	0,00 €	0,00 €	0,00 €	32.670,00 €	0,00€	32.670,00 €
Total EIXO 4		0,00 €	15.376,52 €	153.834,84 €	434.545,74€	0,00€	603.757,10 €
TOTAL		0,00 €	15.376,52 €	236.279,25 €	1.248.344,23€	0,00€	1.500.000,00 €

ANEXO II

Modelos de declaración

A.Ausencia de conflito de interese

A1. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»



2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
 - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
 - e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

A2. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:



Primeiro. Estar informada do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «*existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal*».
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado deste, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».
3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».
4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:
 - «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».
 - «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores».

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en



curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm - dnsh)

Información sobre a actuación no plan de recuperación

Identificación da actuación

Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade

Submedida 2: plans de sustentabilidade turística

Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada	01
Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio	075
Mellora da eficiencia enerxética dos concellos do Xeoparque Cabo Ortegal	026 bis

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Creación dunha rede de Centros de interpretación do Proxecto de Xeoparque de Cabo Ortegal	050
---	-----



Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais	047
Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades...)	047
Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorutas, visitas e outras)	050

Datos da persoa solicitante

Nome/razón social

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B) As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación,



transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

- 1.A redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
- 2.A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
- 3.Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C) As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

Entre outras:

- 1.Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios.
- 2.Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental.

D) As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2, á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

As actividades excluídas son:

1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de



residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E)As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigaçión de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante
Lugar e data

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Deputación da Coruña

O director

O vicepresidente

José Manuel Merelles Remy

Xosé Regueira Varela"

40.- Aprobación da formalización dun Convenio administrativo de colaboración co concello de Valdoviño, para a encomenda de xestión da realización do proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Batería de Campelo.



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de VALDOVIÑO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización para a realización do proxecto de ACONDICIONAMENTO DAS BATERÍAS DE COSTA DE FERROLTERRA: BATERÍA DE CAMPELO, proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de VALDOVIÑO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización do proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Batería de Campelo, segundo se indica:

TIPO DE COSTE	IMPORTE
Redacción do proxecto	4.500,00 €
Execución do proxecto construtivo	257.000,00 €
Control de seguridade e saúde da obra	2.107,40 €
Control de calidade da obra	2.570,00 €
TOTAIS	266.177,40 €

2. Condicionar a contratación e execución do proxecto e das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DAS BATERÍAS DE COSTA DE FERROLTERRA: BATERÍA DE CAMPELO

A Coruña, de do 2024

REUNIDOS

D., en representación da deputación provincial da Coruña

D., en representación do concello de Valdoviño



Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1. Dentro do amplo conxunto do patrimonio histórico militar da provincia da Coruña destacan os elementos de arquitectura defensiva costeira como parte fundamental do legado monumental herdado e da maioría das paisaxes culturais da provincia. Esta arquitectura constitúe unha das expresións máis claras e intelixibles da historia, ligada de forma moi directa a acontecementos transcendentales e a persoas e colectividade que xogaron papeis relevantes ao longo dos tempos.

A presenza desta arquitectura defensiva costeira en lugares estratéxicos, tanto en poboacións como no medio natural, provocou a súa integración como elementos singulares na paisaxe natural e urbana. Con todo, a perda da función orixinal da arquitectura defensiva ou fortificada, favoreceu a súa destrución ou deterioración, de maneira que a situación xeral de moitos destes monumentos alcanza un estado próximo á ruína.

Debido á súa gran extensión e complexidade, este significativo conxunto de bens de interese cultural foi pouco atendido e a preocupante magnitude da súa degradación actual require a adopción de medidas adecuadas, tanto técnicas, como administrativas e económicas para a súa protección e conservación.

2. Nestes últimos anos, a deputación da Coruña dedicou numerosos esforzos e recursos para dar a coñecer o patrimonio militar costeiro que, desde hai séculos, serviu para a defensa da nosa costa. E tamén iniciou a súa posta en valor e a difusión dos seus aspectos históricos, estratéxicos, paisaxísticos, ambientais, turísticos etc., como a edición de dous guías nas que se describe de forma exhaustiva o desenvolvemento defensivo do bordo litoral coruñés desde tempos remotos; ou a organización en Valdoviño, en febreiro de 2023, do simposio internacional “Apuntando ao mar”, realizado co obxectivo de estudar desde diferentes ángulos as posibilidades para a posta en valor das baterías costeiras e outro patrimonio militar situado no litoral da provincia da Coruña.

3. Considerando que a actuación da deputación da Coruña está reforzada polo desenvolvemento do proxecto “Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra”, financiado polo Plan de Sostibilidade Turística en Destino, aprobado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

4. As baterías de costa da contorna de Ferrolterra teñen un gran potencial para recuperar e poñer en valor a historia e o patrimonio cultural, militar e natural que indubidablemente atesouran. Estes espazos poden servir de exemplo para resaltar valores ambientais e de arqueoloxía industrial, e poden converterse, unha vez acondicionados, en lugares aos que a cidadanía poida acudir para o seu espaxamento, deporte, lecer, ou gozar dun saudable contacto coa natureza.

5. A batería de Campelo, cuxa titularidade corresponde ao concello de Valdoviño en virtude de convenio asinado co Ministerio de Defensa, require dunha ampla intervención dirixida a recuperar espazos degradados, protexer instalacións, colocar sinalizacións e facilitar o acceso da cidadanía interesada na súa visita. Ademais, esta actuación pode servir de motor dinamizador dunha economía e dun desenvolvemento turístico sostible nun territorio excepcional, con abruptos cantís, rías e praias únicas na península ibérica



En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a deputación da Coruña e o concello de Valdoviño con suxeición as seguintes **CLÁUSULAS**:

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do concello de Valdoviño a favor da deputación da Coruña para a actuación referida á “Revalorización da batería de Campelo en Valdoviño”, a realizar en 2 fases:

- Fase 1ª: Redacción do proxecto de actuación.
- Fase 2ª: Realización das obras contidas no proxecto.

SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

1. O orzamento de execución das accións recollidas neste convenio estímase nuns DOUSCENTOS SESENTA E UN MIL CINCOCENTOS EUROS (261.500,00 €), IVE incluído, e que corresponden as seguintes accións:

- Redacción do proxecto e dirección de obra: 4.500,00 €, IVE incluído
- Realización das obras contidas no proxecto: 257.000,00 €, IVE incluído

Engadiranse a este importe os custos derivados especificamente da execución da obra, asumidos directamente pola deputación da Coruña, que se indican a continuación calculados sobre o orzamento de execución material inicialmente previsto:

- Contrato de seguridade e saúde (0,82 %): 2.107,40 €
- Contrato de control de calidade (1,00 %): 2.570,00 €

2. O prazo de execución dos traballos é de seis (6) meses para a contratación e redacción do proxecto de obra, e de doce (12) meses para a contratación e realización das obras.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O custo total da actuación recollida na cláusula primeira será asumido pola deputación da Coruña.

O detalle dos custos da execución da intervención indicada é o seguinte:

TIPO DE COSTE	IMPORTE
Redacción do proxecto	4.500,00 €
Execución do proxecto construtivo	257.000,00 €
Control de seguridade e saúde da obra	2.107,40 €
Control de calidade da obra	2.570,00 €
TOTAIS	266.177,40 €

Os custos de redacción do proxecto e de execución da obra, estimados inicialmente en 261.500,00 €, imputaranse á aplicación orzamentaria provincial 0520/4596/650. En canto



aos gastos derivados da seguridade e saúde e control de calidade, estimados inicialmente en 4.677,40 €, imputaranse aos contratos vixentes na deputación da Coruña para as ditas prestacións.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

En virtude da sinatura do presente convenio o concello de Valdoviño comprométese a:

1. Encomendar expresamente á deputación da Coruña a realización da actuación “Revaloración da batería de Campelo no concello de Valdoviño”.
2. Aprobar o proxecto de actuación que lle remita a deputación da Coruña.
3. Como trámite previo á licitación das obras pola deputación da Coruña, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade do terreo de actuación, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións que se describan no proxecto “Revalorización da batería de Campelo”. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias, correndo cos custos que se xeren.
4. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto “Revalorización da batería de Campelo”.
5. Comunicar á deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
6. Unha vez realizadas as obras pola deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo concello de Valdoviño, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do concello de Valdoviño.
7. Dar publicidade desta actuación da deputación da Coruña en colaboración co concello de Valdoviño.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a deputación da Coruña, recibida a encomenda de xestión á que se refire a cláusula anterior, comprométese a:

1. Contratar a redacción do proxecto “Revalorización da batería de Campelo”.
2. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.
3. Comunicar ao concello de Valdoviño a data e hora para o acto de recepción das obras pola deputación da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo concello de Valdoviño, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Valdoviño, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.
4. Comunicar ao concello de Valdoviño calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
5. Dar publicidade nesta actuación provincial da colaboración do concello de Valdoviño.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do concello



de Valdoviño e outro representante da deputación provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

1. Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
2. Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio. Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

SÉTIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

OITAVA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, ou dúbidas que se presenten na súa interpretación, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán decididas polo Presidente da deputación da Coruña, poñendo así fin á vía administrativa.

2. Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou que impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no mesmo.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

3. Cada unha das situacións descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do presente convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a



entrega das obras ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas.

Inicialmente establécese un prazo de vixencia de 18 meses. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula sexta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por duplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña
Asdo.:

Polo Concello de Valdoviño
Asdo.:

A Secretaria Xeral
Asdo.:"

41.- Aprobación da formalización dun Convenio administrativo de colaboración co concello de Ares, para a encomenda de xestión da realización do proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Bateria de Bailadora.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de ARES, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización para a realización do proxecto de ACONDICIONAMENTO DAS BATERÍAS DE COSTA DE FERROLTERRA: BATERÍA DE BAILADORA, proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co Concello de ARES, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización do proxecto de acondicionamento das baterías de costa de Ferrolterra: Bateria de Bailadora, segundo se indica:

TIPO DE COSTE	IMPORTE
Redacción do proxecto	6.000,00 €
Execución do proxecto construtivo	343.000,00 €
Control de seguridade e saúde da obra	2.812,60 €



Control de calidade da obra	3.430,00 €
TOTAL	355.242,60 €

2. Condicionar a contratación e execución do proxecto e das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DAS BATERÍAS DE COSTA DE FERROLTERRA: BATERÍA DE BAILADORA

A Coruña, de do 2024

REUNIDOS

D., en representación da deputación provincial da Coruña

D., en representación do concello de Ares

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1. Dentro do amplo conxunto do patrimonio histórico militar da provincia da Coruña destacan os elementos de arquitectura defensiva costeira como parte fundamental do legado monumental herdado e da maioría das paisaxes culturais da provincia. Esta arquitectura constitúe unha das expresións máis claras e intelixibles da historia, ligada de forma moi directa a acontecementos transcendentales e a persoas e colectividade que xogaron papeis relevantes ao longo dos tempos.

A presenza desta arquitectura defensiva costeira en lugares estratéxicos, tanto en poboacións como no medio natural, provocou a súa integración como elementos singulares na paisaxe natural e urbana. Con todo, a perda da función orixinal da arquitectura defensiva ou fortificada, favoreceu a súa destrución ou deterioración, de maneira que a situación xeral de moitos destes monumentos alcanza un estado próximo á ruína.

Debido á súa gran extensión e complexidade, este significativo conxunto de bens de interese cultural foi pouco atendido e a preocupante magnitude da súa degradación actual require a adopción de medidas adecuadas, tanto técnicas, como administrativas e económicas para a súa protección e conservación.

2. Nestes últimos anos, a deputación da Coruña dedicou numerosos esforzos e recursos para dar a coñecer o patrimonio militar costeiro que, desde hai séculos, serviu para a defensa da nosa costa. E tamén iniciou a súa posta en valor e a difusión dos seus aspectos históricos, estratéxicos, paisaxísticos, ambientais, turísticos etc., como a edición de dous guías nas que se describe de forma exhaustiva o desenvolvemento defensivo do bordo litoral coruñés desde tempos remotos; ou a organización en Ares, en febreiro de 2023, do simposio internacional “Apuntando ao mar”, realizado co obxectivo de estudar



desde diferentes ángulos as posibilidades para a posta en valor das baterías costeiras e outro patrimonio militar situado no litoral da provincia da Coruña.

3. Considerando que a actuación da deputación da Coruña está reforzada polo desenvolvemento do proxecto “Centro histórico de Ferrol e Patrimonio militar da Costa Ártabra”, financiado polo Plan de Sostenibilidade Turística en Destino, aprobado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

4. As baterías de costa da contorna de Ferrolterra teñen un gran potencial para recuperar e poñer en valor a historia e o patrimonio cultural, militar e natural que indubidablemente atesouran. Estes espazos poden servir de exemplo para resaltar valores ambientais e de arqueoloxía industrial, e poden converterse, unha vez acondicionados, en lugares aos que a cidadanía poida acudir para o seu esparexemento, deporte, lecer, ou gozar dun saudable contacto coa natureza.

5. A batería de Bailadora, cuxa titularidade corresponde ao concello de Ares en virtude de convenio asinado co Ministerio de Defensa, require dunha ampla intervención dirixida a recuperar espazos degradados, protexer instalacións, colocar sinalizacións e facilitar o acceso da cidadanía interesada na súa visita. Ademais, esta actuación pode servir de motor dinamizador dunha economía e dun desenvolvemento turístico sostible nun territorio excepcional, con abruptos cantís, rías e praias únicas na península ibérica

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a deputación da Coruña e o concello de Ares con suxeición as seguintes **CLÁUSULAS:**

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do concello de Ares a favor da deputación da Coruña para a actuación referida á “Revalorización da batería de Bailadora en Ares”, a realizar en 2 fases:

- Fase 1ª: Redacción do proxecto de actuación.
- Fase 2ª: Realización das obras contidas no proxecto.

SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

1. O orzamento de execución das accións recollidas neste convenio estímase nuns TRESCENTOS CORENTA E NOVE MIL EUROS (349.000,00 €), IVE incluído, e que corresponden as seguintes accións:

- Redacción do proxecto e dirección de obra: 6.000,00 €, IVE incluído
- Realización das obras contidas no proxecto: 343.000,00 €, IVE incluído

Engadiranse a este importe os custos derivados especificamente da execución da obra, asumidos directamente pola deputación da Coruña, que se indican a continuación calculados sobre o orzamento de execución material inicialmente previsto:

- Contrato de seguridade e saúde (0,82 %): 2.812,60 €
- Contrato de control de calidade (1,00 %): 3.430,00 €

2. O prazo de execución dos traballos é de seis (6) meses para a contratación e redacción do proxecto de obra, e de doce (12) meses para a contratación e realización das obras.



TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O custo total da actuación recollida na cláusula primeira será asumido pola deputación da Coruña.

O detalle dos custos da execución da intervención indicada é o seguinte:

TIPO DE COSTE	IMPORTE
Redacción do proxecto	6.000,00 €
Execución do proxecto construtivo	343.000,00 €
Control de seguridade e saúde da obra	2.812,60 €
Control de calidade da obra	3.430,00 €
TOTAIS	355.242,60 €

Os custos de redacción do proxecto e de execución da obra, estimados inicialmente en 349.000,00 €, imputaranse á aplicación orzamentaria provincial 0520/4596/650. En canto aos gastos derivados da seguridade e saúde e control de calidade, estimados inicialmente en 6.242,60 €, imputaranse aos contratos vixentes na deputación da Coruña para as ditas prestacións.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE ARES

En virtude da sinatura do presente convenio o concello de Ares comprométese a:

1. Encomendar expresamente á deputación da Coruña a realización da actuación "Revaloración da batería de Bailadora no concello de Ares".
2. Aprobar o proxecto de actuación que lle remita a deputación da Coruña.
3. Como trámite previo á licitación das obras pola deputación da Coruña, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade do terreo de actuación, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións que se describan no proxecto "Revalorización da batería de Bailadora". Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias, correndo cos custos que se xeren.
4. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto "Revalorización da batería de Bailadora".
5. Comunicar á deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
6. Unha vez realizadas as obras pola deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo concello de Ares, procederase a formalizar a acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do concello de Ares.
7. Dar publicidade desta actuación da deputación da Coruña en colaboración co concello de Ares.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a deputación da Coruña, recibida a



encomenda de xestión á que se refire a cláusula anterior, comprométese a:

1. Contratar a redacción do proxecto “Revalorización da batería de Bailadora”.
2. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.
3. Comunicar ao concello de Ares a data e hora para o acto de recepción das obras pola deputación da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo concello de Ares, xunto co técnico competente que determine. Unha vez formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Ares, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.
4. Comunicar ao concello de Ares calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
5. Dar publicidade nesta actuación provincial da colaboración do concello de Ares.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do concello de Ares e outro representante da deputación provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio. Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

SÉTIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entres de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

OITAVA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, ou dúbidas que se presenten na súa interpretación, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán decididas polo Presidente da deputación da Coruña, poñendo así fin á vía administrativa.

2. Serán causas de extinción deste convenio:



- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou que impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no mesmo.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

3. Cada unha das situacións descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do presente convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a entrega das obras ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas.

Inicialmente establécese un prazo de vixencia de 18 meses. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula sexta.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por duplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña
Asdo.:

Polo Concello de Ares
Asdo.:

A Secretaria Xeral
Asdo.:"

42.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto "27ª Conferencia Europea en Intelixencia Artificial (ECAI)" no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar o proxecto “27ª Conferencia Europea en Intelixencia Artificial (ECAI)” na anualidade 2024, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, Q1518001A, para regular a achega de 50.000,00 € para cofinanciar o proxecto “27ª Conferencia Europea en Intelixencia Artificial (ECAI)” no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2024, cun orzamento subvencionado de 62.500,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.
4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240050894.1, da Partida 0520/24100/45390, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2024 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de decembro de 2024
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “27ª CONFERENCIA EUROPEA EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL (ECAI)” NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2024

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación da Coruña.



Doutra parte, Don Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

1.- A ECAI, a Conferencia Europea sobre Intelixencia Artificial, é o principal evento europeo de investigación da IA, e ten un grande impacto mundial neste eido. Desde a súa fundación nos anos 70, a ECAI constitúe un pilar para a promoción da investigación, a colaboración internacional, o desenvolvemento profesional, a transferencia tecnolóxica á industria e a discusión ética. A través destes esforzos, a ECAI contribuíu significativamente ao avance da IA e axudou a establecer unha comunidade global comprometida co desenvolvemento e a aplicación responsable desta tecnoloxía transformadora.

Inicialmente tratábase dunha conferencia bienal, pero desde 2023, ten carácter anual. Aínda que a primeira conferencia que recibiu a denominación de “Conferencia Europea sobre a IA” foi a ECAI- 1982, celebrada en Orsay, preto de París, a comunidade europea da IA considerou tradicionalmente as catro primeiras Conferencias bienais sobre Intelixencia Artificial e Simulación do Comportamento (Brighton 1974, Edimburgo 1976, Hamburgo 1978 e Ámsterdam 1980) como “Conferencias Europeas sobre IA”. Por iso na anualidade 2024, coincidindo co seu 50 aniversario, celébrase en Santiago de Compostela, a 27ª ECAI, 50 anos de Conferencias Europeas sobre a IA.

2.- A Conferencia está auspiciada pola Asociación Europea de Intelixencia Artificial (EurAI) e a Sociedade Española de Intelixencia Artificial (AEPIA) e será organizada polo Grupo de Sistemas Intelixentes e o CiTIUS, Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela.

3. A ECAI constitúe unha plataforma académica e científica fundamental para a promoción do intercambio de coñecementos, a discusión dos avances de investigación e a colaboración entre expertos no campo da IA. Esta Conferencia ten ademais unha importancia crucial para a comunidade académica e científica internacional, ao outorgar un espazo de encontro que fomenta a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a reflexión crítica arredor dos desafíos e oportunidades inherentes ao ámbito da IA. Deste xeito, representa pois un extraordinario valor para a comunidade académica e científica de Galicia, e particularmente da provincia da Coruña, así como para o seu tecido produtivo, aportando tamén un claro beneficio económico, de capital relacional e de proxección internacional da nosa comunidade.

A realización na capital galega do máis importante evento científico de Europa en IA, supoñerá tamén unha oportunidade excepcional para as universidades e centros de investigación de Galicia, moi en particular para os que están na provincia da Coruña.

4.- Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes



cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela NIF: Q1518001A, para o financiamento do proxecto “27ª Conferencia Europea en Intelixencia Artificial (ECAI)”, cuxo programa se centra na realización dunha grande variedade de obradoiros e titoriais sobre temas específicos en IA (educación en IA, robótica, aplicacións e mobilidade loxística, saúde, temas normativos e éticos relacionados co uso da IA, a IA cuántica ou as finanzas, etc), así como unha conferencia principal, que ademais das sesións de presentación de artigos, pósteres e demostracións, contará coa presenza de importantes figuras no eido da IA que presentarán as súas ideas, achados de investigación e perspectivas sobre as tendencias actuais e futuras en IA.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

A Universidade de Santiago levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO PROXECTO	
ACTIVIDADES	IMPORTE
Contratacións externas. Servizos de profesionais independentes Contratación dunha axencia especializada na organización de congresos e eventos que inclúe: - Montaxe, desmontaxe, mantemento e persoal técnico. - Seguridade - Medios técnicos (aluguer de salas, etc.)	62.500,00 €
Total custo proxecto	62.500,00 €
Importe cofinanciado pola Deputación Provincial (80 %)	50.000,00 €
Importe cofinanciado pola Universidade (20 %)	12.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, por importe de **50.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma



finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade de Santiago. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade de Santiago, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade de Santiago deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

2. Coa memoria e conta xustificativa, achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á Universidade de Santiago de Compostela unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación subscrita polo representante legal da Universidade de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo



o previsto na cláusula OITAVA.

5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O aboamento da contía da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán realizarse **entre o 1 de outubro e o 30 de outubro de 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación achegada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaranse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao



pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impoñer, a Universidade de Santiago deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago de Compostela serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais”
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

- 1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o **1 de outubro ata o 30 de outubro**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2024**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Previa solicitude da Universidade, realizada antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da Universidade, respectivamente



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de datade.....de 2024.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Asdo. Valentín González Formoso	Asdo. Antonio López Díaz

43.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para cofinanciar o proxecto de "As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas 2024".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para cofinanciar o proxecto “As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas 2024”.

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa “Comisión Informativa de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente”,

Proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.



2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, para regular a achega de 14.665,00 € para cofinanciar o proxecto “As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas 2024”, cun orzamento subvencionado de 30.082,63 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 48,74906 %.

3. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240051483, da aplicación orzamentaria 0520/23131/481, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA FINANCIAR O PROXECTO “AS ELIXIDAS: ENCONTRO INTERNACIONAL DE MULLERES ELECTAS”.

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a participación e o liderado equitativo de xénero na vida política e pública son esenciais para lograr os ODS da Axenda 2030, especialmente o ODS 5 (Igualdade de xénero e empoderamento das mulleres). A meta común adoptada internacionalmente na Declaración e Plataforma de Acción de Beijing é lograr a participación política e distribución equilibrada do poder entre homes e mulleres na toma de decisións.

Que a administración pública local é un actor clave do desenvolvemento humano e por tanto é, xunto ao resto de administracións, responsable de fomentar e impulsar espazos abertos libres de desigualdades, que fomenten unha participación activa e fortalezan a boa gobernanza e a democracia local.

Que a igualdade de xénero é un dereito humano fundamental e a base necesaria para un mundo pacífico, próspero e sostible. Dar ás mulleres e ás nenas o mesmo acceso á educación, á atención sanitaria, ao traballo decente e á representación nos procesos de toma de decisións políticas e económicas impulsará economías sostibles e beneficiará ás sociedades e á humanidade en xeral. A participación e o liderado en igualdade de xénero na vida política e pública tamén son esenciais para acadar os ODS da Axenda 2030.



Que o proxecto “As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas” impulsa novos espazos de diálogo e de cooperación que contribúen a fortalecer e potenciar a participación política das mulleres, xerando un sentido de pertenza e traballo en común que faciliten a cooperación horizontal entre as mulleres políticas do país e a cooperación con outras lideresas internacionais.

Que a nova Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, recoñece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar aos actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local.

Que a Lei galega 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, menciona ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega e cuxa actuación deberá respectar os principios e criterios establecidos a través do Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

Que a cooperación ao desenvolvemento ten como finalidade apoiar aos países máis desfavorecidos, co fin de contribuír ao progreso humano: impulsar o desenvolvemento sostible, favorecer o benestar social, erradicar a pobreza e potenciar a defensa dos dereitos humanos.

Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade consideran de gran interese impulsar a solidariedade internacional, apoiando e participando en accións de cooperación ao desenvolvemento, neste caso, fomentar e asegurar o dereito das mulleres á súa participación en política e en particular no ámbito local, tanto no sur como no norte global.

Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro de concellos e deputacións de Galicia constituída no ano 1997 cuxo obxecto fundamental consiste en desenvolver unha eficaz política de cooperación ao desenvolvemento, como expresión da corresponsabilidade e do compromiso solidario da sociedade galega cos pobos e comunidades empobrecidas que procuran a realización do seu dereito a un desenvolvemento humano sostible.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas” permite contribuír para avanzar no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, promovendo actuacións que traballan en defensa dos dereitos humanos, mostrando especial sensibilidade coas poboacións máis vulnerables, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en adiante, Fondo Galego) para o cofinanciamento do proxecto “As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas” que reunirá a mulleres electas do ámbito local de Galicia xunto a



mulleres electas dos países do Sur Global cos que coopera o Fondo Galego, co obxectivo de intercambiar experiencias e reflexionar sobre cuestións como:

- A importancia da representación das mulleres na política local.
- O rol das redes de mulleres electas no ámbito local.
- Principais atrancos que dificultan a participación política das mulleres na esfera local.
- As políticas públicas locais impulsadas polas mulleres.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ADQUISICIÓN

O Fondo Galego desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS DIRECTOS	TOTAL
Soldos e Salarios e Seguridade social a cargo da entidade	2.415,63 €
Desprazamentos (Gastos de manutención, viaxes e aloxamento vinculados directamente coa actividade obxecto desta subvención)	19.500,00 €
Publicidade e propaganda (Visibilización e merchandising)	4.567,00 €
Contratacións externas / Servizos profesionais independentes	3.600,00 €
TOTAL PROXECTO	30.082,63 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **14.665,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **48,74906 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,74906 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Fondo Galego obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de



subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 10 de setembro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Fondo Galego deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Fondo Galego para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Fondo Galego da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Fondo Galego na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O Fondo Galego deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación



Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Fondo Galego destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Fondo Galego deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fondo Galego poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Fondo Galego queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2025 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 10 de setembro de 2024.

2. Para o caso de que Fondo Galego non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Asdo:

Asdo:

A Secretaria Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.”

44.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia América polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os gastos de "Acondicionamento da sala destinada ao traballo co pensamento lóxico, programación e robótica do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol de Bos Aires (Arxentina)".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Fundación Galicia América para cofinanciar o proxecto “Acondicionamento de sala destinada ao traballo co pensamento lóxico, programación e robótica do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol de Bos Aires (Arxentina).”,

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias



correspondentes á área de competencia da “Comisión Informativa de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente”, dado o seu carácter residual,

Propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa FUNDACIÓN GALICIA AMÉRICA, para regular a achega de e 26.597,79 € para cofinanciar o proxecto “Acondicionamento de sala destinada ao traballo co pensamento lóxico, programación e robótica do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol de Bos Aires (Arxentina)” e, cun orzamento subvencionado de 33.247,24 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 28 de febreiro do 2025 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 15 de agosto do 2023 e o 29 de febreiro de 2024.
3. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240050211, da aplicación orzamentaria 0520/23132/781, do vixente Orzamento Xeral.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Numero ... /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN GALICIA AMÉRICA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “ACONDICIONAMENTO DE SALA DESTINADA AO TRABALLO CO PENSAMENTO LÓXICO, PROGRAMACIÓN E ROBÓTICA DO INSTITUTO ARXENTINO- GALEGO SANTIAGO APÓSTOL DE BOS AIRES (ARXENTINA)

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D., en representación da Fundación Galicia América

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

A Fundación Galicia América é unha fundación de interese cultural constituída en



escritura pública con data do 23 de xullo de 1996 para promover especialmente todas aquelas accións que, respetando as disposicións legais existentes, fomenten o acercamento da realidade galega a todos os países americanos onde se encontre vertebrada a comunidade galega.

Ao seu su amparo fundouse o Instituto Arxentino – Galego “Santiago Apóstol”, en adiante Instituto Santiago Apóstol de Argentina, integrada pola Xunta de Galicia e o Centro Galicia de Bos Aires – a través da Fundación Galicia América- co obxectivo de desenvolver un programa educativo bicultural no país que alberga a maior colonia de galegos na diáspora. O centro abriu as súas portas en 1998 e dende 2003 o colexio, o primeiro creado fora de Galicia, conta cun departamento de Linga e Literatura Galega que contribúe aínda máis a reafirmar os valores e trazos da identidade e da cultura do noso país no centro, favorecendo a súa difusión entre os seus estudantes.

O Instituto Santiago Apóstol de Argentina leva adiante a misión de educar a centos de alumnos e alumnas a través dun moi completo programa de actividades e disciplinas no cal destaca un deseño extracurricular obrigatorio centrado en materias especificamente vinculadas á cultura de Galicia como lingua, literatura, xeografía e historia galega e outras optativas como música e danzas de Galicia.

O interese público do proxecto deriva do seu carácter educativo bicultural, levado a cabo nas instalacións sitas no Paso 51, C1031 Ciudad Autónoma de Buenos Aires (Arxentina), na que se divulgan os valores culturais do pobo galego, da súa lingua, das súas tradicións, historia, folclore, arte y demais manifestacións, en sintonía co marco xeral de regulación dos dereitos dos cidadáns españois no exterior contidos na Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan afastados da súa terra, organizados a través de asociacións ou fundacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades sen fins de lucro galegas, co afán de axudar e mellorar a cualidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que conleven garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:



I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Galicia América (a entidade beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento da adquisición de equipamento para o acondicionamento da sala destinada ao traballo co pensamento lóxico, programación e robótico do Instituto Argentino-Galego Santiago Apóstol de Bos Aires (Arxentina), levado a cabo nas instalacións sitas no Paso 51, C1031 Ciudad Autónoma de Buenos Aires (Arxentina).

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ADQUISICIÓN

O orzamento dos gastos da adquisición aludidos no apartado anterior ascende a **33.247,24 €**, o seu equivalente en dólares estadounidenses e pesos argentinos, e o seu desglose é o seguinte:

ADQUISICIÓN	
CONCEPTO	<p><u>Mobiliario:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • 12 Mesas Trapezoidales para dous módulos circulares • 4 Mesas rectangulares (2 mesas de 80x160 e 2 mesas de 80x120) • 30 Sillas apilable plástica <p><u>Ferramentas educativas dixitais:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • 1 kit de Blue Bot X 6 + Estación de carga + 2 alfombras • 35 unidades de Dfrobot Kit Intermedio Arduino (KIT0018) • 7 unidades de Cubroid • 1 Impresora Trimaker Cosmos II 3D Profesional • 1 Pantalla Multiclass TLT 65" 4K 10 toques All In One + OP
TOTAL ORZAMENTO	33.247,24 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **26.597,79 €**, que equivale ao **80,00 %** de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (80,00%) das cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da adquisición, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

3. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.



4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0520/23132/781, do orzamento xeral para o 2023, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de adquisición necesarios para a execución do proxecto corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das adquisicións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do proxecto, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido os bens, a entidade beneficiaria deberá poñer un cartel en lugar visible da sala de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento e logotipo provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade



beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación da adquisición realizada e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha diligencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente á adquisición realizada durante o presente ano.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

f. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera da adquisición subvencionada e do cartel, tal como figura disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

g. Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados.

h. Acta de recepción escaneada ou albarán de entrega.

i. Certificación do acordo da incorporación dos bens adquiridos ao inventario de bens da entidade.

j. Declaración da adscrición dos bens adquiridos á finalidade para a cal se outorgou a subvención durante un período mínimo de dous anos.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os métodos contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 15.08.2023 e o 29.02.2024.

2. Unha vez raealizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.



A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención



provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3. Para os supostos de retraso na adquisición ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.



XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 15 de agosto de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 28 de febreiro de 2025.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter realizada a adquisición e presentada a xustificación antes do día 28 de febreiro de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de abril de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data ____ de _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Pola Fundación Galicia América

Asdo:

Asdo:”

45.- Aprobación da segunda prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Miño para financiar o proxecto "Posta en marcha dun espazo de traballo colaborativo "COWORKING MIÑO", no Centro Municipal de Emprego, Emprendemento e Formación", no marco do Plan de Emprego Local (PEL).



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de aprobación da segunda prórroga e vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de e Miño para financiar o proxecto “POSTA EN MARCHA DUN ESPAZO DE TRABAJO COLABORATIVO “COWORKING MIÑO”, NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO, EMPRENDEMENTO E FORMACIÓN”, na anualidade 2023, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1º Aprobar a segunda prórroga do convenio 58/2023, de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Miño con CIF P1504900J para o financiamento do proxecto “Posta en marcha dun espazo de traballo colaborativo “COWORKING MIÑO”, no Centro Municipal de Emprego, Emprendemento e Formación”, cun orzamento total de 50.094,00€, e cunha achega por parte da Deputación Provincial da Coruña de 40.075,20€ que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%, sendo a nova data de xustificación do convenio o 15 de setembro de 2025, e de vixencia ata o 15 de outubro de 2025.

2º Modificar as cláusulas VII e XIII do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de marzo de 2023 e o 15 de setembro de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Miño deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Miño para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Miño da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Miño na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos



compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Miño terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

*1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **15 de outubro de 2025**.*

*2. Para o caso de que o Concello de Miño non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **15 de outubro de 2025**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de novembro de 2025**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Miño perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.*

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3º Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

A Coruña, na data da sinatura dixital”

46.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) para cofinanciar o Proxecto Ríos na provincia da Coruña, anualidade 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza para cofinanciar o Proxecto Ríos na provincia da Coruña, anualidade 2024,

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa “Comisión Informativa de Industria,



Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica”, dado o seu carácter residual,

Proponse á Comisión de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), para regular a achega de 60.000,00€ para cofinanciar o Proxecto Ríos na provincia da Coruña, anualidade 2024, cun orzamento subvencionado de 75.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % estendendo a súa vixencia ata o 31 de xullo de 2025 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.

3. Autorizar á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) para que poidan concertar, ata o límite do 40 %, a execución do obxecto da subvención con entidades e/ou persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240051520, da aplicación orzamentaria 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) PARA FINANCIAR O PROXECTO RÍOS NA PROVINCIA DA CORUÑA, ANUALIDADE 2024.

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).



Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que actualmente incrementouse na sociedade a preocupación polos problemas relativos á conservación do noso patrimonio natural e da nosa diversidade. A globalización dos problemas ambientais e a crecente percepción dos efectos do cambio climático; o progresivo esgotamento dalgúns recursos naturais; a desaparición, ás veces irreversible, da grande cantidade de especies da flora e fauna silvestres, e a degradación de espazos naturais de interese son motivos de preocupación para a cidadanía.

Que os ríos galegos constitúen ecosistemas de gran valía e dunha considerable riqueza natural cunha grande biodiversidade e porcentaxe de endemismos que dan un valor excepcional na actual situación mundial de crise ecolóxica e desempeñan un papel importante no ciclo da auga así como nas condicións climáticas locais.

Que a auga é un patrimonio que hai que protexer e defender para que poida ser utilizado de forma sostible para a satisfacción das necesidades humanas.

Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) consideran de gran interese para a provincia dar a coñecer o noso patrimonio fluvial e as problemáticas ambientais a el asociadas, así como fomentar prácticas e comportamentos na cidadanía que permitan o mantemento e a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) desenvolve, sobre todo no que se refire á defensa da sustentabilidade dos nosos cursos fluviais, contribuír a incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e aportar solucións aos problemas asociados á auga e aos ríos. De ahí que o fomento, por parte da administración, das actividades realizadas por ADEGA sexa parte importante na preservación deste recurso fluvial.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto Ríos na provincia da Coruña para a anualidade 2024 que a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) desenvolve, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (en adiante, ADEGA) (NIF: G15044811) para financiar o proxecto Ríos na provincia da Coruña, anualidade 2024, no que se integran as seguintes actividades:

- Acción divulgativa: Realización de conferencias divulgativas sobre o Proxecto Ríos e asistencia a foros, seminarios, congresos e eventos presenciais e



telemáticos

- Acción formativa: Cursos para voluntarios do Proxecto Ríos e para persoal técnico de concellos.
- Accións de inventariado patrimonial participativo: Realización un Bioblitz Fluvial empregando o material de campo do proxecto e da man de persoas expertas así como de ferramentas de ciencia cidadá, contribuíndo a completar un inventariado da biodiversidade fluvial local.
- Accións de asesoramento na restauración e recuperación de hábitats/patrimonial: asesoramento a concellos e entidades de ámbito municipal para levar adiante proxectos de restauración do patrimonio natural e cultural baseadas nas Solucións Baseadas na Natureza.
- Saídas formativas: consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos.
- Limpeza de ríos: Mantemento e actualización da web da limpeza de ríos e realización das actividades da campaña “Móllate polos Ríos”.
- Roteirríos: Dúas rutas guiadas por medios fluviais da provincia da Coruña
- Actualización Xeovisor: Actualización de contidos e validación das inspeccións subidas polo voluntariado
- Comunicación e difusión
- Elaboración e edición de materiais educativos e divulgativos.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ADEGA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS DIRECTOS	TOTAL
Soldos e Salarios (Persoal directo)	34.747,89 €
Seguridade social a cargo da entidade (Persoal directo)	11.164,50 €
Desprazamentos (Gastos de manutención, viaxes e aloxamento vinculados directamente coa actividade obxecto desta subvención)	2.120,00 €
Compra de bens destinados á actividade (Material funxible)	2.500,00 €
Publicidade e propaganda (Cartelaría, folletos, camisetas, carpetas, fichas e outro material destinado a difusión e realización das actividades)	6.864,00 €
Contratacións externas / Servizos profesionais independentes (Deseño e maquetación materiais publicidade e propaganda, servizos de paquetería e envíos, asesoramento técnico e outros servizos destinados á realización das actividades)	7.821,00 €
TOTAL GASTOS DIRECTOS	65.217,39 €
GASTOS XERAIS *	TOTAL
Soldos e Salarios (Persoal indirecto)	5.625,22 €
Seguridade social a cargo da entidade (Persoal indirecto)	1.807,39 €
Comunicacións (Correos, teléfono, internet, aloxamento web,...)	700,00 €
Subministracións (Auga, gas, electricidade,..)	300,00 €
Arrendamentos (Aluguer local..)	1.350,00 €
TOTAL GASTOS XERAIS	9.782,61 €



TOTAL PROXECTO	75.000,00 €
-----------------------	--------------------

*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ADEGA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Poderase contratar as actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria cumprindo os seguintes requisitos:

a. Presentación no momento da solicitude de autorización de execución parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade. No caso de non estar prevista a operación vinculada no momento da solicitude, poderá presentarse con carácter previo á contratación da prestación coa persoa vinculada.

b. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación.

c. Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo se realizará na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.

d. Que a contratación de actividades e servizos con persoas vinculadas non supere o límite máximo do 40 por cento do orzamento subvencionado que se ha de xustificar, sumando os importes de todos os contratos con persoas vinculadas.

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concorra



algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos ex-socios, e-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

A realización da actividade por persoas traballadoras contratadas polos propios beneficiarios/as non se considerará operación vinculada, sempre que os salarios devindicados se atean aos convenios colectivos en vigor.

No caso de servizos profesionais prestados polos socios baixo unha relación laboral non dependente que se xustifiquen mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerarase operación vinculada.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola



entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ADEGA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ADEGA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ADEGA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ADEGA na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. ADEGA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.



3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. ADEGA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ADEGA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ADEGA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ADEGA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP número 36, do 24 de febreiro de 2021).



3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP número 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2025 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de xaneiro de 2024.

2. Para o caso de que ADEGA non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos



da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Por ADEGA

Asdo:

Asdo:

A Secretaria da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.”

47.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Asociación Busca e Rescate Integral en Emerxencias de Galicia (BRIEGAL) para cofinanciar o proxecto "Grupo de Rescate en Catástrofes".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Asociación Busca e Rescate Integral en Emerxencias de Galicia (BRIEGAL) para cofinanciar o proxecto “Grupo de Rescate en Catástrofes”,

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia da “Comisión Informativa de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente”, dado o seu carácter residual,

Proponse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento



da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa ASOCIACIÓN BUSCA E RESCATE INTEGRAL EN EMERXENCIAS DE GALICIA (BRIEGAL) , para regular a achega de e 50.000,00 € para cofinanciar o proxecto "Grupo de Rescate en Catástrofes" e , cun orzamento subvencionado de 62.500,00€ , o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % estendendo a súa vixencia ata o 30 de novembro do 2025 e os investimentos terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 01 de xaneiro de 2024 e o 30 de abril de 2025.

3. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220240051612, da aplicación orzamentaria 0520/23131/781, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN BUSCA E RESCATE INTEGRAL EN EMERXENCIAS DE GALICIA (BRIEGAL) PARA FINANCIAR O PROXECTO "GRUPO DE RESCATE EN CATÁSTROFES".

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Asociación Busca e Rescate Integral en Emerxencias de Galicia (BRIEGAL)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a resposta humanitaria ante catástrofes naturais, técnicas ou tecnolóxicas é unha necesidade imperativa no contexto actual. A magnitude dos desastres e o seu impacto devastador nas comunidades afectadas demandan unha acción coordinada e efectiva por parte de equipos de busca e rescate e doutras entidades involucradas na axuda humanitaria.

Que o investimento na formación de equipos especializados, a creación de plans de continxencia e a promoción da resiliencia comunitaria son medidas preventivas cruciais que poden reducir o impacto de futuros desastres e salvar vidas.

Que a axuda humanitaria no rescate de persoas afectadas por catástrofes é un acto de solidariedade en tempos de crises, podendo mitigar o sufrimento humano, reconstruír



comunidades e avanzar cara a un futuro máis seguro e sostible.

Que as ONGDs e outras entidades de similar natureza veñen desempeñando un papel destacable na tarefa por mellorar as condicións de vida e a favor dun desenvolvemento sostible dos países máis desfavorecidos polo seu coñecemento e proximidade directa con esta problemática. Así mesmo, é de destacar a súa labor en paliar necesidades humanitarias de emerxencia que se dan en calquera parte do mundo.

Que a nova Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, reconece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar aos actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local.

Que a Lei galega 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, menciona ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega e cuxa actuación deberá respectar os principios e criterios establecidos a través do Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

Que a cooperación ao desenvolvemento ten como finalidade apoiar aos países máis desfavorecidos, co fin de contribuír ao progreso humano: impulsar o desenvolvemento sostible, favorecer o benestar social, erradicar a pobreza e potenciar a defensa dos dereitos humanos.

Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Busca e Rescate Integral en Emerxencias de Galicia (BRIEGAL) consideran de gran interese impulsar a solidariedade internacional, apoiando e participando en accións de cooperación ao desenvolvemento.

Que a asociación BRIEGAL é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins o rescate e salvamento de persoas afectadas por catástrofes naturais, técnicas ou tecnolóxicas e a colaboración e preparación de comunidades potencialmente afectadas por unha catástrofe de ese tipo así como na súa recuperación en caso de afectación. Está inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento e no Sistema Global de Desastres da OCHA-ONU.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Grupo de Rescate en Catástrofes” permite contribuír para avanzar no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, promovendo actuacións que traballan en defensa dos dereitos humanos, mostrando especial sensibilidade coas poboacións máis vulnerables e con aquelas que son golpeadas por catástrofes naturais ou conflitos humanos, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a asociación BRIEGAL acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a asociación BRIEGAL (en adiante, entidade beneficiaria) para o



cofinanciamento da adquisición de material, maquinaria e utillaxe para o fortalecemento do Grupo de Rescate Inmediato en Catástrofes, de maneira que poida cumprir cos estándares técnicos establecidos para este tipo de actuacións.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ADQUISICIÓN

O orzamento dos gastos da adquisición aludidos no apartado anterior ascende a **62.500,00 €**, e o seu desglose é o seguinte:

CONCEPTO*	IMPORTE
MAQUINARIA (tronzadora disco, martelos demoledor, martelos perforador, amoladoras, serra sable/circular, taladro percutor, xeradores, cámaras inspección, desfibrilador semiautomático, tráctel...)	11.675,00 €
FERRAMENTAS/UTILLAXE (Maletín brocas, discos, punteiros, cinceis, palas, brocas, folla serra, chaves planas/inglesa, destornilladores, torx, allen, alicates, bridas, cintas, serra de man/recambios, cutter, metro, polarímetro, terminais, trípode led, alargadeiras, pico, mazas, maceta, martelo, capazo, cizallas, serrucho, spray marcaxe, devanadera, caixas ferramentas, hornillos eléctricos, potas, cazos, regretas eléctricas, ladróns eléctricos, cafeteira, focos led, tendas carpa, lonas, ducha portátil, arcón transporte, rolo cable, poleas, eslingas, cintas, grilletes, linternas, manta térmica, descensor, puño+pedal, bolqueador, cabos posicionamento, absorvedores, disipadores, polipasto rescate, anillos cinta, protectores corda, placas anclaxe, descensor-asegurador, mosquetóns, cordas, camilla rescate, cordino, balsa raft, triángulo rescate mochilas botiquín, material sanitario..)	21.905,00 €
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL (Equipos de protección individual (EPI)/ Equipos persoais de intervención : Mascarillas, casco, guantes, rodilleiras, mono traballo, gafas, botas, traxe de intervención, protección auditiva, bolsa transporte, mochilas portamaterial, mochila técnica, cazadora polar, pantalón montaña, camiseta técnica, polo elástico, zapatillas trail, arnés integral, traxe rescate, chaleco rescate, escaarpines, tubos snorkel)...	28.920,00 €
TOTAL ORZAMENTO	62.500,00 €

*No caso de solicitar unha liña de crédito para adquirir os investimentos obxecto desta subvención, os gastos financeiros vinculados á dita liña de crédito consideraranse gastos subvencionables.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000,00€**, que equivale ao **80,00 %** de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (80,00%) da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da adquisición, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable



á entidade.

3. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0520/23131/781, do orzamento xeral para o 2024, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de adquisición necesarios para a execución do proxecto corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das adquisicións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do proxecto, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquiridos os bens, a entidade beneficiaria deberá poñer un cartel en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento e logotipo provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación da adquisición realizada e dos resultados obtidos.
- b. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente á adquisición realizada durante o presente ano.

- c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- e. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

- f. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera da adquisición subvencionada e do cartel, tal como figura disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

- g. Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados.

- h. Acta de recepción escaneada ou albarán de entrega.

- i. Certificación do acordo da incorporación dos bens adquiridos ao inventario de bens da entidade.

- j. Declaración da adscrición dos bens adquiridos á finalidade para a cal se outorgou a subvención durante un período mínimo de dous anos.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 01.01.2024 e o 30.04.2025

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.



A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.



2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP número 150, do 10 de agosto de 2021).

3. Para os supostos de atraso na adquisición ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP número 150, do 10 de agosto de 2021).

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados desde o día 01 de xaneiro de 2024,



sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de novembro do 2025.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter realizada a adquisición e presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro do 2025. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data ____ de _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Pola Asociación BRIEGAL

Asdo:

Asdo:”

48.- Aprobación do proxecto DP 7803 Santiago a Figueiras Mellora do firme punto quilométrico 0 ao 2+500 (Santiago de Compostela)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto técnico denominado *Mellora de Firme na DP 7803 Santiago a Figueiras (P.Q. 0 A P.Q. 2+500)*. Concello de Santiago de Compostela que se integra no Plan de Plan de Conservación de Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 393.790,39 € con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0040.0	<i>Mellora de Firme na DP 7803 Santiago a Figueiras (P.Q. 0 A P.Q. 2+500).</i>	Santiago de Compostela	393.790,39 €	5 MESES

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

49.- Aprobación do proxecto DP 1601 Ponte do Porto a Camelle Mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto DP-1601 mellora de capa de rodaxe con mestura bituminosa en quente. A Ponte do Porto a Camelle. Punto quilométrico 0+805 ao 4+165 (Camariñas) que se integra no plan de conservación en vías provinciais 2024 , cun orzamento total de 342.447,50 € con cargo á aplicación 0410/4531/6900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0042.0	DP-1601 A PONTE DO PORTO A CAMELLE MELLORA DE CAPA DE RODAXE CON MESTURA	CAMARIÑAS	342.447,50 €	4 meses



	BITUMINOSA EN QUENTE PUNTO QUILOMÉTRICO 0+805 AO 4+165			
--	--	--	--	--

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

50.- Aprobación do proxecto DP 3204 Reforzo do firme Punto Quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto DP 3204 reforzo do firme punto quilométrico 1+070 ao 1+700 e na DP 3202 (Curtis e Vilasantar) que se integra no plan de conservación en vías provinciais 2024 , cun orzamento total de 342.447,50 € con cargo á aplicación 0410/4531/6900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0041.0	DP 3204 REFORZO DO FIRME PUNTO QUILOMÉTRICO 1+070 AO 1+700 E NA DP3202.	CURTIS E VILASANTAR	342.447,50 €	3 meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

51.- Aprobación do proxecto Mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP 3004 Cabanas ao punto quilométrico 0,86 da DP 0512 punto quilométrico 0+130 - 0+3208 (A Coruña).



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto mellora da capa de rodaxe con MBQ na DP-3004 Cabanas ao Punto Quilométrico 0,86 da DP 0512 Punto Quilométrico. 0+130 - 0+320 que se integra no Plan de Conservación de Vías Provinciais 2024, cun orzamento total de 45.143,83 € con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2024.1100.0043.0	MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MBQ NA DP-3004 CABANAS AO PQ 0,86 DA DP 0512 P.Q. 0+130 - 0+320.	A Coruña	45.143,83 €	1 mes

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- REMITIR o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Actuacións de control, mocións. Hai unha primeira que presentan os Grupos Provinciais do Partido Socialista de Galicia e BNG en relación coa necesaria promoción do uso do idioma galego.

1.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en relación coa necesaria promoción do uso do idioma galego

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínente aplicada nos últimos quince anos de goberno do



Partido Popular na Xunta de Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden enténdelo, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Tal é así, que o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel: o galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que os grupos do PSdG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego somete a debate a aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos

1. Reafirmamos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.
2. Adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia no noso pobo, o galego: de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada.
3. Avaliar o cumprimento da Ordenanza de uso da lingua galega da Deputación da Coruña, aprobada por unanimidade na sesión celebrada o 15 de setembro de 2017, e impulsar a súa efectividade real.
4. Instar a Xunta de Galiza a:
 - Aplicar o Plan Xeral de Normalización da Lingua no ano 2004, para acadar os obxectivos establecidos no mesmo
 - Derrogar o Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, e garantir un novo decreto que faga o sistema educativo galego cumpra a función normalizadora que lle dá a normativa vixente.
 - Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos.
 - Incrementar os recursos destinados ás políticas de apoio á lingua nos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2025.



5. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, á Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas.

Vou dar lectura da exposición de motivos desta moción que presentamos conxuntamente entre os dous grupos do goberno o PSdeG-PSOE e o BNG.

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre o coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación, que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínate aplicada nos últimos 15 anos do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. Nese período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo, caso único en Europa; eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís; mudouse a Lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender as persoas; ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada da TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista: o galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada en Galicia, senón mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas. O 32,4% das nenas e nenos de entre 5 e 14 anos non son quen de expresarse en galego; poden entendelo, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Tal é así que o Consello de Europa, ou a propia ONU, teñen dirixido advertencias á Xunta de Galicia para mudar a actitude sobre o galego.

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversible. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas.

É por todo o exposto con anterioridade polo que os grupos do PSdG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego somete a debate a aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculable valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

Adherirse á plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego, de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma do noso non goza aínda da presenza desexada.



Terceiro: Avaliar o cumprimento da ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, aprobada por unanimidade na sesión celebrada o 15 de setembro de 2017 e impulsar a súa efectividade real.

Cuarto: Instar a Xunta de Galicia a aplicar o Plan xeral de normalización da lingua do ano 2004 para acadar os obxectivos establecidos nel. Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e garantir un novo decreto que faga que o sistema educativo galego cumpra a función normalizadora que lle dá a normativa vixente. Recuperar o papel normalizador da TVG con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos. Incrementar os recursos destinados ás políticas de apoio á lingua nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2025.

E quinto e último, trasladar este acordo plenario ao Parlamento de Galicia, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e á plataforma Queremos Galego.

Ben, na exposición de motivos hai datos que son incontestables e que, polo tanto, non poden ser rebatidos de ningunha das maneiras e de aí a urxencia de poder adoptar medidas encamiñadas a reverter esa situación de profundo retroceso na fala do idioma, da nosa lingua, que á parte é un dos signos identitarios da nosa terra. Por iso, entre os dous grupos entendiamos que era necesario, urxente e prioritario traer esta moción para que se adopten medidas de inmediato por parte de quen ten as competencias nesta materia, que é a Xunta de Galicia, competencias que parece ser que abandonou nos últimos tempos á vista da situación na que se atopa o galego en canto ao número de persoas que falan esta lingua. Polo tanto, esperamos contar co apoio de todas e todos os grupos que conforman esta Corporación provincial.

Nada máis por agora. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Simplemente dicir que estamos de acordo coa moción. E hai que lamentar que na Xunta de Galicia non haxa un Fraga, eu son de esquerdas e Fraga era de dereitas, Manuel Fraga respecto a este tema, o tema do idioma, porque Fraga tivo unha importancia moi grande desde a Xunta de Galicia na imposición do galego. E outros están volvendo atrás as políticas que Fraga naquel momento, e Cuiña, levaba adiante nese aspecto. Por tanto, quen, todos están nas capitais, falan castelán porque llelo impoñen nas escolas, etc., pero cando van á aldea os avós falan en galego. Os avós teñen unha parte importantísima, e os fillos dos avós tamén para que os seus netos falen galego, porque non se pode perder unha parte tan importante do noso patrimonio, da nosa historia. Por tanto dicir que estou totalmente de acordo coa proposición.

Sra. Veira González

Desde logo, a lingua galega é un patrimonio incalculábel da sociedade galega, é unha creación da sociedade galega, do pobo galego, e defendemos o noso dereito a coñecela e usala en todas as circunstancias e sen discriminacións.

Hoxe en día, por desgraza, isto non é unha realidade. Non temos o dereito absoluto de coñecela e de usala, e vou explicar por que.

Os datos que fixo públicos o Instituto Galego de Estatística, é dicir, un organismo oficial, reflicten un devalo no uso da lingua e no seu coñecemento, e un devalo nese uso da lingua galega por parte, ademais, das xeracións máis novas. E, polo tanto, hai un risco de que, se a progresión que reflicten os datos do IGE desde 2013 a este 2024, se



continuamos así, sen tomar ningunha decisión e sen reverter as políticas que se foron implementando nos últimos anos, o galego desde logo está en risco e está padecendo unha situación de emerxencia absoluta, non?

Efectivamente, non estamos en circunstancias de afirmar que a poboación galega teña cumprido o seu dereito a coñecelo, polos datos que se reflicten, sobre todo en canto ás crianzas, pero tampouco estamos en condicións de afirmar que os galegos e as galegas teñamos tampouco cumprido o dereito a usalo. E por que?, pois só fai falta intentar tramitar algo nunha notaría en lingua galega, unha hipoteca ou calquera outro documento porque é realmente complicado; só fai falta consultar cantas sentenzas se redactan en galego no noso país, ou a capacidade que hai dentro dos propios xulgados para poder tramitar as cousas en lingua galega, ou ir de compras e intentar ver como se pode desenvolver en lingua galega e que iso sexa devolto ou que incluso se utilice a lingua galega tamén nos comercios, ou na hostalaría, ou incluso nas tecnoloxías da información e a comunicación, ou incluso tamén na televisión. Porque, efectivamente, nos medios audiovisuais tampouco é que esteamos moi boiantes no que é o uso da lingua galega, incluso por parte de medios de comunicación que reciben subvencións por usala e despois iso non se cumpre.

Os datos de coñecemento e os ámbitos de uso da lingua galega que aínda temos ou está pendente, digamos, a presenza da lingua galega, cando menos en igualdade co castelán, pois denotan, como dicía, que estamos nunha situación de emerxencia lingüística, unha emerxencia lingüística que, como ben di a moción, é reversíbel. Nós cremos que coas políticas acertadas se pode afrontar esta situación de emerxencia lingüística, temos a demostración de que noutros territorios do mundo e mesmo do estado español isto foi posíbel. O que está claro é que é imposíbel, se non hai os recursos públicos a dispor, para implementar estas medidas que revertan a emerxencia lingüística. Desde logo, desde a Deputación da Coruña si se fai un esforzo orzamentario –xa o dixeran no debate de orzamentos– para que haxa recursos públicos e que os concellos teñan recursos públicos para facer políticas de normalización lingüística. Lamentamos que a Xunta de Galicia non faga o mesmo, tendo as competencias plenas para facelo. Despois, cremos que é imprescindible derrogar o decreto do plurilingüismo, volver cando menos ao que había antes, que garantía efectivamente que os nenos e as nenas puidesen saír do ensino falando galego e tendo absolutamente todas as competencias en lingua galega, e o que queremos é efectivamente que haxa unha plena igualdade do galego na nosa sociedade, porque é a única garantía, efectivamente, de que os galegos e de que as galegas poidamos preservar este patrimonio tan valioso que é a nosa lingua e que ademais nos define como pobo, porque, como ben dicía Castela, se somos galegos, é por obra e graza do noso idioma.

E, de momento, nada máis.

Sr. Caamaño López

Señor presidente, deputados e deputadas da Corporación provincial, supoño que a moitos dos presentes, algúns dos cales levan moito tempo na acción política, lles pasa o que polo menos tamén me está pasando a min neste tempo: é que hai cuestións que afectan a problemáticas concretas ante as que un pois simplemente se sitúa con máis ou menos acerto para tentar buscar a solución máis viable e eficaz nesa obriga que temos de mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas, en realidade case toda a acción política do goberno, e sábeno ben os alcaldes, ten que ver con iso. Pero hai outro tipo de cuestións que, sen ser meramente prácticas, ou simplemente prácticas, aínda que tamén o sexan, non obstante, case nos afectan máis e ata nos inquietan por tocar ou incidir directamente nunha parte fundamental do que somos, na nosa cultura e ata na nosa



propia identidade. A min pásame isto precisamente coa cuestión da lingua galega. E esta moción que acaban de presentar dános unha boa oportunidade para reflexionar, aínda que sexa de xeito breve, sobre esta magna cuestión.

Certamente, coñecemos os datos publicados polo IGE. Sabemos que hai cousas que hai que mellorar, de xeito que, a favor da brevidade, non me vou deter en comentalos, aínda que tamén a lectura destes seguramente distase da que poden facer outros, ás veces son tan importantes os datos como a interpretación que se fai deles. Si sinalar que o galego continúa tendo unha presenza social moi relevante, é a lingua cooficial maioritaria no territorio e ademais é das máis faladas entre as linguas medias de Europa, como denominan os informes internacionais. Polo tanto, a pesar dalgúns datos que vostedes sinalan, é discutible dicir que a lingua galega sexa neste momento un problema para os galegos.

Con todo, o galego, como sucede con calquera outra lingua media ou minoritaria, sempre está en tensión, tendo que buscar a necesaria forma de supervivencia sen renunciar as dinámicas históricas das que imos formando parte, pois doutro xeito si que nos estaríamos encamiñando pola senda desa realidade paralela, da que tanto lles gusta falar, pero que certamente non existe. E neste sentido hai polo menos dous factores que cómpre ter en conta. O primeiro ten que ver cos cambios históricos e sociais, con todos os resortes que inciden tamén na pervivencia dun idioma e incluso nos cambios introducidos nunha propia lingua, a veces de xeito artificioso, algo ao que ningún idioma é alleo. De feito, eu diría que todos os pobos, e Galicia entre eles, son o resultado dunha mestura continua entre tradición e creación. Non en van, somos fillos dos gregos e dos latinos, pero nin falamos grego nin latín, nin somos gregos nin somos latinos, senón profundamente e radicalmente galegos e galegas. Por iso, no fondo, as culturas e os elementos que as integran van evolucionando seguindo, en terminoloxía hegeliana, a lei inevitable da superación, e na que a grandeza reside precisamente na maneira en que conseguen integrar o herdado nos novos moldes que o transcórren do tempo nos vai impoñendo.

Nesa forma de adaptarse continuamente aos contextos, xógase a meirande parte das identidades individuais e colectivas que nos conforman, e hoxe Galicia non é nin a Galicia de Castelao, nin a dos anos 60, cando nace a UPG, nin a dos 80, cando xorden outras formas políticas, e nin sequera a de 2004 cando se aproba cun goberno do PP, pero co apoio de todas as forzas políticas o Plan xeral de normalización lingüística, ao que por certo lle custou moito aceptar ao BNG, aínda que hoxe o tome por referencia.

Neste novo contexto no que nos atopamos, non podemos obviar o grande impacto das tecnoloxías dixitais, das redes sociais, ou das plataformas audiovisuais, tamén no idioma, entre outras cousas.

E un segundo factor cando falamos do idioma a ter en conta é o da inmigración, aínda que tamén sei que ao Bloque lle custa falar deste elemento que hoxe é irrenunciable. Pero sabemos que o aumento de castelanfalantes está directamente influenciado pola chegada de novos galegos, pois o número de persoas non nadas en Galicia aumentou en 115.000 nos últimos cinco anos, ao que habería que engadir os de diversas xeracións.

Temos colexios en Galicia, como Lucus Augusti, en Lugo, que ten estudantes de 25 nacionalidades distintas. Incluso no rural se está notando este factor. As miñas fillas chegan do colexio e algunha vez, en lugar de dicir que algo é fermoso ou simplemente bonito, dinme que é lindo, porque así o di a súa amiga equis, que vén cos seus pais a traballar nunha explotación gandeira, o que nos fala da importancia da socialización na cuestión do idioma que, xunto coa familia, se converte no espazo privilexiado de difusión



da lingua, máis que na educación propiamente dita. A emigración non é un tema menor na cuestión da lingua, porque ademais tamén as persoas inmigrantes teñen a súa propia identidade cultural e lingüística. Que lles dicimos?, que renunciem á súa porque a nosa é mellor?, que non teñen dereito a esa identidade que si reclamamos para nós?, que a súa lingua materna ou paterna non é tan valiosa como a nosa? Creo que é importante buscar formas de que aprendan galego, de aí a gran cantidade de cursos que se van ofertar, pero tamén creo que a imposición non falaría moi ben de Galicia como terra acolledora e respectuosa das culturas e das linguas.

Miren, hai un tempo tiven a fortuna de ler unha boa conversa entre Xosé Luís Barreiro e Ramón Villares, publicada por Galaxia. Chamoume a atención que nalgún momento Villares recoñecía que o tema da lingua era complexo, certamente, que estamos cheos de normas e non tanto de prácticas que incrementen o uso, o aprecio, o amor polo galego. Porque un idioma ten que ser ante todo unha ferramenta para comunicarse e non tanto para distinguirse, máis cando sabemos que a imposición adoita crear rexeitamento.

Os galegos temos unha sorte que non teñen outros. E vémolos sobre todo os que tivemos ocasión de vivir fóra, que é o bilingüismo, e nós queremos seguilo defendendo sen imposicións. Por iso non nos molestou incluso que hai uns minutos o presidente desta Deputación falara en castelán para responder no punto 13 a pregunta do noso portavoz. Tamén Villares dicía que temos que buscar un lugar para o galego, pero sen estar en contra nin afastado de ningunha outra lingua, por iso incluso defendemos, non sei se tamén o fan os compañeiros do PSOE, que os nenos de Vigo poidan ser becados para estudar inglés.

Eu estudei danés por ler a Kierkegaard, alemán por ler a Kant e inglés porque non me quedou máis remedio. Pero penso que non por iso renunciéi á miña identidade cultural nin á lingua que me viu nacer entre os brazos da miña nai. Hai 23 anos que formo parte da Dirección da revista *Encrucillada*, integramente en galego, por proposta do académico, mestre e amigo Torres Queiruga, e sinto un compromiso irrenunciable coa defensa e promoción da miña lingua. Eu sempre lle falei e falarei ás miñas fillas en galego, pero nunca lle direi a ninguén como ten que falar cos seus.

Sabemos que en contexto electoral é frecuente o enfrontamento ideolóxico en certos temas, pero non estamos nese momento. No que estamos agora é na procura dun pacto pola lingua que busque formas de unir e non de dividir. De aí a proposta que se fixo de varios puntos para tratar coas diferentes institucións e forzas políticas, renovar o plan xeral, tomar medidas de impulso do neofalantismo, aumentar o financiamento, que se vai aumentar xa este ano, situar a RTVG como catalizadora da lingua e tomar as recomendacións da Carta Europea como folla de ruta.

Finalizo, nós non podemos apoiar esta moción, xa non só pola politización que fai do idioma, senón incluso porque, ademais dos datos do IGE, hai un dato que debemos ter en conta, e é o que di que case a metade dos votantes de Galicia manifestaron, non hai tanto, o seu apoio á política lingüística que vimos defendendo, guste ou non guste.

O que non apoiaron maioritariamente foi o monolingüismo, nin a inmersión lingüística que o BNG volve levar no seu documento programático de cara á súa inminente asemblea. A nosa obriga é cumprir co mandato democrático que a sociedade nos deu, é iso o que faremos cos brazos abertos e sen liñas vermellas a quen queira sumarse.

Nestes días, a propósito desta moción, lendo o Plan xeral de normalización lingüística, gustáronme as palabras do prólogo cando se fixo a publicación de 2006, o prólogo feito polo entón presidente xa Emilio Pérez Touriño. Dicía el que a lingua non



debe ser a bandeira de ninguén, porque ninguén pode dicir que lle pertence en exclusiva. A lingua é de todos, non só, señora Veira, dos señores do BNG.

Na responsabilidade de imprimirlle o pulo necesario para que o galego teña presenza en todos os ámbitos da vida son os galegos os que se deben implicar. O futuro da lingua de Rosalía está no compromiso dos seus fillos e fillas.

Penso que estamos nun momento oportuno para avanzar nese pacto que en último termo busque preservar ese tesouro que forma parte esencial da nosa identidade como galegos e galegas. Por certo, Castelao –dígoo porque o lía hai pouco– é verdade que sinalaba o idioma como elemento esencial da cultura; tamén sinalaba outros elementos, por exemplo no comentario ao Estatuto de Galicia, a dimensión relixiosa e transcendente da vida, que tampouco lle damos tanta relevancia, no?

En definitiva, sería desexable que todos puxeramos o posible da nosa parte nese pacto pola lingua, polo ben da nosa cultura e sobre todo polo futuro do noso idioma. Grazas.

Sr. García Seoane

Eu vou ser moi curto. Estaba falando agora o compañeiro na súa exposición, do Partido Popular, citaba o tema dos inmigrantes, que crecemos en cento e pico mil inmigrantes aquí en Galicia, pero hai que recordar, para quen non o saiba, que calquera inmigrante que vai a calquera país de Europa, e de Estados Unidos, ou de Canadá ou aprende o idioma ou está apañado, porque lle obrigan para poder traballar no país. E iso pasa en Inglaterra, pasa en Alemaña, pasa en Francia e, por tanto, aquí, cando veñen, el español. Por tanto, o español, eu son español, indubidablemente, pero ante todo son galego. E por tanto aquí en Galicia debíase obrigar a saber galego para traballar tamén nas distintas áreas onde poidan desenvolver a súa tarefa.

Sra. Veira González

Grazas, señor presidente. Miren, vostedes falan de politizar a lingua. Miren, nun contexto de Plan xeral de normalización lingüística aprobado por unanimidade con cero custo para o Bloque Nacionalista Galego, cero custo cun traballo e un labor intensísimo por parte dos compañeiros do Bloque Nacionalista Galego que vou personificar en Pilar García Negro, e que están orgullosísimos do resultado dese Plan xeral de normalización lingüística que vostedes incumpren e incumpriron, por iso nós reclamamos a súa vixencia porque aínda está sen cumprir. Como imos saltar de pantalla se aínda non superamos este nivel do xogo? É que, imos ver, un pouquiño de non sei... de respecto á intelixencia dos demais.

Mire, falan vostedes de politizar a lingua, pero quen se situou detrás dunha pancarta en contra da lingua galega? Foi o señor Rueda, e as fotos están aí. Quen politizou a lingua galega neste país? Foi o Partido Popular, porque fixo unha campaña sucia contra o galego na época do bipartito, falando de imposición, cousa que vostede volve traer aquí.

Miren, hai unha cousa esencial e semántica: non se pode impor o que é propio. Non se pode impor o que é propio, poderase repor, en todo caso, pero non impor. Miren, ademais se estamos falando de aplicar o Plan xeral de normalización lingüística aprobado por unanimidade, non sei que clase de imposición pode ser esa. E estamos falando da lingua galega, a lingua galega é a lingua propia de Galiza, é a lingua nacida en Galiza, é a ferramenta de comunicación que crearon as galegas e os galegos. E, como lle



digo, foi o propio Partido Popular quen se situou detrás dunha pancarta contra o galego.

Falan vostedes de informes internacionais. Miren, os informes internacionais, os do Consello de Europa, e os da ONU, o que lles están dicindo é que a súa política lingüística está a rematar co galego. Iso é o que lle din eses informes, e ano tras ano, non son informes puntuais, senón que son continuados, e que ademais manifestan especificamente que no ámbito da xustiza non se cumpren cos dereitos lingüísticos, que nos ámbitos económicos non se cumpren os dereitos lingüísticos. E vostedes non están a facer nada.

E, miren, a lingua galega non é unha lingua minoritaria, é unha lingua minorizada, e está minorizada polas políticas lingüísticas do Partido Popular, que son termos bastante distintos.

E, miren, cando falan vostedes de inmigrantes, pecan vostedes de xenofobia, e dígollo así de claro, vostedes, vostedes, si, si, vostedes que se dedican no seu discurso a nivel estatal a deshumanizar as persoas que veñen doutros lugares a buscarse a vida ao Estado español e a Galiza, vostedes agora cúlpanos ademais da diminución do uso do galego.

Miren, vostedes non sei se coñecen... Si, si, cúlpanos, e acaba de facelo seu compañeiro. Vostedes non sei se coñecen o modelo Burela; é dicir, a integración dos inmigrantes no noso país a través da lingua é perfectamente posíbel, e non só en Galiza hai modelos de integración lingüística, hainos arredor de todo o mundo. O problema, o problema é que vostedes non teñen impulsado nin unha soa medida, cero unidades de políticas lingüísticas para integrar a poboación inmigrante no galego. Ese é o problema, non é a poboación inmigrante, é a súa falta de políticas lingüísticas.

E, miren, vostedes falan de imposición e de liberdade moitas veces. É imposíbel que haxa liberdade se non hai igualdade, e os datos demostran que non hai igualdade plena do galego. Vostedes votan en contra de que se use o galego no Congreso e no Senado, votan en contra de que o galego sexa unha lingua oficial no Parlamento Europeo. Vostedes teñen prohibido por decreto o ensino de determinadas materias en lingua galega, como por exemplo as matemáticas, pero non obstante hai outras que se poden estudar en inglés. De que liberdade me están falando?, de que liberdade falan se non hai igualdade?

Miren, vostedes están en contra do galego, vostedes non queren un pacto pola lingua, non queren un pacto pola lingua. É un movemento agora que sacan da manga a raíz dos datos do IGE, pero non queren un pacto pola lingua, porque vostedes xa puxeron en primeiro lugar unha liña vermella, unha liña vermella que era non derogar o decreto da vergoña, o decreto do plurilingüismo, que é o que está a provocar efectivamente que cada vez máis nenas e nenos non coñezan a lingua galega. É que ese é o problema, que non saiban falar en galego. E como vas poder exercer a túa liberdade de utilizar o galego se non o sabes utilizar? E que é imposíbel. E, se tes nun mostrador da Administración pública unha persoa que non ten ningunha obriga de coñecer o galego, como vou ter eu o dereito a utilizalo se o que está enfronte non ten ningunha obriga de coñecelo? A min explíquenmo, porque eu non entendo como é posíbel a cuadratura do círculo. Desde logo eu creo que teñen que rectificar, nós desde o BNG cremos que teñen que rectificar porque, se non, a progresión dos datos do uso do galego van ir a peor e desde logo é unha cuestión que este pobo non pode permitir e non vai permitir.

Nada máis.



Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente porque pouco máis podería engadir ao que xa se ten dito. Primeiro corrixir o voceiro do Partido Popular que dixo “o galego non é un problema para os galegos, como vostedes dixeron”. Nós non dixemos en ningún momento que o galego fora un problema para os galegos, non sei de onde sacou tal cousa. Segundo, fixo sobre todo a súa exposición baseada nunha premisa que non ten nada que ver coa moción, e é que aquí o que pretendíamos era impoñer. Non sei se puido ver ben os acordos da moción, pero non se solicita ningún tipo de imposición; como moito poderíamos, un dos acordos, onde fala de derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino. Igual dende a súa óptica pode ser que iso sería impoñer porque, se se elimina ese decreto, voltaríamos a como se aplicaba con anterioridade esa política lingüística na que eu me criei nos anos 80 e na que me eduquei, pero non hai ningún tipo de imposición nesta moción. Por tanto, ese argumentario que trae non sei de onde o sacou nin para que pleno é nin para que moción, desde logo para a que estamos a debater aquí non, porque ninguén está pretendendo que se impoña nada.

Vostede nega o problema nunha parte da súa intervención, noutra recoñece o problema, noutra loxicamente cárgalle o morto a outro que pasa por alí, que a iso xa estamos acostumbrados no caso do Partido Popular, e é curioso como di que, claro, vén sendo problema porque hai cento e pico mil persoas que viñeron de fóra que falan outro idioma, entón, claro, tres millóns de galegos en vez de que cento e pico mil falen a nosa lingua, nós imos adaptarnos a falar deles. Pois eu xa estou esperando o seguinte pleno que empecemos a falar con algún tipo de acento e con ese tipo de expresións que todos coñecemos e todas coñecemos, porque vén a ser así o que acaba de dicir vostede basicamente. Pero o que é curioso é que ademais, aínda se iso fora verdade, que estamos sendo colonizados polos castelán falantes, sobre todo doutras latitudes, eu entendo que a administración que ten competencia en materia lingüística, sendo coñecedora desa circunstancia, porque entendo que vostede eses datos os di como Partido Popular, aínda que falou dunha parte persoal, que eu entendo e non lla dubido, e que ademais me parece moi meritoria en canto á fala da lingua galega, pero si que é verdade que gran parte dos datos que dá entendo que, se os fai como portavoz neste caso do Partido Popular, serán os datos que lle trasladan dende o seu partido. Vostede mesmo recoñece que hai un problema e é que se deixa de falar galego porque veñen os de fóra que non falan. A cuestión é: cantas medidas adoptou a Xunta de Galicia, do seu partido, para revertir esta situación e para evitar que os 3 millóns e pico que vivimos aquí deixemos de falar galego porque veñen cento e pico mil de fóra?, que é unha cousa... non sei, a cuadratura do círculo non, é a repanocha case.

É dicir, nun país, como ben dicía antes Gelo, no que temos milleiros de galegos que emigraron, vou poñer un exemplo, a Suíza no seu día e que falan alemán, que falan francés, que falan italiano dependendo da zona do país, non hai ningún problema, non vin que houbera unha reversión de calquera desas outras linguas en Suíza ou de inglés en Inglaterra ou de alemán en Alemaña, ou que os arxentinos con tantos galegos que había alí pois falen de amoríño e paquiño e non sexa ao revés. É dicir, unha cousa totalmente surrealista.

E todo para non recoñecer que hai un problema que si que se recoñece de fondo pero que non se quere recoñecer. Ao final, que é o que podemos extraer en conclusión desta intervención?, pois o que sacamos en conclusión, sempre que traemos unha moción reclamándolle á Xunta de Galicia que faga algo, que é que non, que a Xunta de Galicia nunca lle imos reclamar nada porque, como ben dixo el, como a xente nos vota maioritariamente pois facémolo todo ben, o cal é unha confusión total e absoluta. Unha cousa é unha cuestión electoral da vontade popular, que todos e todas respectamos,



sobre todo os deste lado, porque os dese lado dependendo de en que foros non o respectan tanto, pero ese é outro tema. Pero, máis alá diso, eu entendo que non terán que ver os votos con que a xestión sexa perfecta, porque eu tamén teño máis votos en porcentaxe que a Xunta de Galicia do PP, teño 65 % dos meus veciños, e pódolle asegurar que me equivoco moitas veces e que fago cousas mal, e que merezo que os meus veciños mas recorden e mas lembren para poder melloralas. Agora, se co feito de que teño maioría absoluta, que a teño máis ampla que vostedes no Parlamento, quere dicir que todo o que fago o fago ben, e que os meus veciños respaldan todo o que fago, daquela non sei que facemos aquí, porque este Goberno ten maioría con respecto a vostedes. Polo tanto, marchen, porque a maioría dos cidadáns desta provincia a través das urnas coa súa vontade democrática decidiron que haxa a maioría que non é do Partido Popular, polo tanto, non ten nada que criticar, porque facemos todo perfecto.

Pois iso, que é bastante absurdo, é un pouco o que extraemos desa intervención que nos acaba de facer vostede. Por tanto, repito, e voume quedar co esencial: aquí nesta moción ninguén pide que se impoña nada, o único que pedimos é que se adopten medidas para corrixir unha deriva que vostede tamén recoñeceu. É verdade que eu non comparto que sexa por culpa dos que veñen de fóra, ou unicamente concédollo o beneficio da dúbida a vostede, en exclusiva por iso, porque eu percibo nos centros educativos nos que estudan as miñas fillas o 90 % profesorado fala castelán e fálalles en castelán aos nenos e iso na miña época, por exemplo, non pasaba, e son dos máis novos que está aquí. Seguramente algúns que, se estudaron na época predemocrática, pois loxicamente non terían a sorte que tivemos outros de crecer no plurilingüismo ou no bilingüismo. Pero, repito, penso que da súa intervención se extrae que hai un problema e, en todo caso, concedéndolle, como digo, repito, o beneficio da dúbida, algunha medida haberá que adoptar se fose así. Nós entendemos que hai outras motivacións para esta situación de invasión lingüística que estamos a ver, e que loxicamente quen ten a competencia, que é a Xunta de Galicia, terá que adoptar algún tipo de medida máis alá de escudarse en que veñen moitos de fóra e que, como somos tan bos anfitrións, para que non deixen a súa lingua e os seus costumes, pois nós os atendemos aquí. Polo tanto, xa nos vexo tomando mate ou comendo destas fajitas e estas cousas, pero a cousa é bastante sorprendente esta intervención.

Nada máis, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en relación coa necesaria promoción do uso do idioma galego

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínente aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), elimínouse practicamente o



acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden enténdelo, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Tal é así, que o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel: o galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que os grupos do PSdG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego somete a debate a aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos

1. Reafirmamos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.
2. Adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia no noso pobo, o galego: de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada.
3. Avaliar o cumprimento da Ordenanza de uso da lingua galega da Deputación da Coruña, aprobada por unanimidade na sesión celebrada o 15 de setembro de 2017, e impulsar a súa efectividade real.
4. Instar a Xunta de Galiza a:
 - Aplicar o Plan Xeral de Normalización da Lingua no ano 2004, para acadar os obxectivos establecidos no mesmo
 - Derrogar o Decreto 79/2010, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galiza, e garantir un novo decreto que fata o sistema educativo galego cumpra a función normalizadora que lle dá a normativa vixente.
 - Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos.
 - Incrementar os recursos destinados ás políticas de apoio á lingua nos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2025.



5. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, á Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.”

Sr. Presidente

Segunda moción, presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, sobre o abandono dos animais domésticos.

2.Moción do Grupo Provincial do Partido Popular sobre o abandono dos animais domésticos.

O Grupo provincial do Partido Popular xa ten lembrado no pleno da Deputación o serio problema que o abandono dos animais domésticos lle xenera aos concellos.

Alén da crueldade que para os propios animais supón o abandono e alén da afectación á sensibilidade das persoas testemuñas de tal abandono -ou da afectación á seguridade e á salubridade xerais-, o feito de deixar no dominio público, sen coidados e tutela, aos animais de compañía obriga aos concellos a realizar unha actividade prestacional de recollida e de aseguramento de albergue, actividade que implica un alto coste económico. E cabe recordar que tal actividade dos concellos non á a expresión dunha competencia impropia asumida por mera vontade o pola urxencia ou polos requerimentos veciñais senón que é unha competencia propia expresamente atribuída pola Lei.

O certo é que a rede provincial de recollida e albergue dos animais domésticos extraviados ou abandonados non se estende de xeito homoxéneo por todo o territorio provincial, nin nas formas de xestión nin nas formas de financiación. Mestúrase o impagable labor das asociacións de voluntarios coa acción pública, acción pública que, a súa vez, pode manifestarse cunha prestación directa ou indirecta, confiada está última a entidades asociativas ou a empresas especializadas. En calquera caso, o coste da recollida e do albergue dos animais non é un capítulo menor nos orzamentos e na contabilidade dos nosos concellos e o lóxico compromiso coa sostibilidade ambiental entra en conflito con sostibilidade económica.

E por todo iso polo que o Grupo provincial do Partido Popular propón ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da Deputación da Coruña insta ao goberno provincial a elaborar e presentar, nun prazo de seis meses, un estudo que reflecta as características e particularmente os custes da rede municipal na provincia do servizo de recollida e albergue de animais domésticos abandonados, achegando unha proposta de cooperación cos concellos orientada a asegurar unha prestación do servizo con custes máis eficientes e garantindo que as axudas provinciais procuren a ecuanimidade territorial e prioricen a atención desta competencia propia fronte a outras competencias impropias.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno, vou tratar esta moción agora, pero non me podo resistir a pedirilles que dalgún xeito que teñan coidado ás veces coas afirmacións que fan, non? Dicar que temos



actitudes ou comentarios xenófobos, dona Avia, eu penso, eu sei que vostede non pensa así. E, se pensa así, ten un problema engadido, e voulle dicir despois por que.

Pero primeiro tamén recordarlle ao señor Fernández, que hoxe nos adornou co cualificativo de non demócratas en moitas ocasións. Isto é o que temos que escoitar aquí todos os días. En todo caso, dona Avia, se vostede pensa así, realmente é porque..., esa é a expresión do problema que ten principalmente o Bloque Nacionalista Galego en Galicia, que espero que o siga tendo moitos anos porque lles seguirá indo igual de mal, que é que vostedes non é que confronten ou teñan distintos puntos de vista con outros partidos, especialmente co Partido Popular. O problema que teñen vostedes é que vostedes teñen un odio directo á xente que é do Partido Popular e á xente que vota ao Partido Popular. Pero sigan votedes así que estarán vostedes onde están agora mesmo no Parlamento de Galicia e nós seguiremos estando onde estamos no Parlamento de Galicia.

Agora imos tratar un tema que é de competencia estritamente provincial, unha moción que a Deputación, a través dos seus recursos, pode axudar a paliar. Os outros debates están moi ben, son interesantes, pero imos intentar traer aquí a miúdo temas que se poidan amañar desde aquí a través das competencias, posibilidades e capacidades que ten esta institución.

O Grupo do Partido Popular xa ten lembrado no Pleno da Deputación o serio problema que o abandono dos animais domésticos lles xera aos concellos. Máis alá da crueldade que para os propios animais supón o abandono e máis alá da afección e sensibilidade das persoas testemuñas de tal abandono, ou da afectación á seguridade e á salubridade xerais, o feito de deixar no dominio público sen coidados e sen tutela os animais de compañía obriga os concellos a realizar unha actividade prestacional de recollida e de aseguramento de albergue, actividade que implica un alto custo económico.

E cabe recordar que tal actividade dos concellos non é a expresión dunha competencia impropia, asumida por simple vontade ou pola urxencia ou polos requirimentos veciñais, senón que é unha competencia propia expresamente atribuída pola lei. O certo é que a rede provincial de recollida e albergue dos animais domésticos, extraviados ou abandonados, non se estende de xeito homoxéneo por todo o territorio provincial nin nas formas de xestión nin nas formas de financiamento. Mestúrase o impagable labor de asociacións de voluntarios coa acción pública, acción pública que, a súa vez, pode manifestarse cunha prestación directa ou cunha prestación indirecta, confiada esta última a entidades asociativas ou a empresas especializadas.

En calquera caso, o custo de recollida do albergue dos animais non é un capítulo menor nos orzamentos e na contabilidade dos nosos concellos e o lóxico compromiso coa sostibilidade ambiental entra en conflito coa sostibilidade económica. O acordo que traemos a este Pleno de hoxe é que o Pleno da Deputación da Coruña inste o Goberno Provincial a elaborar e presentar nun prazo de 6 meses un estudo que reflecta as características e particularmente os custos da rede municipal na provincia do servizo de recollida e albergue de animais domésticos abandonados, achegando unha proposta de cooperación cos concellos orientada a asegurar unha prestación do servizo con custos máis eficientes, e unha proposta que garanta que as axudas provinciais procuren a ecuanimidade territorial e prioricen a atención desta competencia propia fronte a outras competencias impropias.

Grazas.



Sra. Veira González

En primeiro lugar, pola alusión directa, creo que está vostede bastante equivocado, señor Ben. En primeiro lugar, eu non odio a ninguén, non teño ese costume, de feito pode mirar para atrás ao voceiro do Partido Popular na Coruña, co que teño unha relación do máis cordial. Non teño absolutamente ningún problema coa xente do Partido Popular nin cos votantes do Partido Popular, ningún, ningún. Eu no que estou en contra, evidentemente porque estou noutra organización política é en contra das políticas do Partido Popular, que pretendo confrontar e, desde logo, a miña organización política está moi centrada en ofrecer unha alternativa aos galegos e ás galegas de goberno e, desde logo, niso imos continuar con moitísima firmeza.

En canto á moción que traen vostedes aquí sobre a recollida de animais domésticos, nós en primeiro lugar desde o BNG o que queremos é denunciar que se aproben leis, non só por parte do Goberno do Estado, senón moitas veces tamén desde o Goberno da Xunta de Galiza, que son leis que ao final afectan aos concellos e que, porén, non implican un aumento do seu financiamento. E cremos que isto, desde logo, é algo que hai que corrixir porque, efectivamente, este servizo está implicando uns custos para os concellos que, como digo, non van acompañados de ningunha fonte nova de financiamento.

A cuestión está en se ten que ser a Deputación, efectivamente, quen articule ese estudo dos custos e se ten que ser a Deputación, efectivamente, quen articule un plan específico de cooperación para poder financiar estes servizos. Nós consideramos que, tendo en conta que ademais noutras deputacións nas que goberna o Partido Popular isto non se está implementando, entendo que será porque o Partido Popular desde logo non cre que sexa unha función precisamente das deputacións facer isto. Desde logo, nós o que cremos é que quen tiña que articular ademais comarcalmente a coordinación de servizos, non só destes servizos, senón seguramente doutros moitos, debería ser a Xunta de Galiza. Pero, en todo caso, se falamos de financiamento, quero lembrarlle ao Partido Popular que vostede votou en contra o outro día dun orzamento da Deputación que recollía o POS máis alto de toda a historia desta institución provincial, que sobe máis dun 70 %, o POS, e que ademais lles dá e lles atribúe aos concellos a potestade absoluta para priorizar que servizos se queren precisamente financiar ou que se quere pagar en base a ese POS da Deputación. Entón aí eu creo que os concellos teñen absolutamente todo o apoio da Deputación para financiar os servizos que teñen que ofrecerlle á cidadanía e poden sen ningunha dúbida incluír este servizo dentro da súa solicitude do POS.

Pola nosa banda nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Unha pequena aclaración, cando digo que noutros foros non son demócratas, dígoo porque o din vostedes, eh! Voulle ler algunhas das cuestións que, por exemplo, o 11 de xaneiro do 2023 dicía Feijóo: "Pedro Sánchez dirige un goberno cautivo de sus socios e intervenido. En España no se respeta la democracia parlamentaria. El Gobierno ha iniciado un asalto institucional que busca perpetuarse al frente del país". O portavoz do PP no Parlamento de Baleares, doulle outro exemplo, "Sebastián Salgado, califica de ilegítimo el Gobierno que formará Pedro Sánchez. Carmen Fúnez, vicesecretaria de Políticas Sociales tachó en una entrevista concedida a Radio Nacional de España de ilegítimo el Gobierno". Iso por non falar do que dixo o señor Tellado de "Sánchez tiene que irse de España en un maletero" ou a señora Ayuso de que "Sánchez pretende colar una dictadura por la puerta de atrás". Home, isto moi demócrata non parece.



E a maioría das cousas que se din, e que acabo de ler foron antes da investidura, eh, non despois. Días antes de que se procedese a esa investidura dicían que era ilexítimo o Goberno; pois, home, moi democrático non é, porque é resultado das urnas, e resultado do funcionamento parlamentario que ten este país, que xa sabemos como funciona e non lle vou ter que explicar, aínda que parece que ás veces o esquezan.

Pero, indo xa o tema en si, porque isto é unha pequena aclaración, cando lía a moción lembrábame un pouco ás invasións bárbaras do século terceiro, pero despois, eu que sabe que son algo cinéfilo, fixen máis memoria e lembrábame máis un pouco a aquela película dos Monty Python de los *Caballeros de la mesa cuadrada*. Había unha escena, non sei se a lembran vostedes, que ía Arturo cos seus secuaces e atopaban unha fortificación que estaba chea de soldados franceses, e que intentaban tomar de forma recorrente sen ter moita sorte. E ao final intentaban inventar algún tipo de mecanismo e xurdiu a idea dun coello de troia, claro, un cabalo non porque era, a verdade é que era tan burdo, que lle pegaba un coello. E é un pouco o regustillo que deixa esta moción. Vén sendo un pouco das invasións bárbaras ou daquilo dos Monty Python de Unha nueva invasión al castillo del Plan único. É dicir, xa sabemos que non lles gusta o Plan único; xa sabemos que non lles gusta que nós apliquemos un criterio de reparto equitativo dos recursos; non lles gusta que respectemos a independencia dos concellos para que eles decidan en que queren gastar os cartos. Entón, cada pouco tempo, 2-3 meses traen unha moción destas de asalto ao castillo a ver se dalgunha maneira poden romper por algunha esquina, por algunha fenda esas murallas do Plan único, porque no fondo non lles gustan os piares sobre os que se sustenta, e hoxe temos un monográfico de arquitectura, nos que se sustenta ese plan, e é porque vostedes non acaban –como digo– de entender que un concello ten dereito a que, cos recursos que se lle transfiren, decida en que os quere gastar. Por iso, ímoslle dar a volta á moción e a proposta que lles trasladamos a vostedes é: tendo en conta que no ano 2025 vai haber un incremento dun 72 % dos recursos aos concellos por parte desta Deputación, imos facer un informe ao final do ano 2025 para ver cantos concellos e cantos alcaldes e alcaldesas decidiron dedicar parte deses recursos que van vir a maiores para sufragar a través do gasto corrente os gastos, valla a redundancia, derivados deste servizo. E verá vostede como seguramente isto que parece tan prioritario e que para min o é, e falamos o outro día longo e tendido na xunta de voceiros deste tema, verá como seguramente non será tan prioritario.

Por tanto, xa hai recursos extraordinarios para que os concellos poidan, se así o necesitan e o requiren, e as súas economías están a verse lastradas como consecuencia desta situación, pois dedicar os recursos a través desa posibilidade que ofrece o Plan único de gasto corrente para poder minorar a súa achega ou incluso que sexan costeados integramente a través deses fondos. O que non imos facer é detraer fondos do Plan único para crear un novo plan porque non tería ningún sentido.

Dá igual, por moitos plans que se propoñan, os cartos non se multiplican, seguen sendo os mesmos. Polo tanto, se hai que financiar unha cousa, os cartos teñen que saír doutro sitio. Dígame vostede de onde? Nós preferimos facelo todo, que é moito máis sinxelo, a través do Plan único e que os concellos que así o precisen e teñan un excesivo gasto neste departamento ou nesta área ou neste servizo do que estamos a falar, pois saquen os recursos dese Plan único e os dediquen a través do gasto corrente, repito, para esa función.

Polo tanto, nós non podemos apoiar unha moción que o que pretende é, pola porta de atrás novamente, atacar ese castelo que dixen antes do Plan único con subvencións dirixidas concretas para que os concellos non teñan autonomía á hora de tomar decisións sobre en que queren investir os seus recursos.



Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno, yo creo, señor Fernández, que hoy ha cambiado mucho su intervención con respecto a la del año 2022, porque creo que realmente hoy se tendría que de alguna manera, entiéndame bien, tragar las palabras que dijo en aquel momento referidas a de quién era la competencia, quién instauró la ley en aquel momento vigente. Nos han venido diciendo que una ley autonómica le impuso a los concellos una carga competencial sin asegurarle su financiación. Pero el marco normativo es otro, aunque no existiera esa ley autonómica, aunque se derogase la misma, permanecería la atribución de esa competencia de los concellos como consecuencia de la ley estatal, Ley estatal de protección de los derechos y el bienestar de los animales, promovida por el Gobierno de coalición socialista y nacionalista. Y es que la ley estatal en su artículo 22 dice lo que dice, y ese artículo tiene un carácter básico, sí o sí la legislación autonómica de desarrollo ha de respetar lo que fija el artículo 22 de la ley estatal, el artículo ideado por el Gobierno de coalición socialista y nacionalista. Me pregunto si don Bernardo se atreverá hoy a repetir lo mismo que dijo en el Pleno del año 2022, pero esta vez refiriéndose al Gobierno socialista y en el mismo tono ácido al que se refirió en aquel momento al Gobierno de la Xunta. ¿Se atreverá? Nos dijo don Bernardo, literalmente, que “a Xunta legisla e pagan os demais”. Nos dijo don Bernardo literalmente que estábamos ante “unha competencia imposta pola Xunta de Galicia”. Nos dijo el señor Fernández, literalmente, que “a Xunta solta lastre”. Nos dijo don Bernardo literalmente que “a Xunta provoca o problema”, y nos dijo don Bernardo literalmente que “a lei da Xunta supoñía unha falta de respecto institucional”. Voy a volverle a leer el artículo 22 de la ley estatal, a ver qué parte no entiende de la misma. El artículo en el BOE, con fecha 29 de marzo del 23, en el artículo 22 dice lo siguiente: “Corresponderá a los ayuntamientos la recogida de animales extraviados y abandonados y su alojamiento en un centro de protección animal. Para ello deberán contar con un servicio de urgencia para recogida y atención veterinaria de estos animales disponible para las 24 horas del día, etcétera, etcétera”. Esto es lo que dice, si quiere se lo facilito al terminar el Pleno, el BOE de 29 de marzo del año 2023, la ley de bienestar animal. De tal manera que, si el Grupo Socialista y socios mantienen un mínimo de coherencia o integridad intelectual, deberían corregir lo que dijeron, tan solo se trata de cambiar el sujeto de las acciones reprochadas y donde se referían a la Xunta ahora tan solo tienen que referirse al Gobierno de Pedro Sánchez en general, o al señor Sánchez en concreto. Y ahora, señor Fernández, tendría que decir usted: “el Gobierno de Pedro Sánchez legisla e pagan os demais”. Lo que ahora tenía que decir usted, don Bernardo, es “estamos ante unha competencia imposta polo Goberno de Pedro Sánchez”. Lo que tenía que decir, seguir diciendo “o Goberno de Pedro Sánchez solta lastre”. O también tendría que decir “a lei promovida polo Goberno de Pedro Sánchez é unha falta de respecto institucional”. Seguro que no lo va a hacer o, si lo va a hacer, debería decirlo con la misma contundencia y coherencia que aplicó en aquel momento. O, más bien, si usted viaja a Sevilla este fin de semana, que entiendo que sí como responsable provincial de su partido, le rogaría que repitiera todas estas cuestiones allí a los dirigentes de su partido, si tiene oportunidad de hablar con ellos respecto a este asunto. Creo que es interesante que lo diga.

Y decían que había que sentar a la Xunta en una mesa para hablar de la financiación de este servicio por haber creado el problema. Pero como el problema se atribuye a una ley básica del Estado, pueden empezar ustedes por sentar a una mesa al delegado del Gobierno y plantearle el problema que la Ley de bienestar animal le ha provocado a los concellos. Pero no se trata de sacudirse responsabilidades sin



menoscabo de que esta cuestión se pueda abordar también conjuntamente con otras administraciones públicas, la Diputación puede y debe empezar por sí misma. La Diputación puede estudiar las fórmulas de prestación más eficiente del servicio por parte de los ayuntamientos. Y ya no les pedimos que lo asuman ustedes directamente, no se trata de eso lo que pedimos en esta moción; y la Diputación puede objetivar mejor las ayudas que ya ofrece y, sobre todo, puede incrementar esas ayudas sin detraerlas de otros fondos destinados a los concellos. Pues de lo que se trata es de priorizar las ayudas de este servicio de competencia municipal propia frente a otras ayudas que concede la Diputación para asuntos que son de dudosa competencia provincial. Y ahí están reiteradamente los informes de Intervención Provincial.

En fin, que creo que la iniciativa se ha planteado en términos muy racionales y que esta vez no deberían haber excusas para aprobarla. Pero en todo caso, doña Avia, le repito, es una competencia estrictamente municipal. En consecuencia, si queremos actuar en conjunto con los ayuntamientos, hacer un estudio, yo creo que la Diputación es el órgano o la institución competente para hacerlo. Hay que trabajar en apoyar a los ayuntamientos, desde el área de Asistencia a Municipios, ¿qué hacemos aquí? ¿No podemos valorar si mancomunando servicios van a ser más eficientes y más económicos para el conjunto de los ayuntamientos? Tampoco se trata de obligar a los ayuntamientos a inscribirse, se trata de presentarles una posibilidad para que ellos valoren si adscribirse o no. Tampoco se trata de que la Diputación financie en exclusiva este servicio. No se trata de eso, se trata de que ustedes trabajen por el bien de los ayuntamientos, no solo que les aporten fondos que a veces se les pueden llegar a atragantar. Tienen que ayudarles en la gestión de estos fondos y ayudarles a dar los servicios que como competencia municipal tiene cada uno de los ayuntamientos de la provincia de A Coruña, repito, especialmente los de menos de 20.000 habitantes, y especialmente aún más allá los de menos de 10.000 habitantes. ¿Quiere saber usted de dónde sacar los fondos para prestar este servicio, señor Fernández? Creo recordar que hay en el presupuesto 7.000.000 de euros sin aclarar bien a qué se van a dedicar, pueden empezar por alguna pequeña, porque no creo que sea una cuantía que requiera eso ni mucho menos, una pequeña parte se puede dedicar a dar este servicio que tiene muy preocupados a los alcaldes de la provincia de A Coruña y no solo a los alcaldes del Partido Popular, también a sus alcaldes, señor Fernández, y yo sé que usted habla con ellos. Denos la razón por una vez; digan, oigan, vamos a estudiar la posibilidad, hacer un estudio, saber qué necesidades tiene el ayuntamiento, cómo aborda cada ayuntamiento esta competencia que es propia de cada municipio, competencia propia, qué coste tiene, cómo podríamos mejorar el servicio, cómo podría ser más eficiente y más eficaz. A lo mejor sacándole en un conjunto de ayuntamientos las partidas se verían mucho más disminuidas, y a lo mejor ni siquiera tendrían que aportar gran cantidad de fondos. Pero, por favor, pónganse al servicio de los ayuntamientos, que para eso les han puesto en el Gobierno los vecinos, como bien usted dice, con sus 10 diputados frente a nuestros 14 diputados. Asumimos estar en la oposición y no le queremos imponer ninguna acción de gobierno, pero sí se las queremos sugerir con toda la humildad y con toda la mejor intención.

Nada más y muchas gracias. Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que xa me empezo a acostumar a ser o protagonista das súas intervencións. Neste caso, como falamos de canceiras e me chamo Bernardo, igual é polo tema do san bernardo, que pode ser, saben vostedes que é un can moi coñecido e famoso, sobre todo cinematograficamente falando. Pero a min enorgulléceme que vostede me dedique tanto tempo nas súas intervencións.



Parece mentira tamén en vostede que me rete a min aquí a esixirlle algo ao goberno do meu partido, coñecendo cal é a traxectoria deste portavoz e do meu grupo aquí. En tal caso, o reto podería facerllo eu a vostede, porque temos dado mostras en numerosas ocasións dende este grupo de reclamarlle cuestións ao Goberno de España e neste caso, pois presidido polo Partido Socialista, en moitas ocasións. Cando foi o peche da central térmica das Pontes, no tema das autoestradas e as súas bonificacións e gratuidade, no transporte ferroviario desa liña A Coruña-Ferrol. Podo darlle moitos exemplos. Sabe a quen non vin nunca reclamarlle a unha Administración gobernada polo seu partido, a vostedes.

E é curioso ese discurso que me acaba de facer, que me encantou, me encantou, esta parte final cómprolla enteira e vouna enmarcar e aplicala tal cal sen mover, cambio cans por persoas para outra cuestión. Resulta que nós trouxemos en varias ocasións aquí mocións para algo que penso que é pouco máis importante que os cans, que se chaman persoas dependentes. Unha competencia impropia que a Xunta de Galicia nos impón aos concellos, e que non nos paga nin a cuarta parte do que nos custa. A Xunta agora está poñendo 12 euros hora para un servizo, por certo case o 60 % recursos que lle achega o Estado á Xunta e un corenta e pico por cento que pon a Xunta de recursos propios, por tanto, deses 12 euros imos concederlle a dúbida de que a Xunta poña a metade, 6, e un concello, como o meu, paga 21 euros á hora, polo tanto de 12 a 21, ou 24 como algún concello por aí, como mínimo temos que estar poñendo 12 euros que tiñan que estar poñendo a Xunta e o Estado. Cando en moitas ocasións reclamamos á Xunta de Galicia que poña máis recursos para atender esas persoas, para que os concellos, non é como neste caso, teñamos que poñer cartos para unha competencia propia, non, para unha competencia impropia, que votan vostedes?, que non. Que casualidade, que casualidade! Que me lembra un pouco o que falabamos o outro día na xunta de voceiros de deshumanizar as persoas e humanizar os animais. E é verdade, porque nesa defensa que fai vostede do mundo municipal e de que os concellos non asumamos competencias que non son propias e de cuestións que preocupan os alcaldes, que créame que é verdade, a min preocúpame o tema das canceiras e cónstame que a moitos alcaldes e alcaldesas de toda cor política tamén, pero preocúpalles moito máis como van pagar a dependencia, porque hai concellos que xa van entrar practicamente en quebra porque non teñen capacidade económica para asumir ese servizo. Non obstante, vostede, tan sensible con este tema, non lle encontra tanta sensibilidade para reclamarlle á administración que en gran medida ten a responsabilidade diso, que é a Xunta de Galicia.

Pero podemos falar das escolas infantís, esas escolas infantís que o señor Rueda anuncia “gratuidade grazas á Xunta de Galicia” e resulta que lles poñen 78.000 euros no meu concello e eu poño 280, e é gratis grazas á Xunta. E aí tampouco ten vostede esa sensibilidade para esixirles aos seus compañeiros na Xunta de Galicia que financien o 100% das escolas infantís que son municipais aos concellos, porque casualmente –e isto é xa unha cousa moito máis interesante– a aquelas escolas infantís que son privadas si que lles financian o 100 % do seu custo, pero ás públicas, que o soportamos os concellos, non. Esa é diferenza entre vostedes e nós; e eu dígoo aquí claramente, eu non comparto esa lei, non comparto que se cargue os concellos co custo da aplicación desa lei, xa llo digo aquí, claro e alto, non teño ningún problema. A ver cando chega o día que o vexa vostede facer o mesmo.

Nunca o verei, porque levo aquí 9 anos antes de vostede. Non é por vostede, refirome, exemplifícoo en vostede porque é vostede o voceiro, pero antes estivo aquí o señor Agustín Hernández, estivo a señora Rosa Gallego, estivo nunha época o señor Negreira... Nunca xamais lles vin reclamar nada para que a Xunta de Galicia asumira os custos derivados de competencias propias da Xunta que nos impón aos concellos. Polo



tanto, iso de consellos vendo que para mí no tengo xa sabe que deste lado non llos aceptamos, señor Ben. Así que vai sendo hora de que se apliquen vostedes o conto. Esta Deputación incrementa un 72 % as achegas aos concellos. Pois de aí, eu e outros moitos concellos, imos ter moitos recursos para asumir os custos derivados deste servizo. Convido a todos os alcaldes e alcaldesas a facelo. E, se non, cando remate o vindeiro ano e nos vexamos neste mesmo Pleno dentro de 365 días, imos ver cantos concellos dedican a gasto corrente os custos derivados do servizo de lacería, de atención e de manutención de animais, seguramente moi poucos.

Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Presidente, una última intervención muy breve.

Yo creo, señor Fernández, que a usted, que le pasan o ve, porque no creo que visualice usted todas las actas o las lea o lea los plenos, le pasan datos, se los pasan habitualmente por móvil y a veces (ininteligible) con recursos, pero, claro, es que usted no recuerda que nosotros hemos votado a favor de la moción del SAF que trajeron ustedes aquí. Eso sí, eso sí, añadiendo una enmienda que ustedes aceptaron, y ahí le agradezco al señor presidente, voy a hacer un agradecimiento para que luego no diga que siempre son palos, ahora está hablando con el señor interventor muy entretenido, pero le voy a agradecer que aceptara la enmienda en el punto primero que decíamos nosotros. Asumimos que la Xunta aporte la cantidad que los ayuntamientos siempre y cuando el Gobierno central pague los atrasos de lo que no ha pagado todos estos años y aporte la cantidad estipulada cada año. Porque sí es verdad, ya empezó el señor Zapatero con este tipo de leyes, yo invito y tú pagas. Pero, bueno, la Ley de la dependencia estaba dotada económicamente con una partida y el problema es que nunca ha cumplido el Gobierno de España con las autonomías o por lo menos con la Xunta de Galicia aportando lo que le corresponde, y está aportando la mitad de lo que tenía que aportar cada año a las arcas de todos los gallegos. Eso es así. Si el Gobierno de España aportara la cantidad que por ley tiene que aportar a la Xunta de Galicia, la Xunta de Galicia, no tenga ninguna duda que se la aportaría también a los ayuntamientos para el tema de la dependencia. Esta es una nueva cuestión de yo invito y tú pagas, una ley de bienestar animal que les obliga a ustedes que son alcaldes, no a mí, que yo soy oposición en mi ayuntamiento. Por cierto, el Ayuntamiento de Santiago, que desde hace años, a través de una iniciativa del Partido Socialista en su momento, hay un Fundación refugio de animales a la que están adscritos muchos ayuntamientos de la zona porque no tienen cómo dar el servicio y tienen un... eso, ese sistema de Santiago se puede implementar en otros muchos sitios y la Diputación es la que tiene que dar soporte y analizar este tema, es lo que proponemos, simplemente que trabajen un poquito, que se pongan a disposición de los ayuntamientos, que valoren cómo abaratar los costes de los servicios, ser más eficientes. Para eso hay un área que se llama Asistencia a Municipios, es que no sé qué tipo de asistencia dan ustedes si no es esta. Una asistencia de gol darán o de baloncesto, porque asistencia a los municipios, que yo sepa, no dan ninguna, simplemente tienen la nomenclatura del área, pero no dan ningún tipo de asistencia técnica a los municipios. Háganselo mirar, mejoren, aprendan y aún están a tiempo de intentar salvar un mínimo el mandato en el que están en curso.

Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

E xa que eu son dado, si que son dado a mirar a hemeroteca, e houbo 3 mocións



de dependencia. En 2019 trouxemos outra moción esixindo á Xunta que puxera o que tiña que poñer e vostedes votaron en contra. E saben por que votaron a favor da última?, porque os seus alcaldes, igual que os meus, xa están ata aquí, xa están ata aquí. E aínda así introduciron, e nós non tivemos ningún problema en aceptar, unha emenda esixíndolle ao Goberno do Estado. Pero, mire, voulle dar un dato: o ano pasado o Goberno do Estado incrementou en 13 millóns a achega da Xunta de Galicia para esa área ou para ese servizo, e a Xunta reduciu a súa achega en 7 millóns. Sabe que pasa? O problema do Estado e o seu erro, que eu tamén crítico, é que non foran finalistas eses fondos porque, se foran finalistas e obrigaran a Xunta a dedicalos totalmente á dependencia, evitaríamos que nos birlaran eses 7 millóns que nos quitaron. Iso é o que pasou. E non é que dicir mentres o Estado puxo máis a Xunta puxo menos, e gran parte deses cartos en vez de dedicarllos a dependencia sabe a que os dedica, pois dedícao ao que todos e todas sabemos, a eso del dedito, de repartir con el dedito entre los suyos, a iso dedica a minoración, para asinar convenios para facer centros de día en concellos onde goberna o Partido Popular, para facer todo este tipo de infraestruturas que xa sabemos que no 90% dos casos sempre caen do lado da dereita. Que casualidade!

Por tanto, cando mire a hemeroteca mire todo, eh; e aquí houbo varias mocións sobre dependencia, xa digo en 2019 houbo unha e votaron vostedes en contra, por que?, porque se falaba da Xunta. Pero houbo outra recentemente sobre Augas de Galicia, onde vostedes menten constantemente dicindo que a competencia é municipal; non, a competencia prestadora do servizo do ciclo da auga é municipal, a competencia financiadora non é municipal. Por iso Europa lles transfire a vostedes os fondos. Non obstante, aí vostede, unha vez máis, tan sensible coa economía municipal votou en contra dunha moción onde o único que pediamos era que Augas de Galicia investise como mínimo o 50% do que recada nos nosos concellos dentro de cada un deses concellos, e que?, igual que facemos nós aquí cun plan único e con eses criterios de obxectividade aos que vostede fai referencia para este tema das canceiras, repartir os recursos que chegan de Europa e doutras administracións co mesmo criterio de obxectividade que nós aplicamos nesta Deputación e que vostedes nin aplicaron cando estaban aquí, nin aplican alí onde gobernan. Polo tanto, novamente “consejos vendo que para mí no tengo”, que quere que lle diga? E Asistencia a Municipios, con todos os respectos, funciona como mínimo igual que cando estaban vostedes, porque nós non levamos toda a vida gobernando esta institución. Aquí hai alcaldes e alcaldesas que seguramente cando teñan obras de máis de 50.000 euros, moitos dos seus interventores piden para as actas de recepción que vaia persoal de Asistencia a Municipios. Vostede, igual, como non é alcalde, non o sabe, pero ten un alcalde ao lado e pódello preguntar. Nun concello máis grande igual non, pero seguramente en concellos pequenos como o meu a partir de 50.000 euros temos asinado un convenio coa Deputación para que persoal desta casa de Asistencia a Municipios poida achegarse ata os seus concellos ou revisar proxectos. Por tanto, antes de falar dun departamento desta casa, infórmese vostede do que fan, porque penso que o que é o título confunde vostede co que debera facer, pero iso é unha cuestión de descoñecemento de non sabe vostede o que fan realmente. Dito o cal, non teño nada máis que engadir.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Este último comentario...

Señor Fernández, usted supongo que dormirá mucho a la gente con sus comentarios e la querrá enroscar a que al final piense lo que usted quiere que piense. Yo desde luego, hombre, parvo soy pero de los coches aparto, eh.



Aquí nadie pone en duda al personal de esta institución, nadie, nadie pone en duda al personal de esta institución. Lo que podemos seriamente en duda es la dirección política de ese personal. Aquí no hay dirección política, hace mucho tiempo que se ha abdicado de la responsabilidad del Gobierno. Sin ser el área, y lo digo públicamente de Turismo del señor Regueira, que yo le aplaudo y le agradezco el trabajo que hace, los demás dejan mucho que desear, especialmente los de su partido, especialmente los de su partido. Y en Asistencia a Municipios el personal que siempre ha trabajado, claro que sí, falta dirección política, falta planificación y falta saber lo que hay que hacer. Porque, mire, señor Fernández, nunca sopla buen viento para el que no sabe a qué puerto se dirige, y usted hace mucho que ha perdido el timón y la brújula.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Pois por alusión tamén, e como non teño limitación temporal, ídesme permitir, vanme permitir.

A ver, sinceramente, poñer en tea de xuízo, nótase que non es alcalde, Evaristo, nótase que non es alcalde, Evaristo, e non tes a necesidade de que tanto ti como alcalde como os teus concelleiros e concelleiras e os técnicos e técnicas do teu Concello teñan a necesidade de acudir constantemente, diariamente, polo que vexo hai un descoñecemento moi forte no funcionamento desta casa, moi forte, moito máis do que eu pensaba, moito máis do que eu pensaba. Polo tanto, seredes convocados a unha comisión específica onde vos daremos un informe de número de expedientes, de número de chamadas, de número de atencións personalizadas a cada un dos concellos, dos 93 concellos desta provincia, e verás o labor que fan o Servizo de Asistencia a Municipios, desde o punto de vista técnico, desde o punto de vista urbanístico, desde o punto de vista de supervisión de proxectos, desde o punto de vista de asistencia informática, que é unha dependencia absoluta e de avances, desde o punto de vista de asistencia económica. E parece mentira, parece mentira, Evaristo, o que estás dicindo co que levamos aprobado neste pleno; 50 puntos da orde do día dos cales os que acabo de ver agora, desde o 24 ata o 31 son dacións de conta de plans de control financeiro de distintos concellos da provincia, que antes non se facían, e que están delegándose nesta casa. Iso non é unha decisión que tome Pardellas, é unha decisión que toma os desastres desta dirección política, entre outras decisións que tomamos todos, tamén o señor Regueira, tamén o señor Regueira, pero o resto tamén. Significa aumentar o orzamento deses concellos que é a mellor asistencia económica que se pode dar, un 72% do que van recibir respecto ao ano anterior e así sucesivamente.

Polo tanto, poñer en tea de xuízo, claro que evidentemente non nos van loar nin esperamos aplausos. Eu non espero ningún aplauso pola súa parte, evidentemente, pero en calquera caso temos a conciencia moi tranquila. Por unha parte, sabendo que as mellorías e as melloras son sempre necesarias, tendo a mente aberta para aceptar consellos de boa fe e construtivos; pero, por outra parte, coa consideración persoal de todos nós de ter a conciencia do labor ben cumprido.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



Decae a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Piñeiro Fernández

Grazas, señor presidente. Bos días a todos e a todas.

Esta é unha pregunta sobre os retrasos na obra da reforma da avenida de Santa Cristina en Oleiros.

A obra de reforma fue adjudicada por la Diputación de A Coruña en febrero de este año por 1.682.061 euros, con un plazo de ejecución de 8 meses que ha finalizado. Aún quedan muchos trabajos por realizar, por lo que la adjudicataria, unión de empresas formada por Citania Sigre Mova, deberá solicitar una prórroga. Hay un gran malestar entre los residentes y comerciantes de la zona por los retrasos. Faltan aún por instalar las tuberías de las redes de servicios bajo tierra, algunos tramos de acera o reasfaltar la avenida. La excusa esgrimida por la Diputación de que la demora en la finalización de los trabajos se debe a que se ejecutan por tramos para afectar lo mínimo posible al tráfico, al aparcamiento y a los negocios de la zona no es creíble, ya que es algo que se debía tener contemplado desde el principio, al licitar el contrato y los tiempos de ejecución, y todavía seguimos con la obra a medias.

Por tanto, desde el Partido Popular solicitamos que aclaren: ¿cuáles son los motivos reales de este retraso que está afectando a muchos vecinos y comerciantes de Santa Cristina? ¿Si se están llevando a cabo por parte de la Diputación los debidos controles en la ejecución de la obra y si se va a aplicar algún tipo de sanción a la empresa? ¿En qué estado se encuentra la prórroga de la obra con la empresa adjudicataria?

Muchas gracias.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitísimas grazas, señor presidente. Moi bo día a todos e todas.

A pregunta foi feita en castelán, eu teño un informe coa resposta da dirección de obra e do magnífico equipo que ten Vías e Obras e co cal pois traballa da mellor maneira. Aproveito tamén para responder porque creo que hai que poñer en valor sen lugar a dúbida ese magnífico traballo que se fai. Vou responder, vou traducindo segundo para intentar polo menos dar resposta a estas preguntas.

Respecto á afirmación de que hai un gran malestar entre os residentes e comerciantes na zona polos atrasos, faltan aínda por instalar os tubos, os servizos baixo terra e algúns tramos da beirarrúa e reasfaltar a avenida. Segundo iso, vou responder que non constan escritos relativos ao malestar entre os residentes e comerciantes polos atrasos das obras, nin tampouco por parte da obra executada e aberta ao uso do público. É certo que calquera obra de remodelación dunha rúa xera afeccións a todos os veciños e usuarios desta rúa. É por iso que durante a execución dos traballos proxectados se está facendo todo o posible para que a dita afección sexa mínima. Por iso os tramos de execución en cada momento son limitados, minimizando as zonas de estacionamento ocupadas polas obras. Esta preocupación trasladounola o concello no seu día ao inicio e abrindo o uso público das zonas xa executadas antes de iniciar novos tramos. Con iso



maximízanse as zonas abertas ao uso público e minimízanse aquelas que necesariamente han de ser ocupadas pola execución das obras proxectadas.

Respecto aos tubos do servizo baixo terra, estes vanse executando a medida que se van realizando as beirarrúas e aparcamentos proxectados; polo tanto, nas zonas executadas e abertas a uso público estes tubos xa están instalados. Os traballos de pavimentación da calzada serán os últimos en executarse.

En relación á segunda pregunta ou afirmación, executar os tramos non é a escusa para a demora que se debería contemplar desde o principio. O certo é que o programa dos traballos do proxecto construtivo que se determina no prazo inicial presenta descompoñer os traballos dos servizos, capítulos executando eses de forma completa. A execución de tal forma suporía abrir tramos moito maiores, inhabilitando gran parte das zonas do aparcamento existentes. Seguir esta planificación neses meses de verán sendo a dita avenida o acceso principal á praia de Santa Cristina non era posible sen provocar unha gran afección aos veciños, aos negocios e aos usuarios da praia. É por iso que a execución se formulou por tramos, o que provoca que os tramos sexan máis pequenos e a dita execución máis lenta do que inicialmente estaba previsto.

En relación á pregunta, respecto á pregunta de cales son os motivos reais deste atraso? Ademais do xa comentado anteriormente, respecto á execución da obra por pequenos tramos, poñendo en servizo os realizados antes de iniciar os seguintes, existen multitude de servizos afectados xa que esta reposición depende da coordinación cos seus organismos titulares. Polo tanto, a resolución das ditas afeccións non depende soamente do contratista adxudicatario e, polo tanto, xéranse certas demoras no previsto na planificación inicial.

En relación á seguinte pregunta, se se están levando a cabo por parte da Deputación os debidos controis na execución da obra e se se vai aplicar algún tipo de sanción á empresa, respondo que si se están levando a cabo os debidos controis, loxicamente, pola dirección de obra que visita con toda a frecuencia que é posible e que loxicamente deben facer en cada tramo, en cada unidade que se está executado no caso de que o contratista adxudicatario entre en demora por causas imputables a este, optaríase pola imposición de penalidades diarias ou pola resolución do contrato. Todo iso previa tramitación do correspondente expediente para o efecto e tal como indica a Lei de contratos, eu creo que moi claramente.

E, por último, respecto á pregunta de en que estado se encontra a prórroga coa empresa adxudicataria, informalos de que a obra conta cunha ampliación de prazo e está concedida ata o 21 de febreiro de 2025.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

A mesma moción presentouse onte no Concello de Oleiros. Esta moción non ten sentido ningún porque é descoñecer Santa Cristina e descoñecer que tipo de obras se están facendo en Santa Cristina. Estase cambiando totalmente Santa Cristina, estase cambiando totalmente. Levantáronse todas as tubaxes, levantáronse todas as baldosas e, por tanto, hai unha infraestrutura que hai que crear a tramos porque non se pode facer todo en Santa Cristina, sen máis coller unha man e tirar adiante, porque entón non se pode entrar en Santa Cristina e en Santa Cristina hai un montón de negocios que non teñen ningún problema, que falan comigo, que están encantados coa obra que se está facendo, e que están esperando o día da inauguración, que igual levamos unha orquestra



ese día; parécelle, presidente? Paga a Deputación que ten moitos cartos, pero creo que é unha obra impresionante na comarca da Coruña, que foi demandada durante moitísimos anos. Non había, que por certo no seu día fixo a Deputación provincial co presidente Marfany ao fronte, o actual que había agora, pero os anos que pasaron foi un desgaste, 30 anos, foi un desgaste total dos materiais que había alí. Por tanto, están desexando os industriais, están desexando os veciños, indubidablemente que a obra se acabe, pero son conscientes dos problemas que hai. E houbo problemas incluso de propietarios que impedían facer obra diante da súa propiedade, que impedían, e puxéronse alí impedindo, e por tanto..., e a Deputación parou, loxicamente no seu momento ata que o Concello lle dixo á Deputación que alí o territorio era do Concello de Oleiros e que aquel señor non tiña nada que dicir, houbo tres casos. Por tanto, é unha obra importantísima, é unha obra na que nos temos que felicitar. É unha obra que creo que hai que inaugurar a bombo e platillo, como músico que son, e insistirei no tema da inauguración cunha orquestríña ou cun grupiño así barateiro, pero que soe a música porque, desas obras non se acostuman facer.

Sr. Presidente

Si que me chama a atención, preguntándolle á deputada, voulle repreguntar eu, chámame moito a atención nesta pregunta. Eu creo que ao longo do ano acostumamos, das execucións que facemos de obras, da orde de 40, 50 obras que van con retraso, xustificadas na maior parte dos casos. Pero é a primeira vez en 9 anos, en 9 anos, que un grupo político, neste caso o Partido Popular, pregunta se se vai sancionar unha empresa por un retraso. E chámame a atención, moito a atención, por que a esta empresa concretamente? Por que non a outras que sabedes que van con retraso? Gustaríame saber cal é o motivo de que por primeira vez en 9 anos se pregunte se se vai sancionar a esta empresa.

(Inaudible)

Perdoa o debate diríxoo eu.

Sr. Ben Otero

Una cuestión de orden.

Sr. Presidente

Unha cuestión de orde, a ver.

Sr. Ben Otero

Sí, presidente, vamos a ver. Yo exactamente no he leído en la totalidad el reglamento de funcionamiento de la Diputación o de su pleno, Pero le quiero preguntar a la Secretaria y, si no, se lo preguntaré por escrito, si ante una pregunta a un grupo político que ya ha dado respuesta la diputada del área, si un segundo diputado de otro grupo puede interpelar o hablar al respecto de la pregunta, porque creo que no es razonable, no lo he visto en ninguna institución y no es algo normal. Miraremos el reglamento y actuaremos en consecuencia. Y, por cierto, señor presidente, usted como presidente está aquí para que le pregunten no para preguntar.

Sr. Presidente

Perdoa, Evaristo, eu como presidente estou aquí para preguntar e para contestar,



porque a miña contestación pode levar... Non, a miña contestación pode levar, perdoa, a miña contestación pode levar distintos tons e un pode ser o de preguntar. Evidentemente, unha pregunta pódese contestar cunha afirmación ou con outra pregunta. E, insisto, volvo contestar, podes mirar o regulamento que queiras, pero xa che digo eu que eu podo complementar a contestación de calquera deputado do meu grupo, por suposto, por suposto.

(Inaudible)

Ah, falabas por Gelo, non por min. Pero imos ver, pero imos ver, imos ver, imos ver, aquí polo de agora pode falar calquera, calquera. Ti podes falar cando queiras. Perdoa, aquí levas falado moito e podes seguir falando, só faltaría, todo o que consideres oportuno, dentro dunha orde, dentro dunha orde. Evidentemente, cando superas todos os límites aplícase o regulamento, como a calquera. Pero en calquera caso é un afectado directo pide falar, eu creo que, se mañá se fala aquí... Perdoa, perdoa Evaristo, neste pleno, neste pleno lévase feito interpelación sobre o Concello de Arteixo, que non tiña nada que ver, e que contestou e contestaches, ou non contestaches? Pero contestaches, pero, Carlos, contestaches ou non? Contestaches ou non? Contestaches ou non contestaches. A cuestión e se podes contestar ou non, que é o que formula o teu portavoz. Eu naquel momento deixamos contestar porque era... Punto.

(Inaudible)

Preguntou, pero non atacou, nin Gelo atacou a Diana, joder, nin moito menos. Ben, xa está contestada a pregunta.

Eu simplemente deixo no aire esa pregunta, por que concretamente neste expediente desta empresa, espero que non sexa porque non é unha empresa da provincia, espero, porque entendo que a Lei de contratos do sector público dá o dereito de presentarse a calquera litación a calquera empresa da provincia. Por favor, por favor, por favor, Carlos, simplemente deixei esa pregunta.

Algunha pregunta ou rogo máis.

Sr. Ben Otero

Tengo outra pregunta, pero antes de nada... Voy a hacer la pregunta y luego voy a hacer un ruego. El ruego ya lo hago el primero: por favor, vamos a aprobar un nuevo reglamento, que las cosas queden claras, los tiempos de intervención, los turnos, etcétera, etcétera, porque aquí lo que tiene que hacer usted es dirigir el pleno, por supuesto, como presidente nadie le quita esa potestad que usted tiene, pero conforme al reglamento aprobado por todos, conforme al reglamento aprobado por todos, y ciñéndose al reglamento porque por encima de la ley y del reglamento, no está usted ni está nadie en un país democrático como es este gracias a Dios.

Ahora voy a hacer la pregunta referido al tema de Santiago.

O Pleno do Concello de Santiago do 30 de maio de 2024 resolveu por unanimidade instar a Deputación Provincial da Coruña a promover unha modificación do regulamento de funcionamento do Programa provincial de teleasistencia domiciliaria, e no seu caso do correspondente contrato de servizos, a fin de que as persoas non dependentes domiciliadas en Santiago de Compostela, ou cando menos nas súas parroquias do rural poidan acollerse ao relativo servizo.



Á vista de tal acordo e ao abeiro da normativa reguladora do réxime local e sinaladamente ao abeiro do regulamento orgánico da Deputación da Coruña, a pregunta que facemos é a seguinte: recibiu a Deputación provincial notificación oficial do referido acordo plenario municipal? Recibida a notificación oficial, recibiu o Goberno provincial algunha outra mostra de interese por parte do Goberno local de Santiago? Ten pensado o Goberno provincial modificar en datas próximas o regulamento de funcionamento do Programa provincial de teleasistencia domiciliaria a fin de dar cobertura á cidade de Santiago ou cando menos á súa poboación do rural? E ten pensado modificar no mesmo sentido o obxecto ou alcance do futuro contrato? Consonte o número máximo de terminais fixados nos pregos do novo contrato que manexa actualmente a Deputación, poderíase absorber a demanda de novos usuarios de Santiago de Compostela sen que iso menoscabase gravemente as posibilidades de ampliación orientadas a outros concellos de menor capacidade económica? E cal foi a razón pola que a deputada de Política Social ordenou o 3 de outubro modificar o prego actual e establecer o número máximo de terminais en 4.300 sen posibilidade de incremento?

Sra. García Vidal

Con permiso, señor presidente, compañeiros, compañeiras.

Esta Deputación recibiu comunicación do acordo plenario a través do Rexistro Xeral o pasado 10 de xuño de 2024. Non se mostrou máis interese polo Concello de Santiago, tampouco se recibiu servizos de consulta de ningún grupo político sobre o expediente de contratación do servizo que actualmente está en fiscalización dende o 11 do 11. A modificación do regulamento do funcionamento do programa de teleasistencia domiciliaria aprobouse definitivamente mediante o anuncio do BOP, previa aprobación inicial na sesión plenaria celebrada o 20 de setembro do 2022, ampliando motivadamente o servizo dos municipios de menos de 75.000 habitantes. Nese momento incorpórase o Concello de Ferrol. Actualmente aténdense a 144 usuarios deste concello cos informes do noso servizo, a Oficialía Maior, Fiscalización, favorables á modificación do regulamento de 2022 nos que se xustifica adecuadamente a súa modificación. Principalmente a situación das cidades da Coruña e Santiago é distinta da de Ferrol, Santiago é capital da comunidade autónoma, A Coruña é capital da provincia, e Ferrol, que na actualidade ten 65.000 habitantes, sitúase nunha situación intermedia. Sabemos que o sistema de financiamento das entidades locais recollidas na Lei de facendas locais do Real decreto 2/2004 recolle dous sistemas de financiamento claramente diferenciados nos artigos 111, 118 e 122, deixando á parte os réximes especiais que non veñen ao caso. Así, por unha parte, as capitais de provincia e da comunidade autónoma, os concellos de poboación de dereito igual ou superiores a 75.000 habitantes e despois están o resto dos concellos. O Concello de Ferrol é un caso especial, polo tanto, con esta redución de perda de habitantes ata baixando do limiar de 65.000 significa que ten unha diminución importante nos ingresos do financiamento do Estado ao deixar de pertencer ao primeiro grupo e pasar ao grupo dos outros concellos.

De todas as maneiras o acordo foi adoptado co voto unánime do pleno da Deputación da Coruña, que entendeu o caso particular de Ferrol, polo que non se comprende o cuestionamento da decisión que fai o seu grupo na moción presentada no Pleno do Concello de Santiago.

De todas as maneiras, ante a crecente demanda do servizo por parte dos concellos, temos actualmente unhas 4.100 persoas usuarias, e sendo este crecemento progresivo por producirse máis altas que baixas de forma mensual, consideramos que en breve teremos que empezar a deixar solicitudes en lista de espera porque non podemos asumir a demanda. Como vostedes ben saben, os recursos públicos son limitados, polo



que sería de todo inviable incluír un concello coa poboación de Santiago.

Para finalizar, recórdolles que a Deputación non cobra este servizo e entendemos que os concellos asuman demanda dependencia que non lles corresponde. A intención é intentar coordinar este servizo coa Xunta de Galicia.

Moitísimas grazas.

Sr. Presidente

Algún rogo ou pregunta?

Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:09 horas.